Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 08/09/2022 10:53:47
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 77

Sesión plenaria
5 de abril de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 30782 (11/PNP-002660)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de axudas ao pequeno comercio no rural
Publicación da iniciativa, BOPG nº 281, do 23.02.2022

4.2 30969 (11/PNP-002681)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e catorce deputados/as máis
Sobre a extensión por parte da Xunta de Galicia do protocolo de xestión integral da demanda en equipo (XIDE) a todos os centros de atención primaria
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 281, do 23.02.2022

4.3 32136 (11/PNP-002771)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e trece deputados/as máis
Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias da crise económica derivada do conflito en Ucraína
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

4.4 32195 (11/PNP-002777)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da posta en marcha de determinadas medidas urxentes para minimizar as consecuencias socioeconómicas da invasión de Ucraína nas empresas e nos cidadáns, así como sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia de medidas propias no ámbito das súas competencias
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 292, do 16.03.2022

4.5 32231 (11/PNP-002782)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autovías AG-55 e AG-57
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 32312 (11/PNP-002789)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan estratéxico sobre o desenvolvemento da vivenda protexida dos polígonos 1, 2 e 3 de Navia, en Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

Punto 5. Interpelacións

5.1 31861 (11/INT-001578)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

5.2 32289 (11/INT-001607)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre a situación do sector pesqueiro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

5.3 32330 (11/INT-001610)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 33040 (11/POPX-000063)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas de apoio aos sectores estratéxicos galegos que pensa poñer en marcha o Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 300, do 29.03.2022

6.2 33042 (11/POPX-000064)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a situación do Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 300, do 29.03.2022

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 31933 (11/POP-004678)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis
Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para presentar un proxecto de lei do xogo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

7.2 31982 (11/POP-004682)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada nos concellos da comarca da Barbanza
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

7.3 33041 (11/PUP-000248)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as previsións do Goberno galego respecto de atender as alegacións do Concello de Cambre en relación co trazado da vía ártabra
Publicación da iniciativa, BOPG nº 300, do 29.03.2022

7.4 29438 (11/POP-004415)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis
Sobre os principais factores que teñen contribuído a reducir a taxa de abandono escolar nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022

7.5 33039 (11/PUP-000247)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre as axudas en materia de vivenda dirixidas a mulleres en situación de violencia machista
Publicación da iniciativa, BOPG nº 300, do 29.03.2022

7.6 30875 (11/POP-004572)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e catro deputados/as máis
Sobre os motivos da inacción da Xunta de Galicia ante os impagos da empresa de seguridade privada dos hospitais públicos de Valdeorras e Verín aos seus traballadores
Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.7 32438 (11/POP-004730)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reformulación do modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios de participación na prevención e defensa contra os incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

7.8 32536 (11/PUP-000244)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto da sentenza emitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ante o recurso contencioso-administrativo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico contra a Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente saúda os representantes da Fundación do Secretariado Xitano e un grupo do concello da Cañiza presentes na tribuna. (Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas de apoio aos sectores estratéxicos galegos que pensa poñer en marcha o Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 11.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 12.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 15.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 18.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 21.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura a unha declaración institucional, que é aprobada por asentimento, en relación co *Día Internacional do Pobo Xitano.* (Páx. 23.)

Alteración da orde do día. Acumulación, para o seu debate conxunto, de dúas proposicións non de lei.

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia a decisión de acumular as proposicións non de lei que figuran na orde do día como puntos 4.3 e 4.4 para a súa formulación conxunta. (Páx. 24.)

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e trece deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias da crise económica derivada do conflito en Ucraína. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da posta en marcha de determinadas medidas urxentes para minimizar as consecuencias socioeconómicas da invasión de Ucraína nas empresas e nos cidadáns, así como sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia de medidas propias no ámbito das súas competencias. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 25.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 33.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 35.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 39.)

O señor Álvarez Martínez (S) (Páx. 44.) *e o señor Puy Fraga (P)* (Páx. 45.) *interveñen para posicionarse respecto das emendas.*

Proposición non de lei do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autovías AG-55 e AG-57. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 47.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 50.) *e Sr. Calvo Pouso (P).* (Páx. 53.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 56.)

O señor presidente solicítalle ao señor Bará Torres (BNG) que retire determinadas expresións do seu discurso que entende que afectan a dignidade do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ante a negativa do señor Bará Torres, o señor presidente procede á súa retirada e chama á orde ao señor deputado. (Páx. 58.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan estratéxico sobre o desenvolvemento da vivenda protexida dos polígonos 1, 2 e 3 de Navia, en Vigo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 59.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 64.) *e Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 67.)

Nova intervención da señora Fernández Gómez (BNG). (Páx. 71.)

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de axudas ao pequeno comercio no rural: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

A señora Amigo Díaz (P) le o texto transaccionado sobre a segunda proposición non de lei da orde do día, que se pon a votación a continuación. (Páx. 74.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Encarnación Amigo Díaz e catorce deputados/as máis, sobre a extensión por parte da Xunta de Galicia do protocolo de xestión integral da demanda en equipo (XIDE) a todos os centros de atención primaria: *aprobado por 54 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.* (Páx. 74.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e trece deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias da crise económica derivada do conflito en Ucraína: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da posta en marcha de determinadas medidas urxentes para minimizar as consecuencias socioeconómicas da invasión de Ucraína nas empresas e nos cidadáns, así como sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia de medidas propias no ámbito das súas competencias: *aprobada por 41 votos a favor, 32 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autovías AG-55 e AG-57: *rexeitada por 31 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan estratéxico sobre o desenvolvemento da vivenda protexida dos polígonos 1, 2 e 3 de Navia, en Vigo: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Rivera e Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 76.)

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 79.)
Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 83.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 85.)

Interpelación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 87.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 90.)
Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 93.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 95.)

O señor presidente comunica unha alteración da orde do día. (Páx. 96.)

Alteración da orde do día

Pregunta de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da reformulación do modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios de participación na prevención e defensa contra os incendios forestais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 96.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 97.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 99.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 99.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para presentar un proxecto de lei do xogo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 101.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 102.)
Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 104.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 105.)

Pregunta de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada nos concellos da comarca da Barbanza. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 106.)

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 107.)
Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 108.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 109.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto de atender as alegacións do Concello de Cambre en relación co trazado da vía ártabra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 110.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 111.)
Réplica do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 112.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 113.)

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os principais factores que teñen contribuído a reducir a taxa de abandono escolar nos últimos anos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 114.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 115.)
Réplica do autor: *Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 116.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 117.)

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas en materia de vivenda dirixidas a mulleres en situación de violencia machista. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 118.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 119.)
Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 120.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 121.)

Pregunta de Dª María González Albert e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos da inacción da Xunta de Galicia ante os impagos da empresa de seguridade privada dos hospitais públicos de Valdeorras e Verín aos seus traballadores. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 122.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 123.)
Réplica da autora: *Sra. González Albert (BNG).* (Páx. 124.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 125.)

Remata a sesión ás cinco e catorce minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiníciase a sesión.

Antes permítanme que saúde os nosos invitados que están na tribuna, entre os que se atopan os representantes da Fundación do Secretariado Xitano —logo darei lectura a unha declaración institucional co acordo ao que chegaron os tres grupos— e tamén un grupo do concello da Cañiza.

E, sen máis, empezamos xa co punto sexto da orde do día, o de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas de apoio aos sectores estratéxicos galegos que pensa poñer en marcha o Goberno galego

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señor presidente da Xunta de Galicia. Trasladámoslle hoxe a fonda preocupación do Partido Socialista de Galicia polo escenario no que se atopa a nosa comunidade autónoma, unha situación que podemos cualificar de alarmante. Mire, señor Núñez Feijóo, somos a décimo primeira comunidade autónoma en salario medio anual, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística —se o quere, que o verifique o seu gabinete de comunicación—. Somos a décima comunidade autónoma en taxa de pobreza, por riba da media nacional, cun 22,1 %. Galicia é a décima comunidade autónoma en PIB por habitante. Somos a décimo oitava —incluíndo as cidades autónomas de Ceuta e Melilla; polo tanto, a segunda pola cola— en taxa de actividade. Repito, a segunda pola cola. Galicia ten peor dato de IPC no pasado mes de febreiro que o conxunto de España. E isto, señor Núñez Feijóo, non é unha singularidade, é unha tendencia. Por sectores —por poñer soamente un exemplo— o incremento do prezo da vivenda é catro puntos superior ao do conxunto do Estado.

E estes son só algúns dos indicadores do que vostede foi quen de facer en trece anos de goberno, cun modelo que o único que fixo foi empobrecer as galegas e os galegos. E con estes vimbios, no peor momento que vive a comunidade autónoma na súa historia recente, o presidente da Xunta de Galicia estivo máis dun mes facendo campaña electoral, paseándose —enténdaseme ben— por España e presentando os seus méritos ante o país como un gran xestor. Pero, mire, todo o anterior ao que lle acabo de facer referencia é previo á crise provocada pola guerra de Ucraína. Onte, a señora Gamarra dicía: «É urxente que saquemos este país de onde está». E francamente creo que se refería a Galicia.

Pero dígame, señor Núñez Feijóo, ¿que fixo vostede do que anunciou para dar resposta ás consecuencias derivadas da guerra de Ucraína? Anunciou unha serie de medidas na súa com-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

parecencia no pleno de hai dúas semanas: novas liñas de avais do Igape, préstamos directos para a industria manufactureira, mecanismos para flexibilizar os préstamos, un bono de enerxía para pemes, un bono-turismo de reactivación, axudar as familias no prezo enerxético... ¡Canto anuncio, señor Núñez Feijóo! *(O señor Álvarez Martínez amosa dous documentos desde o estrado.)* Mire, este é o *Boletín Oficial do Estado* que publica as medidas urxentes que adoptou o Goberno de España para facer fronte a esta situación. E este é o *Diario Oficial de Galicia* que contén as súas medidas. ¿Pode vostede velas? Eu tampouco as podo ver. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señor Feijóo, ¡canto anuncio e que pouco produto! A axenda institucional do presidente da Xunta de Galicia durante as últimas dúas semanas estivo case baleira. E, pola contra, a axenda do candidato— hoxe presidente do Partido Popular— estivo centrada de cheo na súa campaña de imaxe persoal e para confrontar co presidente do Goberno do Estado. ¡Nin un só conselleiro, señor Núñez Feijóo, de garda esta fin de semana en Galicia!, o que evidencia unha Xunta de Galicia ausente, como dicía antes, no peor momento da nosa comunidade autónoma.

¿Cal é a explicación? Están vostedes máis preocupados polo ascenso e pola sucesión do señor Núñez Feijóo que polos problemas das galegas e dos galegos. E a miña pregunta é: ¿cales son as solucións propostas pola Xunta de Galicia e polo seu gran xestor ante a enorme crise que estamos a vivir? Porque vostede, señor Núñez Feijóo, non foi capaz de trasladar unha soa proposta ao Goberno do Estado para incluír no plan nacional fronte á espiral inflacionista e porque vostede, señor Núñez Feijóo, non foi capaz de concretar os impostos que lle reclama ao Goberno do Estado. Vostede nin sabe facelo nin ten intención de facelo. E iso reforza a idea que temos: que vostede é un líder con pouco criterio para aportar medidas construtivas e con moita publicidade para facer propostas que na práctica non conducen a ningunha solución concreta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ¿Diría vostede, señor Núñez Feijóo, que con estes antecedente se debuxa un proxecto solvente para alguén que aspira a ser, lexitimamente, alternativa ao Goberno do Estado? Defrauda vostede as galegas e os galegos no seu compromiso con esta terra. Presentouse hai un ano e medio ás eleccións poñendo Galicia como o máis importante, e hoxe, señor Núñez Feijóo...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—remato, señor presidente— ese «Galicia, Galicia, Galicia» transformouse en Galicia, Andalucía e un chisquiño de Madrid.

¿Que vai facer, señor Núñez Feijóo, para facer fronte á situación neste [...]? *(O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Resposta do presidente da Xunta.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA(Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Quixera, en primeiro lugar, saudar a Fundación do Secretariado Gitano. Para nós é unha honra que estean vostedes no Parlamento. Quero dicirlles que «saúde é liberdade», que entendo que é o seu marchamo e que nós compartimos. Moitísimas grazas tamén aos rapaces e rapazas do colexio da Cañiza por honrarnos tamén coa súa presenza na Cámara.

Señor Álvarez, non sei exactamente en que consiste a pregunta nin tampouco sei exactamente cal é o seu posicionamento. Non sabía, por un momento, se vostede quere ir ao Congreso dos Deputados, se prefire ir ao Senado ou simplemente ten vostede un batiburrillo na cabeza que non sabe realmente se representa a Galicia, o Partido Socialista, o señor Sánchez, os ministros de Sánchez ou simplemente un deputado da oposición. Pero vostede saberá exactamente o que di.

En taxa de pobreza en Galicia levamos toda a lexislatura por debaixo da media en España. O prezo do incremento da vivenda —en prezo por metro cadrado— está por debaixo da media de España. E, de feito, as vivendas en Galicia son bastante máis baratas que na media de España.

E en relación co compromiso e cos resultados en Galicia, pois Galicia é a comunidade autónoma que máis converxeu en renda de toda España dende o ano 2009 ata o ano 2020. Polo tanto, esa apocalipse que vostede concreta debe ser máis propia dun fin de ciclo electoral que dun período normal, que é o que estamos vivindo dende o punto de vista dun goberno que aínda non chegou ao ecuador da lexislatura.

Fala vostede de asuntos e bota peito do que fixo o Goberno de España. O Goberno de España o que fixo foi incrementar un 40 % a inflación en España en relación cos socios da Unión Europea, ¡un 40 %! O Goberno de España, pola súa soberbia, por non falar con ninguén, o que causou foi a maior crise do transporte que vivimos nos últimos vinte (...) *(Palabra inaudible por problemas no rexistro de gravación.)*, con desabastecemento dos supermercados, con peixe que quedaba nas lonxas, con pensos que non chegaban ás granxas, con forraxes que poñían en risco a vida dos animais e cuns prezos desorbitados na alimentación. E veñen aquí a dicir que o que temos que copiar é o Goberno de España. Non, señoría, eu pido que nunca neste Parlamento se copie o actual goberno socialista de Madrid. *(Aplausos.)*

Señorías, comparecín nesta Cámara o día 22 de marzo por proposta da oposición. Levamos dous consellos adoptando decisións, efectivamente. Este mes de abril pagamos a 66.000 familias un bono térmico por máis de 250 euros —ata 425— por familia, cousa na que o Goberno de España paga cero. Comprometemos medidas para a liquidez do sector gandeiro. Fomos a primeira comunidade autónoma en aprobar unha indemnización igual á eliminación das taxas portuarias. Fomos a primeira comunidade autónoma en inxectar ao transporte por carretara o impacto que supuxo o incremento do prezo do gasóleo. Mobilizamos 140 millóns de euros en liñas de avais e en préstamos directos para a industria galega. E estamos incrementando a ampliación dos pagos dos préstamos. Hoxe mesmo sae no DOG —lamento que vostede non mire o DOG— o bono-enerxía para pemes, que supón ata 6.000 euros por persoa para facer investimentos e reducir os prezos da luz. Efectivamente, inxectamos un bono turístico e asumimos as prioridades no ámbito do vacún, tanto de leite como de carne.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Levamos dous consellos tomando decisións, comparecendo na Cámara, e vostedes simplemente creando folgas, creando conflitos, creando desabastecementos e dicíndolles ás gasolineiras que teñen que adiantar o diñeiro que vostedes son incapaces de adiantar e colapsando a Axencia Tributaria. Nunca na vida se colapsou a Axencia Tributaria ata que chegaron vostedes. Polo tanto, ¿que quere?, ¿quere que copie a falta de sensibilidade do Goberno de España?, ¿quere que copie as políticas económicas que supoñen un incremento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...da inflación de dous díxitos? Realmente, señoría, ¿quere que copie as malas prácticas?

Señor Álvarez, que cada un exerza as súas competencias. Dígame unha comunidade autónoma do Partido Socialista que tomara algunha medida máis ambiciosa das que tomou o goberno do Partido Popular en Galicia, ¡unha soa! Tráiame unha proposta das comunidades socialistas en relación con este asunto.

Fala vostede dos impostos. Pero realmente ¿vostede non sabe que nós baixamos o imposto da renda das persoas físicas na Lei de presupostos —aprobámola no mes de decembro— e que o imposto da renda das persoas físicas se baixou en Galicia para todas as familias durante este ano 2022?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡E di que non baixamos o imposto da renda! Baixamos o imposto da renda, o imposto de transmisións patrimoniais e o imposto de patrimonio co «non» do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. ¿Como é iso de que nós propoñemos baixar impostos e non o facemos, se os primeiros en baixar os impostos fomos, neste Parlamento, o Grupo Parlamentario Popular?

Señor Álvarez, con todos os respectos, cumprir os pactos significa baixar os impostos. Ese pacto está solemnemente asinado na Conferencia de Presidentes. Se vostedes non baixan os impostos, incumpren o pacto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se non falan cos transportistas, incrementan a tensión nas carreteras e nos abastecementos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor presidente. Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E o que hai de momento, señor Álvarez, é un goberno que é o goberno máis lento de Europa coa peor política económica de Europa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Núñez Feijóo, non se preocupe por min, non se preocupe por se quero estar no Congreso dos Deputados, se quero estar no Senado... Estou ben aquí. Vostede non, esa é a diferenza. *(Aplausos.)* Eu estou ben no Parlamento de Galicia facendo aquilo para o que me votaron, que é defender, desde o criterio do Partido Socialista de Galicia, as mellores políticas para as galegas e os galegos. Vostede xa non está aquí. Está de corpo presente, pero a súa mente non está no Parlamento de Galicia nin está en Galicia desde hai tempo. *(Aplausos.)* Iso non é ningunha novidade.

Señor Núñez Feijóo, eu non son responsable dos datos que lle dei e que son datos oficiais, vostede si, esa é a diferenza. Vostede é o presidente da Xunta de Galicia —seguramente non por moito tempo, e xa veremos como remata este pleno e se nos enfrontamos a algún anuncio espectacular ou non, iso xa dependerá de vostede—. Pero, mire, vostedes, como é habitual, hai quince días —podemos recordar algunha intervención encendida— foron tremendamente apocalípticos. Hai quince días o país estaba nunha situación —segundo algún de vostedes— absolutamente irresoluble. Hoxe non, esa é a realidade. Xa o quixera ver a vostede dirixindo o Goberno do Estado e ver que solucións arbitraba para resolver todas as problemáticas. *(Murmurios.)* Xa o quixera ver, si, si, porque evidentemente todos sabemos cal ía ser a solución que ía adoptar: evidentemente unha contención de gasto público. E sabemos a custa de que medidas.

Mire, nos últimos consellos da Xunta de Galicia, o único que vostedes fixeron foi ler e aprobar informes. Pero medidas concretas xa me dirá vostede cales. ¿Que ocorre, señor Núñez Feijóo? Non esperaba outra cousa. Vostede non dá resposta a ningunha das cuestións que lle formulei, porque, evidentemente, todo o problema está no Goberno do Estado. Vostede non é o presidente dunha comunidade autónoma cun amplísimo nivel de competencias estatutarias. Eu pregúntome a quen debo dirixirme entón, ¿ao señor Rueda? Vostede, señor Núñez Feijóo, non está pensando xa nos problemas das galegas e dos galegos.

E lamento moito que todas as medidas que se adoptaron por parte do Goberno do Estado non sexan satisfactorias para vostede. Resulta que son satisfactorias para a sociedade a quen están dirixidas, e aí si dan solución aos problemas. Evidentemente, que se solucionen os problemas para a cidadanía galega e española é un problema para o Partido Popular. Iso tamén o sei, é o abecé. Pero a cuestión é que todas esas medidas que se tomaron van resolver os problemas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: A cuestión é —remato—, señor Núñez Feijóo, que vai vostede deixar agora o Goberno. En realidade deixouno hai uns meses. Pero, mire, señor Núñez Feijóo, esta que lle acabo de expoñer é a realidade e é un triste resumo para unha tan longa singradura.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche desta pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Con toda cordialidade, señor Álvarez, di que lle gustaría verme presidindo o Goberno de España *(Murmurios.) (Pronúnciansе palabras que non se perciben.) (Risos.)*. Bueno, pois, señor Álvarez, iso ten que decidilo o conxunto dos españois, pero agradézolle o seu apoio incondicional e solemne nesta Cámara. *(Aplausos.)*

Certamente, señoría, o que non faría nunca é mentirlles aos españois *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* e non sacaría un real decreto lei cun título dicindo: *Medidas para paliar la crisis de la guerra de Ucrania*. Iso non o vou facer nunca, señoría. Enganar a xente, enganar a toda a xente e enganala a conciencia non forma parte de ningún político con conciencia. *(Aplausos.)*

Señoría, antes das súas políticas, que nos levaron a este incremento exponencial da débeda pública, a esta falta de previsibilidade nos prezos da enerxía, a esta frivolidade nas políticas de transición enerxética, vostedes pecharon Alcoa, Vestas foise de Galicia, pecharon as centrais térmicas. Na automoción están facendo PERTE que non valen para os grandes construtores de automoción. Vostedes están pechando a única industria forestal de pasta de papel que ten Galicia. Vostedes teñen un incremento histórico do prezo da luz como nunca en corenta anos de democracia, e levamos unha inflación que é a máis grande dos últimos trinta e cinco anos. Esta é a súa política económica e vostede ¿vénme dar lecciónsde política económica?

Dime que, desde que aprobaron este real decreto lei, xa se solucionaron todos os problemas de España, aínda que ninguén cobrou un euro dese real decreto lei salvo a xente das gasolineiras, que teñen que adiantar diñeiro porque vostedes son incapaces de facer as cousas cun mínimo de rigor e de planificación.

Señoría, as propostas que aprobou a Xunta de Galicia mobilizan 500 millóns de euros —exactamente 504,5 millóns de euros—. Comprendo, señorías, que a vostedes isto non lles importe. Vostedes non veñen facer control do Goberno da Xunta, vostedes veñen facer unha campaña en favor do Partido Socialista Obreiro Español. Ese é un problema constante e continuo das súas políticas, son realmente a sucursal do Partido Socialista Obreiro Español en Galicia. E o problema do Partido Socialista en Galicia é que non é útil a Galicia. E agora resulta, señoría, que nesta última réplica insiste vostede en apoiar o que non ten apoio posible.

Reitérollo: vostedes gobernan en moitas comunidades autónomas. ¿Pode dicirme algunha proposta dalgunha comunidade autónoma socialista que sexa mellor que as propostas que aprobou este Goberno? Ningunha. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* ¿Valencia? Señoría, por favor, con todos os respectos... Vamos ser respectuosos con outros parlamentos autonómicos, pero, mire, levamos na Xunta de Galicia baixando 1.100 millóns os impostos aos galegos. Acabamos de adoptar outra decisión a finais do pasado ano volvendo baixar a renda de todos os galegos, e hoxe os galegos pagan 400 euros menos de renda que cando vostedes gobernaban —403 euros menos de renda que cando vostedes gobernaban—. *(Murmurios.)* E vos-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tedes sempre votando en contra cada vez que baixamos os impostos á xente, cada vez que lle deixamos un pouco máis de diñeiro nos seus petos. E agora vénme dar lecciónns de baixar os impostos. Pero, señorías, grazas aos petos dos galegos e do conxunto dos españois recadáronse 60.000 millóns máis de euros de IVE o pasado ano. ¿Sabe por que? Porque todo subiu un 7 %. E, polo tanto, a recadación sobre unha base impoñible que sobe segue subindo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E en vez de deixarlle o diñeiro á xente, que ten que incrementar o esforzo para comprar máis caro e, en consecuencia, pagar máis impostos, vostedes seguen utilizando os impostos para facer unha política de coalición cun goberno populista e cuns socios absolutamente independentistas. *(Risos.) (Murmurios.)* É dicir, que necesitan todo o diñeiro posible para poñelo nos seus territorios. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, comparecín na Cámara, tomamos decisións en dous gobernos consecutivos e di que non adoptamos ningunha decisión, só informes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Pero nin sequera escoita vostede nin le o que aprobamos no consello? ¿Parécelle que catro proxectos de lei son informes? ¿Catro proxectos de lei en cinco semanas son informes?

Mire, señoría, con todos os respectos, señor Álvarez, creo que hoxe non é o seu mellor día, dígollo con total cordialidade. En todo caso, si lle agradezo o seu apoio para experimentar o que ocorrería se fose presidente do Goberno.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Agradézollo moito, de corazón. Pódolle asegurar que nunca lles mentiría aos españois.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do Goberno galego

A se**ñora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día, señorías.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Quero tamén darlles a benvida á Fundación Secretaría do Xitano e ao alumnado da Cañiza, que hoxe nos honran aquí coa súa presenza.

E, señor Feijóo, quero felicitalo como novo presidente do Partido Popular. Vostede elixiu perseguir as súas ambicións persoais e políticas e, como non, faltaría máis, é libre para facelo. Pero é que, por riba de calquera ambición persoal, ou calquera ambición política, ten que estar o respecto a Galiza. E vostede fáltalle ao respecto a Galiza manténdose como presidente da Xunta pero ocupándose dos asuntos do Partido Popular e cun goberno paralizado, que non lles está dando respostas aos galegos e ás galegas na peor crise de prezos en trinta e sete anos, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Porque cando os barcos estaban amarrados ou a xente estaba tirando leite ou vía como lle podrecía o peixe, ¿onde estaba, señor Feijóo? Vostede estaba de mitin en mitin do Partido Popular e facendo o que mellor se lle dá, que é botar balóns fóra, buscar culpables e non ser capaz de dar solucións. Porque, por moita propaganda, hai unha cousa que é real: non tomou ningunha medida de calado, ningunha solución aos problemas que hai neste país, ¡nada de nada, señor Feijóo!

E volveuno dicir agora: a súa gran aportación é baixar os impostos, pero baixarlles os impostos aos que máis teñen, que é o que leva feito o Partido Popular ao longo destes trece anos. *(Aplausos.)* E mentres lles baixaba os impostos aos que máis teñen, triplicaba a débeda pública, recortaba en sanidade, educación e servizos públicos, permitía que se fixese negocio co dereito a unha vellez digna, que emigraran douscentos mil mozos e mozas ou que se perdesen miles de empregos na industria, na pesca ou no agro. Iso si, vostede segue insistindo nesa vella receita fracasada da dereita que é baixar os impostos pero non quere oír falar de subirlles os impostos ás eléctricas. *(Aplausos.)* Porque si que hai quen se forra nesta crise: os amigos do Partido Popular.

É evidente que vostede xa cumpriu a súa gran ambición persoal, é evidente que vostede xa está instalado en Madrid por máis que siga formalmente como presidente da Xunta, e é evidente que para vostede Galiza non é máis ca un slogan electoral —hoxe caducado—. Eu non sei se esta será ou non a súa última sesión de control neste Parlamento, señor Feijóo, pero creo que, por unha vez, por respecto á cidadanía deste país, debe aclarar até cando vai manter un goberno interino e paralizado na Xunta de Galiza.

Non sei se nos responderá. En todo caso hai unha cousa que está moi clara, e é que, por primeira vez na nosa historia, os galegos e galegas non terán un presidente que elixiron, terán un presidente nomeado a dedo, nomeado por un dedazo de vostede, señor Feijóo —sempre e cando sexa capaz de cadrar o sudoku interno das baronías do Partido Popular—. *(Aplausos.)* Este, señor Feijóo, é o seu broche. Así vai pechar trece anos, cando nos deixa unha Galiza en peor situación da que vostede atopou. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Menos mal, señoría, que os rapaces da Cañiza tamén se dan conta de todas as cousas que di vostede.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Onde estabamos durante a folga do transporte? Vostedes gobernando co Partido Socialista, nós abrindo corredores seguros para poder sacar víveres das lonxas *(Aplausos.)* e para poder abastecer as granxas e poder manter a vida dos animais, *(Aplausos.)* vostedes sendo socios do responsable da folga de transporte por non falar cos transportistas e vostedes dicindo unha cousa acá e outra acolá.

Na débeda pública somos a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública, e ter que escoitar isto é algo absolutamente sorprendente.

Di que neste Parlamento non vai haber un presidente elixido polo pobo. Señoría, esta falta de respecto á democracia parlamentaria de Galicia ¿a que se debe? ¿É que acaso os presidentes que estiveron que non foron do PP gañaron algunha vez as eleccións? *(Murmurios.)* ¿É que acaso eses dous presidentes, un en moción de censura e outro despois de perder as eleccións, non foron elixidos por este Parlamento sen ser os máis votados nas urnas? Señora Pontón, deixe de enganar a xente, porque ata o último instante vostede vai seguir insistindo en enganar, en enganar, coma se a xente non se dese conta e non se decatase realmente de que Galicia merece un goberno que elixiu libremente nas urnas. E as urnas dixeron que o Goberno era do Partido Popular. Dixérono no ano 2009 e ségueno dicindo hoxe. E haberá un goberno do Partido Popular cun presidente ou cunha presidenta do Partido Popular de Galicia ata o ano 2024, señoría. *(Aplausos.)* Ese é o resumo do resumo democrático do país.

Señorías, evidentemente que asumir responsabilidades orgánicas dun partido nacional... *(Murmurios.)* Vostede tamén di que é responsable dun partido nacional. Estamos empatados. *(Risos.)* Mire, señoría, como decidín asumir esas responsabilidades por responsabilidade orgánica e por responsabilidade con España, tamén decidín non compaxinalas coas de presidente da Xunta de Galicia. E esa é unha decisión firme que fixen pública hai meses. Levo corenta e oito horas como presidente do Partido Popular e leva vostede pedindo o meu cese desde antes nin sequera de presentarme. É máis, leva vostede dicindo que o meu obxectivo era ir a Madrid desde o ano 2003. Comprenderá que está moi caducado o seu discurso apocalíptico unha vez máis. *(Aplausos.)*

Pero quixera simplemente dicirlle, señora Pontón, que as cousas hai que reflexionalas e facelas ben. ¿Recorda cando vostede abriu un proceso de reflexión para ver se ía ser ou non portavoz do BNG? Deixounos absolutamente intranquilos a toda Galicia. *(Murmurios.)* Abriu un proceso de reflexión no mes de agosto que pechou no mes de outubro, e a verdade é que ninguén se meteu con vostede. O BNG non entrou en crise. *(Murmurios.)* Non, non, se quere volver abrir outro proceso de reflexión, volva abrilo. *(Murmurios.)* O que si lle digo é que vostede, desde o mes de agosto ata o mes de outubro, estivo reflexionando se quería ou non ser líder do BNG. E eu non vou esgotar eses meses, señoría. Eu en semanas asumo a miña responsabilidade con Galicia, e a miña responsabilidade con Galicia neste momento é deixar paso a un compañeiro ou a unha compañeira do Partido Popular de Galicia. Esa é a miña responsabilidade e sempre cumprín as miñas responsabilidades co país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por iso o país, cada vez que tiven ocasión de poñerme á súa disposición, me deu ese voto de confianza.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, aprobamos catro leis nestes meses, ¡catro! Melloramos todos os servizos públicos con decisións cada unha delas meditada, aprobamos o Plan estratéxico da economía galega ata o ano 2030. Por tanto, señoría, con nós as reflexións persoais nada teñen que ver co funcionamento ordinario do Goberno. Pero, como vostede pode imaxinar, eu estou acostumado a que me critiquen por todo. Despois de trece anos de críticas por todo, comprenderá que isto é simplemente unha (...) *(Palabras inintelixibles na gravación.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Feijóo, eu lamento que ata no último instante vostede teña que vir a este Parlamento primeiro a enfadarse e, segundo, a faltar sempre ao respecto persoal. *(Fortes murmurios.)* Desde logo a min non me vai ter nunca nesa política. *(Aplausos.) (Proseguen os murmurios.)*

Si, si, e, en fin, xa vemos que a culpa de todo o que pasa no Estado español é do BNG. É que é un nivel argumentativo, señor Feijóo, que, desde logo, deixa en evidencia que vostede non está tan contento co que está facendo o seu goberno. Porque vén acabar os seus últimos momentos aquí como presidente da Xunta facendo de oposición da oposición, de oposición ao BNG, en vez de explicarnos o que fixo realmente para axudar a xente neste momento, e non con propaganda, senón con medidas reais. Porque o certo, señor Feijóo, é que nin unha soa medida chegou ás familias e ás empresas deste país. O único que ven é á súa propaganda día tras día.

E claro que hai moitas alternativas que se poderían poñer en marcha. E eu quero deixarlle aquí para o seu sucesor as propostas do BNG.

Primeiro, unha tarifa eléctrica galega, porque os deste banco azul son os únicos que non entenden que os galegos e as galegas temos que beneficiarnos da riqueza eléctrica do noso país. *(Murmurios.)*

Segundo, axudas urxentes que cheguen a todos os sectores afectados.

Terceiro, subirlles os impostos ás eléctricas.

Cuarto, acabar cos beneficios caídos do ceo.

Quinto, señor Feijóo, baixar as peaxes das autoestradas.

E, sexto, subir as pensións máis baixas, o complemento das non contributivas e todas aquelas axudas, incluída a risga, que neste momento poden aliviar a situación de moitas persoas.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, señor Feijóo, como última cuestión, se me permite o presidente do Parlamento, é unha falta de respecto que non diga nesta Cámara e que non aclare xa canto tempo máis van manter un goberno interino e paralizado pendente da súa sucesión neste país. Eu creo que a única explicación é que vostede quere deixar todo atado e ben atado e que as augas do Partido Popular non teñen unha calma tan aparente como a que queren facer ver. *(Murmurios.)* Si, si, e o que nos volven demostrar é que poñen o Partido Popular por riba de Galiza. Porque hai unha cousa que se mantén entre o vello PP de Feijóo e o novo PP de Feijóo, e é que o Partido Popular sempre está por diante de Galiza. E os galegos e galegas, señorías, os galegos e as galegas poden ter a tranquilidade de que hai unha alternativa de futuro. *(Murmurios.)* Porque desde o BNG imos traballar, na oposición ou onde eles digan que temos que estar, para sacar este país adiante. Porque nós non temos que escoller... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: Non sei se podo seguir falando.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Si que pode.

¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: Si. ¿Saben por que? Porque nós non temos que escoller. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: Non, non. Estivemos, estamos e estaremos sempre en Galiza. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, ¿por que vostede se ofende cada vez que digo que vostedes gobernan co Partido Socialista? ¿Iso é unha falta de respecto ou simplemente é unha descrición da realidade? ¿Por que vostede me imputa a min o impacto inflacionista da economía cando sabe vostede que as políticas económicas dos seus socios son un disparate? ¿Por que non critica ao Partido Socialista dicindo que non é de recibo que España teña un 40 % máis de inflación que os socios da Unión Europea? ¿Por que, señoría, non asume vostede tamén a súa responsabilidade e lle di ao secretario xeral do Partido Socialista que mantén tres postos, ¡tres! —secretario xeral do Partido Socialista, alcalde do Concello das Pontes e presidente de todos os alcaldes da Coruña—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Realmente ¿por que non se atreve vostede a dicirlle ao seu socio o que me pide a min non tendo ningunha incompatibilidade?

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Realmente ¿por que plantexa vostede un discurso tan cativo cando Galicia é tan grande? ¿Por que vén aquí dicir que nós podemos incrementar os impostos ás eléctricas cando sabe que é falso? ¿Por que vén dicir que os rapaces de Galicia se van cando desde que chegamos ao Goberno hai máis rapaces —de 18 a 34 anos— que voltaron a Galicia dos que se foron? ¿Por que tanta política pequena e cativa? ¿Por que non é capaz vostede simplemente de aceptar as regras democráticas de que vostedes non é que non poidan elixir senón que é que vostedes perden as eleccións porque Galicia non os elixe? E cando tiveron ocasión de gobernar Galicia, aínda perdendo as eleccións e cando a este grupo parlamentario lle faltou un escano para a maioría absoluta, elixían presidente e dicían que era o presidente máis democrático do país porque o elixía o Parlamento. E agora resulta que o Parlamento non pode elixir o presidente dun goberno e dun grupo parlamentario que gañou contundentemente as eleccións. ¿Por que as súas prácticas son democráticas e os que gañamos as eleccións non podemos exercer a democracia, a Lei da Xunta e o seu presidente e o Regulamento da Cámara? ¿Por que o nacionalismo galego é así? *(Murmurios.)* ¿Por que, señoría? *(O señor presidente da Xunta de Galicia le un documento.) «Pontón abre un período de reflexión para decidir si sigue al frente del BNG».* Dous meses reflexionando. Eu levo setenta e dúas horas como presidente do Partido Popular e resulta que nin sequera podo reflexionar. *(Risos.) (Murmurios.)*

¡¿Pero, señoría, realmente isto é unha broma ou vostede cre que os galegos seguimos sendo parvos cando non votamos o BNG?! Con todo os respectos... Mire: *«Pontón: Voy a dar lo mejor de mí para tener una alternativa».* Paréceme moi ben, señoría. Se vostede quería cota nas augas tranquilas do BNG, xa ve que non a conseguiu. Porque vostede é a portavoz do BNG —*fin de la cita*—, pero as políticas do BNG vostede non as leva, vostede leva a portavocía. E este Goberno leva as políticas do Goberno e este Goberno goberna. Leva gobernando durante todo o tempo e vai seguir gobernando con tranquilidade, con mesura, con respecto e poñendo a Galicia por riba de todo, señora Pontón. *(Aplausos.)* ¡Por riba de todo!

Mire, señoría, se vostede cre que non lle teño respecto a Galicia, ¿por que cre que estou disposto a deixar o posto máis importante que tiven na miña vida? Porque lle teño respecto a Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Por que cre que entendo que ser presidente da Xunta ten que ser a tempo completo, e sen perder un minuto en ningún plantexamento distinto? Porque lle teño respecto a Galicia. ¿Por que cre que, despois de que os galegos nos votaran durante catro lexislaturas de forma consecutiva, incrementando os apoios e a porcentaxe de voto e, polo tanto, a confianza, non lle vou roubar nin un minuto a Galicia? Porque para min Galicia é todo. ¿Por que cre, señoría, que fun presidente da Xunta e sigo sendo presidente da Xunta? Porque os galegos me votaron. ¿E non lle parece razoable que o partido que voten os galegos, ese partido, teña que tomar decisións cando considere oportuno?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero, en todo caso, señora Pontón, vostede non me vai propoñer nin me vai marcar o que teño que facer, porque levo facendo o que considerei oportuno para Galicia durante moito tempo e os galegos avalárono. E como vou seguir facendo o que considero oportuno, vou seguir traballando co mesmo compromiso, co mesmo rigor e coa mesma seriedade co país. E vou asumir as miñas responsabilidades, pero díxeno cando empezou a soar que era candidato, du-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rante a miña candidatura e vólvoo dicir hoxe, setenta e dúas horas despois de asumir a presidencia do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, non vou esgotar o tempo que vostede estivo reflexionando sobre se se presentaba ou non se presentaba para lideresa do BNG. Non, vostede adicou meses, eu vou adicar semanas. E, se quere un consello, señora Pontón, vaia preparando o debate de investidura, porque xa lle digo que nese debate de investidura un compañeiro do Partido Popular e este grupo parlamentario elixirá o presidente e vostede perderá outra vez o debate de investidura.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou dar lectura á declaración que antes comentei, e que di así:

«Celebramos, un ano máis, o 8 de abril, o Día Internacional do Pobo Xitano, unha celebración que conmemora o I Congreso Mundial Xitano, celebrado en Londres en 1971, no que se adoptaron os símbolos propios do pobo xitano: a bandeira azul e verde cunha roda vermella e o himno *Gelem Gelem*. En España foi en 2018, por petición do Congreso dos Deputados, cando tivo lugar o recoñecemento do 8 de abril como o Día do Pobo Xitano, así como o uso da bandeira e o himno xitanos.

O 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano, é o momento de nos comprometermos como sociedade, como país, coa plena igualdade dos xitanos e das xitanas, igualdade desde o recoñecemento da diversidade e do valor dunha identidade cultural propia que forma parte da nosa historia e da nosa cultura compartidas. Cada vez máis institucións e persoas se suman ano a ano a esta celebración nun xesto simbólico de recoñecemento. Pero, a pesar dos avances, os xitanos e xitanas seguen estando por detrás e a gran distancia do resto da sociedade no gozo de dereitos fundamentais, como o emprego decente, a educación de calidade, unha vivenda digna ou o dereito a non seren discriminados.

Un motivo de celebración deste 8 de abril é a aprobación o pasado mes de novembro da nova Estratexia nacional de igualdade, inclusión e participación do pobo xitano 2021-2030, un marco político específico que nace non só do recoñecemento da situación de desigualdade e discriminación da poboación xitana e da necesidade de dar unha resposta estrutural a esta situación, senón que tamén avanza no impulso da participación e do recoñecemento do pobo xitano na nosa sociedade e nas institucións.

Outro recente fito institucional de relevancia foi a posta en marcha da subcomisión para o estudo do pacto de Estado contra o antixitanismo e a inclusión do pobo xitano no Congreso dos Deputados e o inicio das comparecencias para a elaboración do informe que

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

permita alcanzar un pacto de Estado. Trátase de dous fitos moi relevantes que configuran o marco político e institucional para avanzar na igualdade, inclusión e participación do pobo xitano.

A celebración do Día Internacional do Pobo Xitano 2022 chega nun terrible contexto de conflito internacional, coa invasión militar rusa de Ucraína, e non podemos ignorar o que está a suceder nas fronteiras da Unión Europea. Por iso, este ano queremos que o 8 de abril constitúa tamén unha sentida homenaxe a todas as persoas que están a sufrir en primeira persoa as consecuencias desta guerra, tanto en Ucraína como nos países limítrofes, e especialmente á comunidade xitana ucraína, que sabemos que en moitos casos está a sufrir un trato discriminatorio.

O pobo xitano caracterízase pola súa solidariedade, pola súa unidade, pola súa identidade compartida e os seus vínculos máis aló das fronteiras. E sabemos que nas crises sempre ten máis dificultades quen está nunha situación de maior vulnerabilidade, como os xitanos e as xitanas. Por iso queremos apelar á solidariedade con todas as vítimas desta guerra, tamén co pobo xitano ucraíno, e compartir a reivindicación dunha sociedade xusta baseada nos dereitos e nas liberdades, nos valores democráticos, na igualdade de oportunidades e na cohesión social para o pobo xitano e para o conxunto da sociedade.

Vivimos nun contexto de dificultades —crise, pandemia, guerra—, pero que non pode supoñer un paso atrás nos avances que demos na garantía de dereitos e oportunidades para o pobo xitano en España e en Europa. Por iso os pasos que se van dando no recoñecemento institucional —e a conmemoración do 8 de abril é un deles— deben traducirse tamén en medidas concretas para reducir a desigualdade, loitar contra a discriminación e o antixitanismo e avanzar en dereitos e cidadanía do pobo xitano.

Feliz 8 de abril.» *(Apróbase por asentimento.)*

(Aplausos.)

Moitas grazas.

Ben, daríanse conta de que todos os portavoces dixeron —ao mellor non me entenderon ben— «un grupo escolar da Cañiza». Non era un grupo escolar da Cañiza, pero alégrome de que os fixeran novos por un día. Era un grupo do concello da Cañiza, e sexan benvidos ao Parlamento. *(Murmurios.)* Isto pásalle a calquera, queda xustificado. Non ten maior importancia.

Continuamos coa orde do día.

Alteración da orde do día. Acumulación, para o seu debate conxunto, de dúas proposicións non de lei.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Acumúlanse para efectos de debate as proposicións non de lei números 32.136 e 32.195, de acordo co establecido no artigo 162.2 do Regulamento.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e trece deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias da crise económica derivada do conflito en Ucraína

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da posta en marcha de determinadas medidas urxentes para minimizar as consecuencias socioeconómicas da invasión de Ucraína nas empresas e nos cidadáns, así como sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia de medidas propias no ámbito das súas competencias

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentouse unha emenda —unha autoemenda— do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia á primeira delas. E á proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular tamén se presentou unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz, Luis Manuel Álvarez Martínez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á súa proposición non de lei doc. núm. 32136.

Emenda de modificación, que quedará redactada co seguinte contido:

1. Plan de bonificación extraordinario de impostos de carácter autonómico aboados durante o exercicio 2022 relacionados directamente coa actividade desenvolvida para todas aquelas empresas, pemes, micropemes e persoas traballadoras autónomas directamente afectadas pola situación conxuntural.

2. Colaborar co Goberno de España para rebaixar a imposición sobre hidrocarburos, ben mediante a actuación sobre o Imposto Especial de Hidrocarburos, ben mediante a aplicación dun IVA a tipo reducido.

3. Demandar da Xunta unha redución no tramo autonómico do IRPF para aquelas persoas non obrigadas a presentar a declaración da renda, pero cuxos ingresos si están suxeitos a retención e negociar co Estado unha rebaixa paralela.

4. Un plan de axudas directas extraordinarias para empresas e persoas traballadoras autónomas afectadas por esta situación.

5. Plan de axudas específico para o sector marítimo pesqueiro e mar-industria.

6. Un plan de axudas directas extraordinarias para o sector agrario e gandeiro afectado polo incremento dos combustibles e insumos.

7. Reforzar orzamentariamente as axudas para as persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión social.

8. Incrementar a contía orzamentaria do bono social eléctrico e térmico para ampliar atención das persoas vulnerables ou en exclusión social no noso país.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

9. Redución das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica. Baixada das tarifas nun 75 % para os profesionais do transporte e nun 50 % para o resto dos usuarios.

10. Impulsar que o Goberno de España negocie coas concesionarias, nomeadamente a da AP-9, unha baixada similar nas autoestradas de titularidade estatal.

11. Compensar economicamente aos profesionais transportistas para que se alcance a completa bonificación das peaxes que non sexan de titularidade autonómica.

12. Rebaixa nas taxas da ITV (competencia da Xunta de Galicia). Redución das tarifas da inspección técnica de vehículos nun 75% para os profesionais do transporte e nun 50 % de media, con carácter progresivo, para o resto dos usuarios.

13. Exención das tarifas portuarias namentres non se acade unha recuperación efectiva do sector.

14. Que a Xunta, a través do IGAPE, habilite un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína, sempre vinculado a que non haxa despedimentos.

15. Identificación e impulso lexislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética a baixo custe tanto para ámbito doméstico como para o aprovisionamento industrial.

16. Impulsar dende a propia Administración autonómica un instrumento financeiro de participación e liderado no desenvolvemento de proxectos estratéxicos, como ocorreu con Reganosa.

17. Colaborar coa rede exterior na identificación de novos mercados para o aprovisionamento de cereais e outras producións que poden ver interrompido o subministro a causa da guerra.

18. Instar ao Consello Económico Social á elaboración urxente dun informe sobre o impacto que supón esta situación nos sectores prexudicados.

19. Simplificar até o máximo posible, dentro do marco legal permitido, todos procedementos administrativos e crear todas as estruturas precisas para facer efectivas as medidas anteriores.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Impulsar medidas inmediatas, no ámbito das súas competencias, para mitigar as consecuencias da suba disparada de prezos nos galegos e galegas e na economía, entre outras:

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) Impulsar a aprobación de axudas temporais e directas ao sector agrogandeiro e marítimopesqueiro afectado polo incremento dos custos de produción co fin de asegurar a súa supervivencia no inmediato; dotando este mecanismo con fondos propios cando non sexan suficientes outros medios que se poidan habilitar a nivel estatal e non cubran as nosas necesidades.

b) Impulsar o incremento da protección social dos galegos e galegas incrementando e actualizando ás novas circunstancias as principais axudas sociais, singularmente incrementando a contía da RISGA, das axudas deviolencia machista e pobreza enerxética (triplicando as contías destinadas a complementar o bono social eléctrico e o bono social térmico) e aumentando os limiares de renda para acceder a axudas públicas. Así mesmo, reformar de inmediato a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da RISGA co Ingreso Mínimo Vital así como para axilizar e facilitar a súa tramitación.

c) Incrementar de forma inmediata, en cando menos 100 euros, o complemento autonómico ás pensións non contributivas, conxelado desde hai máis dunha década.

d) Rebaixar as peaxes das autoestradas galegas así como a rebaixa e/ou incremento das bonificacións e descontos do transporte dependente da Xunta de Galiza para dar maior cobertura aos sectores máis vulnerábeis e favorecer a redución do uso dos vehículos privados.

2. Demandar do goberno central as seguintes medidas inmediatas:

a) Tomar medidas urxentes no ámbito enerxético orientadas a impulsar a intervención pública no mercado eléctrico e nos beneficios "chovidos do ceo" das eléctricas para limitar os prezos e impedir a especulación, contemplar a excepcionalidade de Galiza como contribuidora á produción enerxética, rebaixar a imposición da enerxía e do gas e desvincular o mecanismo de fixación dos prezos da electricidade no mercado maiorista da evolución do prezo do gas así como revisar o sistema de pool para que a retribución sexa con base a custos recoñecidos.

b) Aplicar, en diálogo coas comunidades autónomas, de medidas orientadas a manter os prezos dos hidrocarburos nos límites previos ao incremento na escalada de prezos que seguiu ao inicio da guerra, demandando a intervención

no control dos prezos e a rebaixa temporal da imposición dos hidrocarburos e diferenciar o consumo doméstico do profesional.

c) Demandar do goberno central a redución das peaxes das autoestradas galegas, a renuncia a novas imposicións neste ámbito e o incremento das frecuencias dos servizos ferroviarios e a rebaixa dos seus títulos de transporte.

d) Impulsar a negociación cos diferentes territorios de medidas urxentes para a contención da crise na súa afectación á industria electrointensiva, transporte, pesca, agrogandeiría e turismo.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, Pedro Puy Fraga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda de adición.

Débese engadir no punto número 1" o seguinte texto:

«En particular:

a) Reducir o Imposto Especial aos Hidrocarburos contemplado no artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de Impostos Especiais, aos niveis mínimos de imposición aplicables aos carburantes, apuntados no Anexo I da Directiva 2003/96/CE do Consello do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.

b) Aplicar un tipo impositivo súper reducido do 4% do IVE á subministración de gas natural.

c) Instar á Comisión Europea á modificación da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do Imposto sobre o Valor Engadido, para que contemple a aplicación dun tipo impositivo reducido aos carburantes de automoción, así como a suspensión dos tipos mínimos do Imposto Especial de Hidrocarburos establecidos na 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.

d) Estender as medidas fiscais adoptadas polo Goberno para mitigar a escalada da factura eléctrica ata o 31 de decembro de 2022 e incrementar a redución temporal do IVE para que pase do actual 10% ao 4%.

e) Xerar, para o sector marítimo-pesqueiro, medidas de análogo impacto ou obxectivo que as reducións impositivas demandadas para o gasóleo e gasolina, amais de demandar unha oposición firme e contundente contra as propostas de eliminación das bonificacións dos combustibles dos buques pesqueiros promovidas no marco da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio.»

Emenda de adición:

Débese engadir no punto 2) o seguinte texto:

«Incluída a exención temporal das cotizacións á Seguridade Social para alixeirar a carga que están a padecer estes sectores.»

Emenda de adición.

Incorporar novos puntos 5, 6, 7, 8, 9 e 10 coa seguinte redacción:

«5) Impulsar un plan nacional de produtos estratéxicos para garantir a subministración de produtos básicos á poboación e no que se priorice a produción no mercado interior para afondar de maneira máis ordenada posible a carencia de materias primas e compoñentes.

6) Intensificar a flexibilización da normativa de contratación pública vixente, axilizando os procesos de contratación levados a cabo polas administracións públicas evitando trabas e custos desproporcionados.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7) Aplicar unha cogobernanza real dos fondos de recuperación Next Generation coas Comunidades Autónomas e axilizar a súa execución mediante criterios de selección xustos e transparentes, dando prioridade ao impulso de PERTEs que se axusten ás necesidades dos sectores claves para Galicia e a súa posta disposición do tecido produtivo.

8) Aplicar as modificacións dos créditos orzamentarios dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022 que resulten necesarias para reducir gasto improdutivo.

9) aplicar unha flexibilización temporal das medidas normativas de limitación de importación de materias primas para o sector transformador de produtos do mar (principalmente aceites).

10) Demandar da Unión Europea unha ampliación da flexibilidade interanual das cotas de pesca mediante a realización da distribución de TAC e cotas cara ao ano 2023 ou de adianto das posibilidades de pesca do próximo ano, atendendo á situación de escaso consumo ou caída de capturas e descargas durante este episodio de carestía de combustible.»

Emenda de adición.

No parágrafo final, in fine, engadir o seguinte texto:

«En particular, apoiar as medidas incluídas no plan de choque elaborado pola Xunta de Galicia, en concreto:

1) Activar o Bono Social Térmico para axudar aos fogares en situación de vulnerabilidade a afrontar os gastos de calefacción, auga quente e cociña, o do complemento autonómico de 100 euros aprobado no Consello do pasado xoves, 30 de marzo.

2) Reforzar as medidas activas no plan de aforro enerxético para as familias, solicitando ao goberno fondos para duplicar o impulso do autoconsumo eléctrico e as renovables térmicas nos fogares galegos (calefacción e auga quente).

3) Ampliar o programa Renove Automoción para seguir fomentando a compra de vehículos eficientes.

4) Axudar a pequenas e medianas empresas, cunha nova liña de avais de IGAPE-SGR destinada a cubrir as necesidades de liquidez, e a realizar investimentos en elementos produtivos que axuden a facer fronte á actual situación.

5) Desenvolver un programa de préstamos directos do IGAPE para a industria manufactureira que está a sufrir un maior impacto, así como habilitar os mecanismos necesarios para flexibilizar a devolución dos préstamos e avais directos da Xunta.

6) Activar o Bono Enerxía PEME, dirixido a comercios, hostalería e pequenas e medianas empresas para equipos que reduzan o consumo enerxético.

7) Activar o bono Turístico como efecto dinamizador do consumo interno e axilizar as axudas para a dixitalización e eficiencia enerxética neste ámbito.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8) Inxección extraordinaria para blindar o transporte público por estrada fronte á subida dos carburantes. E traballar na extensión deste compromiso ao sector do transporte sanitario urxente e non urxente, sociosanitario, educativo.

9) Inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento de circulante (avais, subsidios de tipo de xuro,...) e do anticipo de axudas da PAC.

10) Crear o Observatorio da cadea alimentaria galega como organismo emisor de informes sobre a situación económica dos diferentes ámbitos do sector primario galego.

11) Crear a Axencia de Información e Control Alimentario de Galicia para dar cumprimento ás obrigas da Lei da cadea alimentaria, singularmente a prohibición da venda a perdas.

12) Poñer en marcha o Observatorio lácteo, onde se escenificará a relación entre os elos desta cadea de valor.

13) Activar as medidas económico-administrativas que sirvan como compensación aos profesionais do mar mediante o pago de dous meses das taxas portuarias que atinxen a esta actividade.

14) Inxectar liquidez no sector do mar mediante a axilización do abono de axudas concedidas, de forma análoga á liña de xestión realizada durante a pandemia provocada pola covid-19.»

De tal xeito, que unha vez incorporadas as adicións o texto definitivo será o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada este domingo, 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:

1) Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo. En particular:

a) Reducir o Imposto Especial aos Hidrocarburos contemplado no artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de Impostos Especiais, aos niveis mínimos de imposición aplicables aos carburantes, apuntados no Anexo I da Directiva 2003/96/CE do Consello do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.

b) Aplicar un tipo impositivo súper reducido do 4% do IVE á subministración de gas natural.

c) Instar á Comisión Europea á modificación da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do Imposto sobre o Valor Engadido, para que contemple a aplicación dun tipo impositivo reducido aos carburantes de automoción, así como a suspensión dos tipos mínimos do Imposto Especial de Hidrocarburos establecidos na 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.

d) Estender as medidas fiscais adoptadas polo Goberno para mitigar a escalada da factura eléctrica ata o 31 de decembro de 2022 e incrementar a redución temporal do IVE para que pase do actual 10% ao 4%.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e) Xerar, para o sector marítimo-pesqueiro, medidas de análogo impacto ou obxectivo que as reducións impositivas demandadas para o gasóleo e gasolina, amais de demandar unha oposición firme e contundente contra as propostas de eliminación das bonificacións dos combustibles dos buques pesqueiros promovidas no marco da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio"

2) Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo. Incluída a exención temporal das cotizacións á Seguridade Social para alixeirar a carga que están a padecer estes sectores.

3) Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.

4) Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.

5) Impulsar un plan nacional de produtos estratéxicos para garantir a subministración de produtos básicos á poboación e no que se priorice a produción no mercado interior para afondar de maneira máis ordenada posible a carencia de materias primas e componentes.

6) Intensificar a flexibilización da normativa de contratación pública vixente, axilizando os procesos de contratación levados a cabo polas administracións públicas evitando trabas e custos desproporcionados.

7) Aplicar unha cogobernanza real dos fondos de recuperación Next Generation coas Comunidades Autónomas e axilizar a súa execución mediante criterios de selección xustos e transparentes, dando prioridade ao impulso de PERTEs que se axusten ás necesidades dos sectores claves para Galicia e a súa posta disposición do tecido produtivo.

8) Aplicar as modificacións dos créditos orzamentarios dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022 que resulten necesarias para reducir gasto improdutivo.

9) Aplicar unha flexibilización temporal das medidas normativas de limitación de importación de materias primas para o sector transformador de produtos do mar (principalmente aceites).

10) Demandar da Unión Europea unha ampliación da flexibilidade interanual das cotas de pesca mediante a realización da distribución de TAC e cotas cara ao ano 2023 ou de adianto das posibilidades de pesca do próximo ano, atendendo á situación de escaso consumo ou caída de capturas e descargas durante este episodio de carestía de combustible.

Así mesmo, o Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores. En particular, impulsar e executar as medidas incluídas no plan de choque elaborado pola Xunta de Galicia, en concreto:

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1) Activar o Bono Social Térmico para axudar aos fogares en situación de vulnerabilidade a afrontar os gastos de calefacción, auga quente e cociña, o do complemento autonómico de 100 euros aprobado no Consello do pasado xoves, 30 de marzo.

2) Reforzar as medidas activas no plan de aforro enerxético para as familias, solicitando ao goberno fondos para duplicar o impulso do autoconsumo eléctrico e as renovables térmicas nos fogares galegos (calefacción e auga quente).

3) Ampliar o programa Renove Automoción para seguir fomentando a compra de vehículos eficientes.

4) Axudar a pequenas e medianas empresas, cunha nova liña de avais de IGAPE-SGR destinada a cubrir as necesidades de liquidez, e a realizar investimentos en elementos produtivos que axuden a facer fronte á actual situación.

5) Desenvolver un programa de préstamos directos do IGAPE para a industria manufactureira que está a sufrir un maior impacto, así como habilitar os mecanismos necesarios para flexibilizar a devolución dos préstamos e avais directos da Xunta.

6) Activar o Bono Enerxía PEME, dirixido a comercios, hostalería e pequenas e medianas empresas para equipos que reduzan o consumo enerxético.

7) Activar o bono Turístico como efecto dinamizador do consumo interno e axilizar as axudas para a dixitalización e eficiencia enerxética neste ámbito.

8) Inxección extraordinaria para blindar o transporte público por estrada fronte á subida dos carburantes. E traballar na extensión deste compromiso ao sector do transporte sanitario urxente e non urxente, sociosanitario, educativo.

9) Inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento de circulante (avais, subsidios de tipo de xuro,...) e do anticipo de axudas da PAC.

10) Crear o Observatorio da cadea alimentaria galega como organismo emisor de informes sobre a situación económica dos diferentes ámbitos do sector primario galego,

11) Crear a Axencia de Información e Control Alimentario de Galicia para dar cumprimento ás obrigas da Lei da cadea alimentaria, singularmente a prohibición da venda a perdas.

12) Poñer en marcha o Observatorio lácteo, onde se escenificará a relación entre os elos desta cadea de valor.

13) Activar as medidas económico-administrativas que sirvan como compensación aos profesionais do mar mediante o pago de dous meses das taxas portuarias que atinxen a esta actividade.

14) Inxectar liquidez no sector do mar mediante a axilización do abono de axudas concedidas, de forma análoga á liña de xestión realizada durante a pandemia provocada pola covid-19.»)

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día de novo, señorías.

Estamos ante unha situación que evidencia que practicamente nada do que considerabamos seguro e do que considerabamos certo no noso modelo como sociedade o é, unha situación provocada por unha invasión —evidentemente ilegal e que vulnera o dereito internacional— de Rusia sobre Ucraína que vén de alterar dunha forma absolutamente drástica —estamos a falar agora estritamente desde o punto de vista económico— a nosa realidade. Estamos na peor das situacións que podiamos imaxinar, ou, mellor dito, que nin tan sequera podiamos imaxinar hai pouco máis de mes e medio.

O certo é que partimos xa dunha situación máis débil na nosa comunidade autónoma. Eu xa sei que ao señor presidente da Xunta de Galicia non lle gustan os datos que resultan desfavorables para a comunidade autónoma, cousa que eu entendo perfectamente desde o punto de vista político, pero podo asegurarlles, señorías tanto do PSdeG como do BNG pero particularmente do Partido Popular de Galicia, que os datos aos que eu fixen referencia son datos que vostedes poden contrastar, por se eu dixen algunha cousa que non sexa certa ou que non estea publicada nos distintos institutos de estatística. Porque a referencia a que somos a décimo primeira comunidade autónoma en salario medio anual é certo; que somos a décima comunidade autónoma en taxa de risco de pobreza é certo, lamentablemente; que somos a décima comunidade autónoma en PIB por habitante é certo —e tampouco fará falta facer aquí unha tese de doutoramento sobre o significado deste dato, sobre todo tendo en conta a redución da poboación—; que somos a décimo oitava comunidade autónoma en taxa de actividade, a penúltima, é certo; que Galicia ten o peor dato de IPC xa no mes de febreiro que no resto do Estado é certo. Todo isto, señorías, é certo.

Podo entender que non son datos que enorgullezan a ningún goberno, e particularmente a ningún presidente de comunidade autónoma, por moito que estea no carril de saída deste Goberno. Pero desgraciadamente nos enfrontamos a un goberno da Xunta de Galicia que está actuando de forma idéntica —e, polo tanto, replicando esas prácticas— a como o fixo durante a pandemia. Durante a pandemia, señorías, todos somos conscientes de que o Goberno do Estado tivo que facer fronte a unha situación absolutamente inédita. Tivemos que inventarnos. E mentres que o Goberno do Estado aportaba solucións, a Xunta de Galicia facía oposición. Agora, neste momento, fronte ás medidas que o Goberno aprobou para facer fronte á situación económica derivada da guerra de Ucraína, está ocorrendo o mesmo: hai un goberno que actúa e hai unha Xunta de Galicia facendo oposición. *(Aplausos.)* Está facendo oposición pero cunha diferenza importante, e é que neste momento todos sabemos que a propia Xunta de Galicia, o propio presidente da Xunta de Galicia, agora presidente do Partido Popular, non foi quen de aportar nin unha soa proposta de solución para resolver os problemas. A única aportación é a crítica destrutiva, acompañada desgraciadamente en moitas ocasións dun coro de risas que vén precedido dunha ridiculización do adversario político. *(Aplausos.)* E iso, señorías, non é digno de ningún presidente por moito que queira aparentar

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha seriedade e unha solvencia da que desgraciadamente carece, e que desgraciadamente vai tardar ben pouco en evidenciarse dentro do ámbito estatal.

Pola contra, o Partido Socialista de Galicia propón unha serie de medidas urxentes que deben ser, ou deberían ser, aprobadas por este Parlamento, e que vostedes coñecen porque forman parte da nosa proposición non de lei. Pedimos, en primeiro lugar, un plan de bonificación extraordinario dos impostos de carácter autonómico que se aboen durante este exercicio 2022 directamente relacionados con actividades desenvolvidas por empresas, pequenas empresas, microempresas e persoas traballadoras afectadas por esta situación conxuntural. Señorías, aquí non se trata de vir vender un catálogo de medidas de rebaixas fiscais que todos sabemos a quen beneficiaron máis, que, desde logo, por moito que se diga, non é á xeneralidade das galegas e dos galegos. Pedimos que se colabore co Goberno de España para rebaixar a imposición sobre hidrocarburos, ben mediante actuación sobre o imposto especial de hidrocarburos ou sobre a aplicación dun IVE de tipo reducido. Demandamos da Xunta de Galicia unha redución no tramo autonómico do IRPF para aquelas persoas que, non estando obrigadas a presentar declaración da renda, si están suxeitas á retención, e negociar co Estado unha rebaixa para ela.

Señorías do Partido Popular, ¿danse conta vostedes de que na nosa proposición non de lei figuran propostas para o Goberno da Xunta de Galicia pero tamén para o Goberno do Estado —diferentemente das que vostedes presentan, nas que todo son obrigas para o Goberno do Estado—, ou para establecer no mellor dos casos un ámbito de negociación e de estudo dentro da propia comunidade autónoma para facerlle fronte a esta situación? Esta é a diferenza, e, por moito que o señor Núñez Feijóo —hoxe presidente no carril de freado— se empeñe en dicir que nós o único que facemos é replicar e dar cobertura ás políticas do Goberno do Estado, a realidade que se demostra con esta proposición non de lei é ben distinta.

Pedimos un plan de axudas extraordinarias para persoas autónomas, que son —segundo datos oficiais e á falta de que o Partido Popular presente outro dato distinto— 216.832 na comunidade autónoma; un plan de axudas específicas para o sector marítimo-pesqueiro da cadea mar-industria, que emprega 20.300 persoas; un plan de axudas directas dirixidas ao sector agrario e gandeiro afectado polo incremento dos combustibles e os insumos —para 47.100 persoas—; reforzar máis —orzamentariamente— as axudas para as persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión social; incrementar máis o bono social eléctrico; queremos unha redución transitoria —porque ese non é o obxectivo que demanda o PSdeG— das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica —o obxectivo, repito, é a gratuidade—; pedimos que se impulse que o Goberno de España negocie coas concesionarias esas mesmas rebaixas para as de titularidade estatal, nomeadamente, a AP-9.

Pedimos e presentamos un plan concreto para compensar economicamente os profesionais transportistas para que se alcance unha bonificación completa. Ademais, ciframos en nove mil setecentas empresas as que terían como obxectivo beneficiarse de 36.000 litros de combustible bonificado ao 50 %.

Pedimos unha exención das taxas portuarias mentres non se acade unha recuperación efectiva do sector. Xa sei que me van dicir vostedes que están aprobadas ata o 30 de xullo. Agora, a pregunta é: ¿é que o 1 de xullo a situación vai ser distinta?, ¿prevé un escenario distinto?

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pedimos que a Xunta de Galicia, a través do Igape, habilite un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade das empresas afectadas.

Pedimos unha identificación e un impulso normativo para determinar por parte da Xunta de Galicia proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética a baixo custo, tanto no ámbito doméstico como no aprovisionamento industrial.

Pedimos que desde a propia Administración autonómica se cree un instrumento financeiro de participación e que se lidere o desenvolvemento de proxectos estratéxicos como ocorreu no seu momento en Reganosa.

Queremos que o Consello Económico e Social elabore de forma urxente un informe sobre o impacto que esta nova situación se dá nos sectores máis afectados.

E pedimos que se simplifiquen ata o máximo, dentro do marco legal permitido, os procedementos administrativos para levar a cabo todas esas medidas.

Señorías, particularmente, señorías do Partido Popular, cremos francamente que estas son propostas responsables. Propostas que non deben quedar no sempre ambiguo ámbito das reunións, dos estudos, de ver como facemos, como non facemos, ver que medidas implementamos. Porque, señorías, eu xa sei que ao señor presidente da Xunta non lle gustou —e ben que o lamento, porque non era a miña intención desgustalo—, pero a realidade é que temos un goberno que ten publicado unha serie de medidas amplísimas nun real decreto, e temos un goberno na Xunta de Galicia que o único que fai é anunciar sen concretar. E, francamente, creo que non estamos no momento para andar estudando demasiadas cousas, estamos no momento en que se debe actuar dunha forma decidida para facer fronte a esta nova situación.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, eu onte intentei, aproveitando a moción do BNG, facer unha explicación da complexidade do problema da inflación e, polo tanto, enmarcar o debate de hoxe.

Eu creo que a inflación en España se explica fundamentalmente, ademais do diferencial con Europa, polo diferencial do custo da enerxía, tamén por rixideces específicas da economía española; temos a complexidade de que é de oferta e de demanda, e temos tamén —que non se mencionou— que a inflación sobe significativamente moito antes da invasión rusa de Ucraína.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sabemos que hai unha situación de incerteza temporal, que o Banco Central Europeo —que ten as competencias fundamentais monetarias— ten o dilema de seguir impulsando o crecemento, o cal implica o crecemento da inflación, ou, pola contra, ten que decidir loitar contra a inflación, co cal vai pechar a billa do crédito. Cousa que xa se está anunciando, por exemplo, coa evolución do euríbor. E, polo tanto, hai un dilema importante para as autoridades monetarias.

Sabemos que os efectos son aleatorios, e os debedores —e, entre eles, o Estado— sacan partido da inflación, os acredores perden. E sabemos que a fiscalidade beneficia o Estado, nada menos que 1.700 millóns de euros de recadación extra por cada punto adicional de inflación.

E tiven pouco éxito. A verdade é que a señora Presas, que habitualmente é moi prudente nas súas declaracións, onte cuestionou o mesmo Keynes cando dicía que é unha lotería os efectos da inflación. E entendo eu que o problema non é cuestionar a Keynes, senón o tema é non entender o fenómeno da inflación.

É que está máis cerca entre si unha empresa que nos últimos anos se capitalizou e non recorreu ao crédito para sanear as súas contas, e unha persoa que unicamente ten a renda dun alugueiro dun piso; están na mesma situación se este alugueiro está pactado e non se pode indiciar. E teñen estes dous moito máis en común que un empresario que recorreu ao crédito e que unha persoa que ten os mesmos ingresos, baixos, e un único alugueiro que si está indiciado á inflación.

Polo tanto, entender todo isto eu comprendo que é complicado, pero o certo é que nós entendemos que esta complexidade é necesaria para facer unha análise e para facer propostas.

Dicía onte —insisto—: o principal problema é a electricidade, o diferencial de España. E, por certo, tamén onte se cuestionou que en Galicia creza máis a inflación que no conxunto de España, apenas unhas décimas. E se vostedes collen os datos —que polo visto agora pois algúns manexan— e ven o desglose da ponderación da cesta da compra en Galicia, verán que precisamente aquilo que está sufrindo unha suba maior de prezos —como se pode ver pola diferenza entre a inflación total e a inflación subxacente—, é dicir, alimentos frescos e carburantes, ten un peso na cesta da compra dos galegos superior ao do conxunto de España. O cal explica ese diferencial que vén —insisto novamente— por consecuencia fundamentalmente do prezo da enerxía.

En fin, unha complexidade, de tal maneira que as solucións pasan por cambios na política monetaria, na política alfandegaria, que dependen da Unión Europea, na política de rendas e na política enerxética, que dependen do Goberno de España competencialmente, e tamén en boa medida a política de competencia. E que, polo tanto, —este é un feito obxectivo— require dunha actuación conxunta de todas as administracións, empezando pola Unión Europea e baixando ao Goberno de España, que ademais representa a España na Unión Europea, e, por suposto, coa Xunta colaborando.

A marxe autonómica é máis limitada. Certamente, colaboramos co estado. Pense vostede, señor Álvarez, cando di que non se tomou ningunha decisión, que foi o señor Núñez Feijóo o que propiciou un acordo na Conferencia de Presidentes, que, como denunciou hoxe, se está

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

incumprindo porque no acordo se incluía a baixada de impostos que están ausentes no famoso decreto que vostede acaba de dicir. Desde logo, dialogando cos sectores para axudas selectivas, cousa que está a facer a Xunta. E, polo tanto, todo o demais consiste en criticar a Xunta sen ter demasiado motivo.

A Xunta reaccionou pronto e razoablemente ben, e ademais rápido. Reaccionou tan rápido que a mellor metáfora desa reacción rápida foron as carreiras que botamos os tres portavoces cando admitimos a comparecencia do presidente no pasado pleno, precisamente para expoñer todas as medidas que ía adoptar o Consello da Xunta do xoves seguinte. Tan rápido que xa hai quince días anunciou moitas medidas. Mentres que vostedes seguen a dicir que o presidente ten a cabeza fóra, aquí presentou e pactou na Conferencia de Presidentes medidas para o consenso para o conxunto de España. Compareceu na cámara para expoñer as medidas, dialogou cos sectores, e levamos dous consellos aprobando medidas.

E precisamente desas medidas que aprobou a Xunta, na PNL que defendo hoxe van vinte e oito propostas de actuación fronte á inflación. Vostede dixo que a Xunta só propón ao estado, e son catorce dirixidas ao estado e catorce dirixidas á Xunta.

Desde logo, nós non lle imos pedir ao estado que faga o que ten que facer a Xunta. Como vostedes nunha PNL, que despois retiraron, na que pedían que a Xunta baixara as súas peaxes e ademais subvencionara as peaxes das autoestradas estatais. Nós imos competencialmente, e mesmo moitas das que lle pedimos ao estado non son para que as faga o Goberno de España, senón para que lle reclame á Unión Europea ter marxe de actuación no propio ámbito nacional.

Cremos que son medidas axeitadas á complexa situación. A rapidez que se precisa, porque onte vimos, por exemplo, o do IRPF, que non tería efectos ata dentro dun ano e, polo tanto, tería moi pouco efecto nas rendas no presente, e, por suposto, as necesidades dos sectores aos que escoitou.

Pedimos unha baixada dos impostos que gravan a electricidade ao estado, centrados —insisto, co esquema de onte— no principal factor que incide nos prezos, que é a baixada da enerxía; unha baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo, en particular, o imposto especial aos hidrocarburos; un tipo impositivo superreducido do 4 % ao gas natural, instar a Comisión Europea a que modifique a directiva que permite rebaixar tamén o imposto sobre o valor engadido e o imposto especial de hidrocarburos; por suposto, estender as medidas fiscais adoptadas para mitigar a escalada da factura eléctrica ata final de ano; xerar para o sector marítimo-pesqueiro medidas de análogo impacto con reducións impositivas, e rectificar a política enerxética abrupta, que é o fundamental problema que ten a economía española, para que sexa unha transición planificada, proporcional e xusta.

Pero tamén lle pedimos á Xunta que active o Bono Social Térmico, que xa se lles dá aos beneficiarios con 100 euros engadidos tras a aprobación polo Consello da Xunta o xoves do 30 de marzo. E tamén lle pedimos reforzar as medidas activas no Plan de aforro enerxético para as familias, ampliar o programa Renove da automoción para fomentar a compra de vehículos

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

eficientes, activar o bono de enerxía peme e a inxección extraordinaria para blindar o transporte público por estrada fronte á subida dos carburantes.

No segundo ámbito da política fiscal pedímoslle ao estado reverter o incremento xeneralizado dos impostos que estaban previstos, por exemplo, a implantación de novas peaxes nas autovías; aplicar unha cogobernanza real dos fondos de recuperación Next Generation en PERTE tan importantes para Galicia como pode ser o da automoción ou como pode ser tamén o da produción con enerxía de hidróxeno verde; aplicar as modificacións dos créditos orzamentarios pola vía do gasto para reducir o gasto improdutivo.

Tamén pedimos axustes estruturais ao estado: impulsar un plan nacional de produtos estratéxicos que garanta que non hai desabastecemento; intensificar a flexibilización da normativa de contratación pública, que nós xa adiantamos —precisamente porque xa estaba subindo a inflación— na Lei de medidas, e que o Estado aínda non acaba de resolver, de xeito que as obras públicas moitas delas se están paralizando; aplicar unha flexibilización temporal das medidas normativas de limitación da importación de materias primas, e isto é fundamental para a industria conserveira por mor da escaseza de aceites vexetais.

E, finalmente, como cuarto bloque, axudas a sectores. Aí ao estado o que lle pedimos é que mellore a flexibilidade interanual das cotas de pesca. E tamén lle pedimos á Xunta —aquí no ámbito sectorial fundamentalmente á Xunta— axudar a pequenas e medianas empresas cunha nova liña de avais, medidas específicas para os sectores máis afectados cos que se está dialogando: transporte, electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo. Aquí pedimos que se debería analizar a inclusión nas medidas das exencións ás cotizacións da Seguridade Social para evitar precisamente custos engadidos para as empresas e, por tanto, despidos; desenvolver un programa de préstamos directos do Igape para a industria manufactureira; activar o Bono Turístico, que xa está activado, e ademais tivo un grande éxito nun dos sectores que máis sufriu durante a crise —que parece que algúns se esqueceron agora incluír isto como unha medida, dicindo que é un insulto ao resto dos sectores—; inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento do circulante; crear o observatorio da cadea alimentaria galega; crear a axencia de información e control alimentario de Galicia; poñer en marcha o observatorio lácteo; activar as medidas económicas e administrativas que sirvan como compensación aos profesionais, e inxectar liquidez ao sector do mar.

Señorías, o peor que pode haber no ámbito do negacionismo é negar a evidencia. Díxose aquí que Galicia é a décima comunidade en PIB per cápita, pero é que cando comezamos o século eramos a penúltima. Nos últimos anos, desde o 2008, o PIB per cápita converxeu do 87,6 ao 90,3; desde o 2000 estabamos no 77. Fíxese que vostede hoxe citou a Valencia, pois Valencia no 2000 estaba no 95 % do PIB per cápita, e hoxe está no 77; adiantamos a Valencia nestes últimos anos, nos anos do Goberno do señor Feijóo. Polo tanto, poñamos as cousas en perspectiva.

Eu creo que neste debate sobra exceso de crítica á Xunta, porque reaccionou rápido e ben. Creo que hai exceso de ideoloxización nas propostas. Creo que hai demasiado oportunismo nas críticas, cando hai unha coincidencia xeral con que o Goberno de España foi lento e a Xunta, en cambio...,

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...actuou dentro das súas competencias rapidamente.

Polo tanto, nós imos traer esta PNL, ponderada e equilibrada, e que cremos que demostra que estamos coa cabeza posta nos problemas que afectan a cidadanía de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Eu quixera comezar tamén cunha reflexión sobre o momento no que estamos. Non empece racaneándome, señora presidenta, o tempo, que empezou hai xa un segundos. *(Risos propios.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten toda a razón, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Tal e como avanzaba, eu quixera comezar tamén facendo algunha reflexión sobre o momento no que estamos e a análise un pouco do contexto no que nos movemos para tamén entrar no debate de cara a onde queremos ir. E o certo é que aparentemente hai unha coincidencia na diagnose de que estamos nun momento moi preocupante, moi complexo de todos os puntos de vista, no que o noso país ten que responder a unha situación dunha suba disparada de prezos que xera unhas consecuencias moi importantes na vida dos galegos e galegas e, en xeral, na conxuntura económica.

Eu quería sinalar que hai problemas que xa estaban aí de antes. Había unha inflación máis intensa e máis continuada do previsto desde hai moitos meses xa, había unha crise enerxética que viña xa de lonxe, había unha importante crise tamén de materiais e tamén estaba o impacto das diferentes vagas da covid-19, que aínda que esta última, ómicron, foi máis controlada, sempre tiña un impacto.

Agora vemos que, efectivamente, a guerra de Ucraína agrava este contexto, pero eu quero insistir outra vez máis en que os problemas viñan de bastante antes máis que un mes e medio, ¿non?

E tamén que veñen de lonxe factores que fan que a nosa capacidade de resistencia sexa menor. E o certo é que, efectivamente, vivimos nestes tempos cousas que non eran seguras ou non eran predicibles, pero, desde logo, tamén vivimos iso co problema de non ter anticipación á hora de ter un modelo económico máis forte.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Aquí dicíase que, efectivamente, a inflación é complexa e a afectación é de forma diferente a diferentes ámbitos e diferentes sectores. Iso obxectivamente é así, pero eu quería insistir nunha cuestión. Por suposto que entendemos, algunhas con máis limitación polas nosas capacidades cognitivas que outros e outras, o que é o fenómeno da inflación. Pero hai outra cuestión na que eu quería insistir.

O que estamos vivindo nestes momentos, o detonante é a inflación; noutros momentos, o detonante foi unha pandemia ou o detonante foi unha burbulla financeira. Pero, desde logo, o que é cíclico é cada pouco tempo unha crise fonda e profunda do sistema económico no que vivimos, que é o problema de fondo dese sistema económico neoliberal e capitalista. Facendo un símil cun tema de actualidade como son os combustibles fósiles, que cada certo tempo entra en crise, é insostible a longo prazo e acaba destruíndo territorios e vidas. Polo tanto, nós queremos insistir en que estamos vivindo un momento no que xa sabemos como vai ser a nivel xeral o efecto, que é como foi nas anteriores crises cíclicas: quen estaba peor vai seguir estando peor, quen estaba mellor vai seguir enriquecéndose, vaise facer cada vez máis rico, e, desde logo, quen vai pagar o pato van ser os territorios e van ser aquelas maiorías sociais máis castigadas. E máis aínda neste país, no que se suma para a nosa capacidade de reacción un marco autonómico absolutamente esgotado e un centralismo estatal que non deixa de operar en ningunha crise, senón que cada crise hai un paso máis nese centralismo.

Polo tanto, esta é a tormenta perfecta que nos condiciona neste momento. Vemos tamén que temos unha economía que xa estaba ferida polas consecuencias da pandemia, polas debilidades dun modelo económico e produtivo que non pechaba ciclos produtivos neste país e que estaba tamén profundamente danado pola crise de 2008. Estamos afectadas e afectados por unha crise industrial que viña de lonxe e tamén pola crecente desigualdade social, porque non é menor para un país enfrontar esta situación co 25 % da súa poboación en risco de exclusión social que con outra situación económica. E, polo tanto, vivimos un problema económico e social de primeira orde e que, ademais, se non empezou coa crise de Ucraína, non rematará aínda que esta acabase no día de mañá.

De feito, a patronal —daba o dato onte— estimaba que isto non se resolverá ata o 2024-2025 como o propio FMI ou o propio Banco Central Europeo sitúan no 2024 a volta a unha inflación normal arredor do dous por cento. Polo tanto, non podemos facernos trampas ao solitario como se isto fose unha cuestión que podemos resolver con medidas de urxencia e non con cambios estruturais.

E, unha vez máis, igual que nos amosou a pandemia, van quedar no tinteiro moitas cuestións que temos que abordar como país e que se ve que nin desde o ámbito da Xunta nin desde o ámbito do estado se está disposto a facelo. En todo caso, estamos no momento da urxencia, no momento de aplicar paliativos inmediatos. E a verdade é que nós o que pensamos desde o BNG é que non están á altura nin o Goberno central nin o Goberno da Xunta.

Dicía o voceiro socialista que hai un goberno que actúa e outro que fai oposición. Oxalá, porque, desde logo, cando menos se unha das partes baixo o noso punto de vista estivese adoptando medidas máis valentes, o impacto sería menor; pero, en todo caso, coincidimos coa

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

crítica á Xunta, e centrarémonos nese ámbito porque este é o Parlamento galego e, desde logo, o que non imos permitir é que sigan eximíndose da súa responsabilidade.

Nós temos claro que a longo prazo o obxectivo que nos ten que mover, a dirección que tería que guiar todas as políticas que se arbitren é basicamente dupla: unha saída a esta crise de prezos que fose xusta, por unha banda, para as maiorías sociais de Galiza e, por outra banda, para Galiza tamén como país. Porque o certo é que temos que ver que somos un país rico, un país rico en recursos enerxéticos, un país rico tamén en talento, un país rico en potencialidade en ámbitos tan estratéxicos neste momento como o sector primario, cunha potencialidade produtora absolutamente brutal. Polo tanto, é un disparate que continuemos empobrecidas e empobrecidos. E esta crise non se pode pechar en falso como as dúas anteriores, facendo que cada vez esteamos peor.

E igual que, cando houbo unha pandemia, nós non culpabamos o Goberno da Xunta ou o Goberno do Estado pola súa emerxencia, o que está claro é que nestes momentos hai causas que non son directamente provocadas, pero hai responsabilidades en como se está actuando. Primeiro, por non ter actuado antes. E creo que o enerxético é un dos grandes exemplos, o debate sobre a cuestión do gas e as tensións xeopolíticas levan connosco un ano; non se tomaron medidas antes e agora pagamos unha menor capacidade de reacción. Tamén hai moito tempo que este país é líder en produción, por exemplo, de renovables e que ese papel non se ve compensado.

Tamén ambos gobernos son responsables en non actuar agora con prontitude e, o que é peor, tamén actuar para que, ao final, as medidas que se tomen acaben enchendo os petos de quen máis se está beneficiando desta situación. E parece que nas medidas que se van tomar as grandes empresas do Ibex 35 van volver saír inmunes. E se no 2008 se rescatou a gran banca, que, por certo, seguimos pagando esa factura de máis de cen mil millóns de euros, parece que agora o que imos pagar é o propio rescate das empresas do Ibex 35, cuxos beneficios, por certo, non paran de medrar ano a ano.

Isto é basicamente o problema de fondo e o que explica as diferentes faltas de vontade política. O que acontece é que mentres iso pasa a situación do noso país empeora e vemos como, por exemplo, máis da metade dos fogares galegos, o 51 %, chega con dificultade ou con moita dificultade a fin de mes. E vemos tamén como hai factores que fan que a nosa economía, aínda que aparentemente debera ser menos permeable á crise de Ucraína, pois está tendo tamén efectos importantes, singularmente polo peso da industria electrointensiva, polo peso do sector primario, pola alta dependencia do comercio por vía marítima e de estradas, pola dispersión territorial e a falta dun transporte público digno de tal nome, etc.

A cuestión é que a Xunta non está actuando no ámbito das súas competencias, nos ámbitos que debera, coa prontitude que debera e, desde logo, está ignorando ademais, como se fose o grande elefante rosa que está na sala e que ninguén quere ver, que os datos de inflación nos están dicindo que é máis intensa no noso país mes a mes ou comparando os datos interanualmente. ¿Iso que quere dicir? Que nos empobrecemos máis rápido, que os galegos e galegas o están pasando peor e que hai un goberno que pecha os ollos e que mira para outro lado.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E diante diso, nós insistimos en que este é un problema que require de solucións políticas e que ten marxe para a actuación política. Por iso instamos coas propostas que incorporamos na nosa emenda, que está xa un pouco superada neste contexto de autoemendas permanentes, pois hai un contexto absolutamente extraordinario que debera ser respondido con medidas extraordinarias. E temos que saír un pouco deste bucle ou deste pim, pam, pum no que o Goberno da Xunta se limita a facer de comentarista e tertuliano das medidas que toma o Estado, e o Goberno do estado vai a un ritmo que nos parece demasiado lento e que nos preocupa, e que o fai porque realmente hai un problema de fondo. E o problema de fondo é que na folla de ruta está a volta ao marco do déficit da estabilidade —están advertindo os organismos europeos de que hai que volver aí— e hai ademais un marco que non podemos ignorar, que é toda esa condicionalidade e esa axenda oculta vinculada aos fondos europeos, e que sabemos que vai afectar a nosa capacidade como país en termos de autogoberno, que vai afectar o sistema público de pensións, que vai afectar o marco laboral; aínda non sabemos exactamente que medidas van implicar, pero, desde logo, iso está de fondo e é o que explica que non se tomen máis medidas e que non se tomen máis medidas contundentes.

E sobre as cuestións que se presentan hoxe nas demandas que presenta o Partido Socialista á Xunta hai moitas nas que coincidimos *grosso modo*, moitas delas ían incorporadas nalgunha das iniciativas que xa debatemos por iniciativa do Bloque Nacionalista Galego ou coas que continuaremos nos seguintes puntos desta orde do día, e entendemos que dentro dos ámbitos da Xunta hai marxe de actuación. Polo tanto, imos votar favorablemente, aínda que teriamos algúns matices respecto das cuestións que incorporaron nas autoemendas.

En todo caso, apelamos tamén a que no ámbito do estado tomen medidas máis contundentes, singularmente a intervención no ámbito enerxético.

E despois respecto da Xunta, a verdade que eu cando vin esas nove carillas de autoemenda do Grupo Parlamentario Popular a observei cun pouco de sorpresa e un pouco de esperanza, pensando que quizais era o momento no que eses plans de choque ocultos que pedimos polo artigo 9 desde os últimos catro consellos da Xunta, que levan dicindo que van facer algo e non fan, pois que quizais nos sorprendía cun documento escrito, con propostas novidosas, ambiciosas, tanxibles, inmediatas, estruturais e de todo tipo. Pensei eu inocentemente que viña un pouco corrixir a falta de concreción da anterior comparecencia do presidente da Xunta no pleno anterior, ou a falta de concreción que vemos por parte doutros conselleiros e conselleiras no marco desta crise, ou no marco dos seis últimos meses, nos que poñiamos enriba da mesa o problema da suba de prezos, e non había reacción por parte do Goberno galego. Pero teño que dicir que a esperanza coa que eu comecei a ler a longa autoemenda demostrou moitas veces que iso é certo, que ás veces non por poñer máis letra, o contido é mellor. E quedamos un pouco como estabamos.

As medidas que propón o Goberno galego basicamente van en dúas liñas: por unha banda, unha apelación de bos desexos e logo, por outra banda, coller elementos que a Xunta xa viña anunciando ou xa tiña previstos nos orzamentos, tipo o propio Bono Turístico por poñer un dos exemplos que saíron aquí, ou, por exemplo, eses bonos para reinvestimentos enerxéticos nas empresas, que xa estaban nos propios orzamentos do Inega. E hai cuestións como facilitar a liquidez, etc., que son necesarias, estaban previstas na folla de ruta, e non é que sexan ne-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gativas, pero son insuficientes, non, o seguinte. É que son simplemente un *restyling,* un *remake*, un novo envoltorio de propaganda de medidas que a Xunta xa estaba facendo na actividade ordinaria e que, polo tanto, non supoñen nin sequera unha tirita neste momento de crise.

E poñemos exemplos. Unha empresa que no día de hoxe está pensando en pechar, desde logo, a solución non vai ser facer unha mellora no seu equipamento técnico para consumir un pouco menos de enerxía eléctrica, primeiro, porque terá que ter os cartos para poder facer ese investimento e a previsión de ser quen de non pechar.

Ou outro exemplo levado ao ámbito dunha economía familiar: se hai familias neste país que non están sendo capaces de encher o seu frigorífico, dificilmente van pensar en se é o momento de cambialo.

Ou o Bono Térmico, do que xa se falaba aquí. Xa sen entrar nos atrasos, en que desde o mes de decembro xa se podía ter sacado isto. Un exemplo, no ano 2020, este Bono Térmico chegou a 84.000 persoas. No ano 2022, dous anos despois, a previsión é que chegue a 60.000 persoas. ¿Pode alguén neste país pensar que hai vinte mil persoas menos neste país, neste contexto económico, despois dunha pandemia, despois de toda esa recesión económica e coa crise da suba de prezos, que necesiten menos este recurso? Desde logo, non. E isto o que evidencia é que falla o mecanismo, falla o mecanismo arbitrado a nivel estatal por parte do Goberno central e falla a complementación que teoricamente pode facer a Xunta de Galiza. Esta, por certo, é a primeira vez que a vai facer, e que aínda así é insuficiente porque non busca que máis persoas sexan beneficiarias.

E así con todo unha política do facer que se fai. E nós presentamos alternativas concretas para que cuestións que están na man da Xunta, como axudas temporais e directas aos sectores produtivos, como incrementar as contías das axudas sociais, desde a Risga ata as de violencia machista, como complementar as pensións non contributivas con cen euros ou outras cuestións que reseñamos, pois se fagan no inmediato. Entendemos que iso sería facer valer o autogoberno e facer valer tamén este país.

E remato cunha reflexión de Bertolt Brecht, que dicía: «Non aceptes o habitual como cousa natural. Porque en tempos de desorde, de confusión organizada, de humanidade deshumanizada, nada debe parecer natural. Nada debe parecernos imposible de cambiar». Desde logo, o que estamos vivindo require de medidas de urxencia, require tamén de medidas estruturais, pero, sobre todo, require da vontade política de querer cambiar un modo económico, unha orde social, que o que nos está deixando cada dous por tres é un momento de constrición no que os galegos e galegas cada vez acaban sendo máis pobres neste país e máis maltratados. Nós, no Bloque Nacionalista Galego, temos claro que hai alternativas, que se poden facer as cousas doutra maneira e que é hora de facer valer este país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer á señora Presas a súa intervención, o seu apoio aínda que con matices da nosa proposición non de lei. En todo caso, agradecemos ese apoio.

Señor Puy, está ben desde o punto de vista político, ao mellor non tanto desde o punto de vista académico, ese intento de xustificación do diferencial do IPC de Galicia con respecto ao resto do estado como consecuencia da distinta composición da cesta de cálculo dese IPC. Pero ese argumento ten un problema, e é que as cantidades dos produtos que se introducen no cálculo do IPC son constantes. Polo tanto, o que varía son os prezos. Creo que ese índice funciona desa maneira. E de todos modos, puxo vostede un exemplo malo, porque se temos un diferencial de catro puntos porcentuais no incremento do prezo da vivenda con respecto ao estado, iso pouco ou nada ten que ver cos hábitos de consumo das galegas e dos galegos. É evidente que a vivenda será un ben do que terán que facer uso os galegos igual que os andaluces ou os navarros.

E é certo —niso concordo con vostede— que xa antes tiñamos un problema co incremento do IPC; non é menos certo que ese incremento se viu agudizado drasticamente coa consecuencia da guerra de Ucraína. ¿E por que? Tamén o dixo vostede. Temos debatido moitísimo neste parlamento sobre o prezo da enerxía no estado, e agora afortunadamente case todos fixemos unha especie de máster —non sei se avanzado ou non— en todo caso sobre o problema do cálculo do prezo da enerxía en España. E agora xa sabemos que temos un problema de conectividade co resto de Europa que levou a que afortunadamente se negociase a coñecida como «excepción ibérica». Pero tamén sabe vostede, señor Puy, sabémolo todos, que ese tipo de negociacións non son particularmente sinxelas, nin a Unión Europea se brinda de forma automática a abrir ningún tipo de excepcionalidade con respecto ao marco común, nin neste ámbito nin noutros.

Vostedes presentan unha emenda que converte a súa proposición non de lei inicial case nun esbozo porque trátase dunha proposición non de lei corrixida e ampliada; corrixida cando hai algún erro, ampliada cando se introducen novos elementos —estou a falar, evidentemente, desde o punto de vista de calquera libro ou de calquera artigo de investigación—. Pero o problema real disto, señor Puy, é que é unha auténtica mágoa que toda esta creatividade que amosan nesta proposición non de lei corrixida e ampliada non se lles ocorrese antes cando por parte do Goberno do estado se lles pediu ás comunidades autónomas que fixesen aportacións, e que vostedes desde a Xunta de Galicia non fixeron ningunha. Isto, por suposto, non é ningún tipo de obstáculo para que critiquen de forma agria, de forma contundente calquera solución que se lles dea aos problemas que teñen as galegas e os galegos e o conxunto dos españois.

Polo demais, na parte ampliada da súa proposición non de lei, ¿que incluíron? Pois, como lles acaba de dicir con acerto a señora Presas, medidas que foron anunciando ben mediante a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia no pleno de hai dúas semanas, ben mediante as roldas de prensa habituais posteriores aos consellos da Xunta de Galicia, ou, no

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

último caso, algunha que se puido anunciar onte neste mesmo pleno na comparecencia do conselleiro do Medio Rural. Porque nos parece ben crear un observatorio para analizar os prezos do sector agroalimentario, pero esa ocorrencia xa a puideron ter vostedes bastante antes cando o propio sector lles demandaba desde hai meses a adopción desa mesma medida. É unha pena que esa medida longamente demandada e necesaria se inclúa dentro dunha proposición non de lei relacionada cos incrementos dos prezos e o plan de continxencia para facer fronte a eles como consecuencia da guerra de Ucraína.

Señor Puy, créame que con respecto á súa proposición non de lei, e no mellor do ámbitos construtivos, o máis que podemos chegar é a absternos. Absternos porque, evidentemente, algunhas das medidas que plantexa poden ser acertadas, algunhas das medidas que plantexa incluso cara ao Goberno central están amplamente superadas, e non teño, evidentemente, tempo para facer unha relación nin minimamente comprimida de todas elas. Saben vostedes que hai un goberno que está actuando de forma decida, que me parece ben desde o punto de vista político, e paréceme mal desde o punto de vista de que esa crítica en nada mellora a problemática social, e hai un goberno da Xunta de Galicia instalado permanentemente no que somos pioneiros, no que non hai ninguén que o faga mellor ca nós, e se algún se aproxima é simple e sinxelamente porque está copiando o que nós xa fixemos.

Polo tanto, señor Puy, conte non co noso voto en contra, pero si coa nosa abstención. Insisto en que é o máximo ao que podemos chegar visto o texto que vostedes propoñen.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas.

Eu quero agradecer o ton do debate. E quero dicir que cando comezou a pandemia houbo moitas críticas de moitos tipos e, ao final, unha das cousas que quedou boa da pandemia é que descubrimos a ciencia nas súas vantaxes, polas aportacións, solucións e medidas que nos permitiron superar a pandemia, pero tamén polos seus relativos fracasos, como os tempos que leva descubrir como funcionan as cousas, adaptarse á nova realidade. Mesmo polo medio tomar algunha decisión que non sabiamos que era correcta, pois aquilo de fregarse as mans porque podía contaxiarse pola man cando sabemos que vai polo aire, pasado.

Coa economía pois pasa un pouco o mesmo. Eu creo que precisamente por iso, cando falamos de medidas económicas ante unha circunstancia concreta como é unha suba exponencial da inflación, que xa viña de atrás, pero que coa guerra de Ucraína acelerou, pois hai que intentar, igual que fixemos coa pandemia, abandonar prexuízos ideolóxicos e tamén tendencias ou tentacións de partidismo; é dicir, da adhesión inquebrantable ao que se está a facer polo partido que un representa.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para empezar, o que hai que facer é non negar a realidade. A PNL non está corrixida, está ampliada, está literalmente co desglose exacto das cuestións que se puxeron. E, por outra parte, son as cousas que anunciou o presidente na súa comparecencia, as cousas que propuxo na Conferencia de Presidentes da Palma e as cousas que en boa medida xa están sendo aprobadas e aplicadas por parte da Xunta.

Hoxe, dixo o presidente que o bono de enerxía xa está no *DOG*, xa se está pagando o Bono Eléctrico, o Plan de axuda á hostalería xa está executado, pois tivo un éxito extraordinario desde que se anunciou e se puxo en marcha xa está esgotado. E certamente o que é certo é que Xunta está traballando nese plan. Nós animámola e impulsámola a que siga a facelo. Pero é que tamén, como dixo o presidente, nos adiantamos a moitas cousas, por exemplo, nas rebaixas fiscais. E é que tivemos un debate hai uns meses onde vostedes pedían que subiramos o imposto da renda, onde dicían que non se podían refractar porque favorecía aos ricos, e hoxe véñennos con que hai que baixar os impostos, que ademais non teñen efecto na inflación, porque se aplican para o ano que vén, e, en segundo lugar, veñen con que hai que refractar a tarifa do imposto da renda, que tampouco tería efecto.

Pero é que, ademais, está a ter moita axilidade administrativa. Hai unha cousa que nós fixemos en dúas ocasións: simplificar trámites administrativos para algo que se está a ver que é crucial relativo ao prezo da enerxía, que é a posta en marcha de parques eólicos. Nós aprobamos na pasada lexislatura unha lei que axilizaba os trámites, e nesta, aproveitando a situación dos parques, aprobamos unha nova simplificación administrativa. Esa simplificación administrativa vostedes simplifícana como unha Lei de depredación de Galicia.

Resulta que aí se mantén a declaración de impacto ambiental. Hoxe no decreto que se aprobou por parte do goberno desaparece a declaración de impacto ambiental para os parques eólicos, e é substituída por un supoñemos que moito menos ríxido informe ambiental. Ben, a isto nós adiantámonos e respectamos a declaración de impacto ambiental. Vostedes non fixeron nada, e agora van a toda présa e cárganse a declaración de impacto ambiental. Eu creo que é mellor como está a facer a Xunta, adiantándose aos problemas, actuando cando xorden ou cando se complican.

Con respecto ás cuestións que acaban de dicir, eu téñolle que felicitar e agradecer á portavoz do Bloque que nos dixera exactamente cal é o seu plantexamento diante da crise. Dixo que o problema é o sistema económico neoliberal e capitalista, que estamos nunha crise sistémica, un novo anuncio da caída do capitalismo e da economía social e de mercado; que hai que cambiar a orde social. E dentro diso, un programa moi da esquerda, ademais, pechado en Galicia, porque todo isto son medidas de intervencionismo económico puro, pero é que, ademais, non son de ámbito xeral, senón que son para Galicia. Pois déixannos no motivo polo que non podemos aceptar a súa emenda. É dicir, vostedes queren a intervención pública no mercado eléctrico e limitar os prezos e contemplar a excepcionalidade de Galicia. Pois nós non podemos apoiar iso. Sen embargo, alégranos saber que vostedes piden tamén rebaixar a imposición da enerxía do gas. Niso estamos de acordo. Polo tanto, a parte realista da súa proposición da súa emenda xa está no noso texto, e cambiar o mundo, pois eu síntoo. Pero é bo que Galicia saiba que vostedes queren cambiar a orde social, que vostedes queren

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nacionalizalo todo, que vostedes queren intervir todos os mercados. É bo que o saiban. Eu, particularmente, agradezo moito esa sinceridade.

E por parte do PSOE creo que hai coincidencia en practicamente todo. Hai cuestións de matiz, como, por exemplo, vostedes piden colaborar co Goberno de España para rebaixar imposicións sobre os hidrocarburos, pero é que a imposición sobre hidrocarburos é estatal. A Xunta xa dixo que non ten inconveniente en que esa rebaixa repercuta nas liquidacións que haxa dentro de dous anos. Pero iso de que incidiría inmediatamente no prezo dos hidrocarburos pódeo facer o Goberno central sen ningún problema.

Piden outras cousas que novamente creo que chegan tarde. Por exemplo, baixar as tarifas, as taxas nas ITV. É que a Xunta xa concordou coa empresa concesionaria da inspección técnica de vehículos a redución das tarifas para este ano no 1,42 de rebaixa; non só non sobe coa inflación, senón que se rebaixa co prezo do ano pasado previo á suba de inflación. Se estamos no 9,6, a rebaixa é do 10 % en termos reais, non en termos nominais.

Xa está regulado o impulso das iniciativas empresariais prioritarias. Con respecto, por exemplo, ao liderado do desenvolvemento de proxectos estratéxicos, eu creo que teñen que ver unha vez máis cal é o PERTE das enerxías renovables e a candidatura que ten presentada Galicia, e aí o que pedimos ou o que nos fai falta —que non vai nesta PNL— é que se inclúa na planificación de Rede eléctrica de España para o 26 o reforzo nos nodos de transporte máis próximos aos proxectos de renovación de xeración renovable, que ese é o problema que ten a enerxía, e así sucesivamente.

En definitiva, eu agradezo non só o ton, agradezo intensamente que o Bloque nos diga que é o que quere facer co país: aproveitar a inflación para cambiar a orde social, que está ben, é moi lexítimo; eu non o comparto, creo que a maioría dos galegos tampouco. E agradezo tamén a abstención do Partido Socialista porque, efectivamente, moitas das medidas que vostedes apuntan e que ten que facer a Xunta, ou xa están en marcha ou son moi semellantes ás que vostedes presentan na súa emenda.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autovías AG-55 e AG-57

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Mo bo día.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectivamente, estamos nunha situación de máxima emerxencia con todos os sectores económicos, con todos os fogares —ben, todos non— da xente que menos ten contra as cordas, cun risco evidente de asfixia, de estrangulamento de todos os sectores da economía. E, paradoxalmente, mentres algúns acaparan beneficios multimillonarios. Porque nisto tamén consisten as crises, señorías do Partido Popular. E por iso ten que haber intervención pública nos beneficios multimillonarios, por exemplo, das eléctricas ou das empresas do Ibex. Pero vostedes prefiren que a intervención pública sexa nas carteiras da clase traballadora, polo que se ve, *(Aplausos.)* coas medidas que non adoptan.

E diante desta situación extrema os gobernos teñen que actuar, e ten que actuar cada un no ámbito das súas competencias. O que pasa é que a Xunta ten un problema de identidade. Ata hai ben pouco a Xunta actuaba a media xornada de goberno e a media xornada de oposición, e agora xa quitou a careta e actúa de oposición a tempo completo, porque o señor Feijóo é o xefe da oposición en Madrid a tempo completo, ten o teléfono conectado por se acaso, vén aquí de visita evacuar consultas e marcha outra vez para Madrid. Polo tanto, a tempo completo oposición aquí e en Madrid.

E esta semana foron a Sevilla facer unha especie de terapia de grupo, facer unhas sesións de autoaxuda. Vexo que viñeron motivados e motivadas, animosos, escoitámolos nas entrevistas na radio. Non sei se o adestrador é o señor Tellado ou o señor Pazos, pero veñen aí, en fin, coas pilas cargadas. Alegrámonos moito. Pero, claro, o problema non é que hai que estar motivados, o problema é que hai que gobernar, hai que tomar decisións, e vostedes non o fan.

Aquí traémoslles unha proposta concreta nun ámbito de competencias da Xunta de Galiza, concretamente, dos transportes e a mobilidade das autoestradas e autovías de competencia autonómica. E en concreto dúas, onde hai unha situación permanente de agravio, de discriminación que sofren as empresas e a veciñanza de dúas áreas metropolitanas, das máis importantes do país: a da Coruña-Bergantiños, e tamén a de Vigo-Valmiñor, que sofren unha discriminación pagando peaxes abusivas, mentres outras comarcas teñen autovías autonómicas e son gratuítas.

Polo tanto, esta situación xera de por si un agravio e unha discriminación, pero máis agora neste contexto de grave crise, porque é un atranco para a competitividade das empresas, desde logo, e estamos a falar dunha zona onde hai numerosos e importantísimos parques e polígonos empresariais. E tamén é un atranco para a mobilidade das persoas que teñen que desprazarse, sobre todo as que teñen salarios máis baixos, todos os días para acudir aos seus postos de traballo, aos seus estudos, aos servizos; en definitiva, á actividade diaria e constante que teñen que facer.

Pero é que, ademais, estas peaxes o que están provocando é tamén unha afectación enorme no tráfico rodado nas estradas convencionais que atravesan núcleos de poboación, zonas moi habitadas, densamente poboadas; núcleos urbanos que teñen un incremento do tráfico, polo tanto, da inseguridade viaria, tamén do ruído e da contaminación. E voulles dar un dato para que quede claro: a estrada con máis ruído de toda Galiza é a AC-552, entre A Coruña e Carballo, que atravesa numerosos núcleos habitados moi importantes, e que ademais ten no

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

seu percorrido ata nove centros escolares e tamén centros de saúde. E o mesmo poderiamos dicir da PO-552, entre Vigo e Baiona e Oia, que é tamén unha zona densamente habitada, onde hai numerosos polígonos empresariais, e que, ademais —como sabemos—, no verán sofre un auténtico colapso polo incremento exponencial do tráfico. E moita xente que non pode pagar a autovía acaba utilizando a estrada convencional con estas consecuencias que acabo de enumerar. Fíxense: 5,10 euros de peaxe entre A Coruña e Carballo, e 3,40 euros entre Baiona e Vigo, e viceversa.

Diante desta situación, a Xunta aprobou no seu momento unha serie de redución das peaxes de bonificacións que nos parecen absolutamente insuficientes e que, ademais, nalgúns casos son medidas para a galería. Porque a principal medida aprobada pola Xunta é unha bonificación do 50 % en horario nocturno, en horario de 12 horas da medianoite a 6 horas da mañá. Eu non sei canta xente utiliza estas autoestradas a esa hora, e non creo que ninguén se levante ás 4 horas da mañá para utilizalas neste horario e poder aforrar o 50 % na viaxe de volta. Non sei se vostedes o fan, pero creo que non é o normal. Polo tanto, é unha medida que é un brinde ao sol ou, mellor, un brinde á lúa, polo horario no que se aplica.

Efectivamente, estableceron tamén outras bonificacións, por exemplo, unha redución do 25 % na viaxe de volta, e tamén, dentro da Lei de impulso demográfico unha bonificación para as familias numerosas. Non tiven ocasión de preguntarlle ao meu compañeiro Dani Pérez en que medida está esta bonificación incrementando a natalidade na zona, pero moito tememos que a xente non actúa por estes incentivos.

En fin, diante deste panorama, estas medidas xa eran insuficientes, xa eran discriminatorias no contexto anterior e moito máis agora neste contexto de grave emerxencia, de grave crise. E por iso o BNG trae hoxe aquí unha serie de propostas moito máis ambiciosas, moito máis beneficiosas.

A primeira proposta, señorías do Partido Popular e do Goberno da Xunta, é a supresión temporal das peaxes. Unha supresión temporal que se xustifica perfectamente neste contexto de emerxencia e de suba desmesurada dos prezos. Esta supresión temporal deberíase aplicar cando menos para as persoas usuarias habituais, é dicir, as que se teñen que desprazar todos os días por motivos laborais, por motivos de estudos, de servizos, ou para o transporte de mercadorías. Xa lles dixen que aquí hai importantes nós loxísticos e polígonos industriais. E sería unha medida compensatoria, unha medida de equilibrio territorial e de xustiza que tería tamén outros moitos beneficios derivados.

En segundo lugar, propoñemos que, unha vez que os prezos se estabilicen, se apliquen novas bonificacións —maiores das que existen actualmente— porque as que hai —como lles digo— son absolutamente insuficientes e inferiores ao caso, por exemplo, da AP-9, coas últimas bonificacións aprobadas.

E, en terceiro lugar, unha medida máis de calado e máis de fondo, que seguiremos defendendo aquí e en todos lados —porque nós defendemos aquí e nos concellos o mesmo, non coma vostedes—, e é que se faga un estudo serio para abordar dunha vez o rescate da concesión destas autoestradas e a súa gratuidade polo tanto. Trátase, en definitiva, señorías do

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Partido Popular, de acabar co agravio, coa aldraxe, coa discriminación que sofre a veciñanza de Vigo, de Oia, de Baiona, de Gondomar, de Nigrán; e tamén as empresas desta contorna, da Coruña, de Arteixo, da Laracha, de Carballo, de Coristanco, que son —eu diría— maltratados e maltratadas pola Xunta, tratados como cidadáns de segunda, porque sofren unha dobre penalización. Porque, ao final, están pagando as peaxes *a tocateja* cada día cando utilizan esta autovía ou se precisan utilizar esta autovía, e, ao mesmo tempo, están pagando tamén dos seus petos e dos seus impostos as peaxes na sombra das autovías autonómicas gratuítas doutras comarcas do país, *(Aplausos.)* e non hai dereito. Son 70 millóns anuais a principal partida de investimentos da Consellería de Infraestruturas, ata cerca de 2.000 millóns de aquí ao 2045.

Polo tanto, o BNG trae aquí propostas viables, necesarias, que están tamén avaladas por acordos plenarios dos concellos de todas estas zonas, de todos estes territorios. E o que lles pedimos ao Partido Popular, á Xunta, é que actúen, que gobernen, que voten a favor da xente e a favor da actividade económica desa xente, que precisa un goberno que se poña do seu lado no medio desta gravísima crise económica e social.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Pois a verdade é que non é a primeira vez que falamos nesta cámara sobre a rebaixa e o levantamento, tamén o rescate desas concesións, nesas autovías de titularidade autonómica, como son a AG-55 e a AG-57. É coñecido o posicionamento con respecto á AG-55 e á AG-57 do Grupo Parlamentario Socialista, tamén do PSdG, e nós sempre defendemos que é o momento xa de levantar estas peaxes, de rescatar estas concesións. Somos coñecedoras de que isto leva uns trámites, pero o feito é que levamos moito tempo reclamando que por parte da Xunta de Galicia se poñan a traballar xa neste senso. E cremos que sobre todo agora nun momento no que nos atopamos, nun momento tan delicado, pois é máis necesario que nunca.

Como dicía, témolo manifestado en múltiples ocasións tamén nesta cámara. E hai precisamente un ano, en abril do ano 2021, debatiamos neste mesmo pleno unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario do PSdG na que instabamos a Xunta de Galicia a liberalizar as peaxes na AG-55, entre A Coruña e Carballo, e na AG-57, Puxeiros-Valmiñor. E faciámolo porque entendiamos que é un clamor social e que é hora xa de acabar con esta inxustiza. Trátase dun espolio e dunha discriminación á que están sometidos os veciños e as veciñas, entre outros, da Costa da Morte e Bergantiños e do Val Miñor. E isto é así xa que as restantes

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vías —como se dicía e xa se dixo anteriormente— de competencia autonómica na nosa comunidade autónoma son gratuítas.

No caso da AG-55, que hai que recordar que naceu sendo unha autoestrada pública e gratuíta, a realidade foi que no ano 1997, aproveitando a inauguración nocturna —porque nese momento había medo e non se fixo xa como aquela inauguración do primeiro tramo— do tramo A Laracha-Carballo, esta foi privatizada. Os veciños e as veciñas foron totalmente enganados por parte da Xunta de Galicia, xa que lles foron expropiados os seus terreos para a construción dunha autovía pública e gratuíta para despois convertela nunha autoestrada con peaxes; peaxes cun custo excesivo e cunha concesión prorrogada ata o ano 2045.

E cómpre recordar tamén que este vial contou dende o primeiro momento cunha grande oposición social, algo que continúa presente dalgún xeito debido ao lastre económico que supón para as comarcas da Coruña, de Bergantiños e da Costa da Morte, así tamén como para o asentamento da poboación nas zonas rurais destas comarcas.

Por iso instabamos xa daquela, hai case un ano, a Xunta de Galicia a que no prazo de seis meses presentaran os estudos precisos para liberalizar estas peaxes na AG-55 e na AG-57, entre Puxeiros e O Val Miñor. Esta última inaugurada no ano 1999 cunha Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular, que, continuando con esa liña recadadora, apostaba pola construción de autoestradas de peaxe. Dende aquela os concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, moi afectados polas peaxes que ten a autoestrada, piden a súa eliminación, para non lastrar a economía das súas empresas e conectar estes concellos coa cidade de Vigo e con infraestruturas e servizos como son o Hospital Álvaro Cunqueiro, a Universidade de Vigo, o aeroporto de Peinador ou o parque tecnolóxico de Valadares.

Por iso —repito— pediamos que a Xunta liberalizara estas peaxes, pero o PP negouse. Iso si, pídelle ao Goberno central no tocante ás autoestradas que son de titularidade estatal que levante esas peaxes, pero non o fan nas que son da súa competencia. Consellos vendo que para min non teño. Polo tanto, o que lle pedimos á Xunta de Galicia é coherencia en relación coas peticións que lle fai ao Goberno central.

E nós sabemos —como diciamos— que é necesario facer trámites para poder rescatar estas concesións, pero o que pedimos agora é que temporalmente apliquen unhas rebaixas nas peaxes destas autoestradas, nomeadamente moi similares ás mesmas que está a aplicar o Goberno central na AP-9. As que vén aplicando o Goberno central na AP-9 dende xuño do ano 2021, a pesar de que a Xunta de Galicia, por activa e por pasiva, chegara e sempre puxera en dúbida que ían chegar estas bonificacións nas peaxes da AP-9, pero o certo é que os cidadáns e os galegos e as galegas están a beneficiarse destas bonificacións nas peaxes da AP-9. Iso foi así grazas a un Goberno socialista, grazas ao apoio de Pedro Sánchez a Galicia e grazas a eses orzamentos, *(Aplausos.)* que por moito que diga o BNG na súa iniciativa que esas bonificacións chegaron grazas a ese acordo de investidura, a realidade é que eses acordos chegaron grazas a eses orzamentos xerais do estado, que nin o PP nin o Bloque Nacionalista Galego apoiaron.

Esas bonificacións nas peaxes da AP-9 permiten a gratuidade en todos os traxectos de volta todos os días da semana e para todos os vehículos, esa bonificación adicional do 50 % do

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

percorrido de volta todos os días da semana e para todos os vehículos, esa gratuidade no acceso dende Redondela, esa rebaixa do 20 % do importe pagado en todos os percorridos realizados nun mes para aqueles vehículos que realicen máis de vinte viaxes ao mes. Ademais, tamén esas bonificacións para os vehículos pesados, cun desconto do 20 % das peaxes en todos os percorridos, a gratuidade dende o acceso de Redondela ou a bonificación ao cen por cento dos percorridos internos no tramo Redondela-Vigo, incluído o acceso ao porto de Vigo.

Estas son as bonificacións que pon enriba da mesa o Goberno central na AP-9, e, nembargantes, na AG-55 e na AG-57 redúcense as bonificacións —é certo— ao cen por cento na viaxe de volta, iso si, só para familias numerosas, ou esa bonificación do 50 % en horario nocturno, que, como dicía o señor Bará, non sabemos a quen beneficia.

Polo tanto, a Xunta de Galicia debe aliviar a carga fiscal que está sufrindo agora mesmo a poboación galega pola inflación e a carestía dos combustibles. Miren: é certo que nós apoiamos a emenda presentada polo Partido Popular aos orzamentos da Xunta de Galicia deste ano 2022. O Partido Popular presentaba unha emenda para incrementar en 650.000 euros a redución das peaxes nestas autoestradas; nós apoiamos esa emenda, pero xa diciamos naquel momento que quedaba curta. Porque a emenda que presentou o PSdeG era unha emenda para incrementar en 5 millóns as bonificacións nestas peaxes. Defendiamos unha emenda para destinar 5 millóns máis e incrementar as bonificacións das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica, en consonancia coas realizadas polo Goberno central para a AP-9. Pero non olvidemos que o noso obxectivo, o obxectivo do Grupo Parlamentario do PSdeG, e o que sempre defendemos, é levantar estas peaxes. Outra cousa é que agora temporalmente pidamos esa redución porque é dun xeito máis inmediato, pero sen olvidar o noso obxectivo final.

A Xunta de Galicia, nestes momentos que estamos a atravesar, ten que tomar decisións e axudar a aliviar esa carga fiscal que sofre a poboación galega pola suba dos combustibles. E dende o PSdeG fixemos propostas para que a Xunta de Galicia as tome dun xeito inmediato, pero parece que ese de momento presidente da Xunta de Galicia non quere escoitar. E diciamos rebaixar as peaxes das autoestradas de titularidade autonómica nun 75 % das tarifas para os e as profesionais do transporte, e nun 50 % para o resto das persoas usuarias. Pero o presidente da Xunta de Galicia nin está nin quere escoitar as propostas do PSdeG.

Faciamos outra, moi concreta, que consiste en que a Xunta de Galicia destine o 50 % da recadación cedida polo estado do imposto de hidrocarburos en bonificar o gasóleo ás empresas galegas de transporte de viaxeiros e de mercadorías. Porque non é certo que o Goberno central se estea a forrar con eses impostos. A realidade hai que contarlla tamén á xente, pois o 58 % dese imposto de hidrocarburos é cedido dende o Estado á comunidade autónoma. No ano 2021 Galicia recibiu neste concepto 454 millóns de euros. E nós propoñemos que a Xunta destine a metade, 227 millóns, a bonificar o gasóleo ás 9.700 empresas de transporte de pasaxeiros e mercadorías que hai en Galicia. Deste xeito, cada empresa recibiría unha media de 36.000 litros de gasóleo bonificado á metade de prezo.

Esas son, entre outras, as propostas que presenta este grupo parlamentario, pero que dende a bancada popular non se queren escoitar. Pero o peor de todo é que non querendo escoitar non están a facer nada para aliviar esta carga fiscal. Creo que é o momento de axudar xa os

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

galegos e as galegas, e, dende logo, a Xunta de Galicia ten os medios e ten as competencias para facelo.

E xa remato dicindo que nós imos apoiar a proposición non de lei presentada hoxe polo Bloque Nacionalista Galego. Saben cal é o noso posicionamento: que se traballe xa dende a Xunta de Galicia e se fagan os estudos necesarios e os trámites pertinentes para poder acabar con esta inxustiza social que son estas peaxes abusivas na AG-55 e na AG-57. É o momento de que a Xunta de Galicia se poña a traballar tamén.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, a verdade é que acabamos de asistir a unha constatación unha vez máis de que hai partidos políticos que naceron para estar detrás da pancarta. É onde se senten máis a gusto, onde están máis cómodos e, ademais, día tras día demostran que é o seu sitio, porque hai que ter pouca vergoña política e pouco respecto político para presentar unha iniciativa coma esta, sobre todo argumentando como argumenta o portavoz do Bloque Nacionalista Galego.

Sabe ademais que as competencias, porque o sabe e estou seguro, da Xunta de Galicia sobre as autoestradas propias fan que sexan as máis baratas do estado. Vostede sabe que o custo por quilómetro despois de aplicar as rebaixas son as máis baratas do estado. Pero, sen embargo, non lle importa.

Sabe ademais que o ano pasado, cando este grupo e este goberno xa adiviñaban que o IPC estaba desbocado e aínda non fora invadida Ucraína, pero xa se vía, este goberno aprobou un real decreto para mitigar as subidas do IPC. Xa o sabiamos. Isto dígoo porque algúns parece que non o sabían. E iso aprobouno o Goberno galego. Sen embargo, esa situación de emerxencia da que falaba o voceiro do Bloque Nacionalista Galego parece que o acaban de descubrir. Pero se isto se víase vir, señor Bará.

Di vostede que nesa situación de emerxencia non hai que entregarlles os cartos ás empresas do Ibex, pero ao mesmo tempo di que hai que rescatar as autoestradas. ¿E entregámoslle os cartos a quen? ¡Ah!, dálle igual. Dálle igual, esa é a forma de actuar do Bloque, ou sexa, dálle igual exactamente todo. *(Aplausos.)*

A verdade é que nesta iniciativa botamos en falla claramente que fagan referencia a outros casos. E é que unha vez máis o Bloque Nacionalista Galego vén a este plenario defender o Partido Socialista, porque o valor que lle dá o Bloque Nacionalista Galego aos sillóns nas de-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

putacións e aos sillóns nos concellos é moi superior ao valor que ten para o Bloque Galicia, e non se atreve nunca a dicirlle nada ao Partido Socialista. Iso non llo pode dicir.

Se hai unha autoestrada que no día de hoxe é sanguenta e hai un auténtico clamor, señora deputada, unha autoestrada onde non hai ningún tipo de rebaixa, ¿sabe vostede cal é? A AP-53, entre Santiago e Dozón. ¿E a que non saben de quen é a titularidade? ¿E a que non sabe cal é a autoestrada en Galicia que ten un custo por quilómetro máis elevado? Pois a que xestiona o Estado. Pregúntelles aos seus compañeiros da provincia de Ourense que lles parece o prezo desta autoestrada. Pero aquí non fan referencia nin o Partido Socialista, nin moito menos o Bloque Nacionalista Galego, que é submiso unha vez máis ao Partido Socialista, aos seus socios, porque son socios necesarios e que aprecian moito máis os sillóns.

A verdade é que os feitos din que as autoestradas de titularidade da Xunta, tanto a AG-57 como a AG-55, son as máis baratas. Incluso, señoría, máis baratas que a AP-9 despois de aplicar eses tremendos descontos. ¿Pero sabe que? Os descontos nestas autoestradas en Galicia foron aplicados dende o ano 2010. Así que non nos vai vir dar lecciónns de nada, ¡dende o ano 2010!

E falaba vostede dos transportistas, pero despois chegaremos aos transportistas.

Da transferencia da titularidade da AP-9 tampouco falan, porque aquí aprobámolo todos, pero despois o Partido Socialista en Madrid di que non. ¿E que fai o Bloque Nacionalista Galego? Calar. Eses temas non se tocan, porque non podemos incomodar o socio necesario para estar nos sillóns. ¿Cal é o prezo de Galicia, señor Bará, para vostedes? ¿Cal é o prezo de Galicia?

Falan vostedes de que non tomamos competencias e que dicía o señor Bará que non se toman decisións. É falso, pois dende o ano 2010 hai descontos. Pero repítollo: este ano pasado, en decembro, aprobouse unha iniciativa por parte do goberno, un decreto, para que as subidas do IPC non recaeran sobre os usuarios. Pero a vostede iso dálle igual, porque vostede aquí non vén a iso. Vostede aquí vén meterse co Partido Popular e defender o Partido Socialista, que son os seus socios. ¡Alá vostede!

Falaba vostede de que non había alternativas ao tráfico rodado. Dicía que no tramo entre A Coruña e Carballo había colexios, centros médicos... Non é verdade. Eu estiven repasando e chamei o noso voceiro en Carballo e repasamos o tramo. Claro que hai colexios por detrás e nas rúas posteriores, pero non nese tramo. Vostede cando queira invítoo, comemos un día na Coruña, damos unha volta ata Carballo e volvemos, e así podémolo ver.

Pero onde non existen alternativas é á autoestrada entre Santiago e Dozón. Porque aí, fíxese vostede: no tramo que vai de Dozón cara a Ourense, a alternativa á autoestrada ten un tráfico de 1.500 vehículos diarios, unha intensidade media de vehículos que se mide. Pero, ¿sabe canto ten de intensidade o tramo anterior onde se paga peaxe? Dez mil vehículos diarios. Pero aí nese tramo a vostede non lle importa. Un tramo da N-525 onde non hai carrís para adiantar, onde o estado do asfalto é bastante lamentable e onde si que atravesa moitas poboacións. Pero vostedes aí non falan, porque non vaia ser que se enfaden os do Partido So-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cialista. Se se enfadan os nosos socios, ¿que facemos? ¿Cal e o prezo que está disposto a pagar o Bloque Nacionalista Galego, señor Bará?

Nós temos bonificacións por frecuencia de uso, bonificacións por treito horario e, é verdade, para familias numerosas. Pero o importante, señora voceira do Grupo Socialista, non é a cantidade de desconto, non se equivoque; o importante é o que pagan os usuarios, o custo por quilómetro da vía. Iso é o que lle importa á xente, non a cantidade de descontos que se poidan ter, nin as distintas alternativas de descontos. Non. ¿Canto lle sae?

Falaba vostede dos descontos da AP-9 e falaban vostedes dos transportistas, incluso o dixo o Bloque Nacionalista Galego. Pero, ¿como se atreven? Se nos descontos da AP-9 os máis maltratados foron os transportistas, dixérono publicamente. Eu xa sei que a vostedes o transporte non lles importa para nada, salvo cando veñen aquí dicir o que queiran. Pero se acabamos de ter unha folga durante días e non se prestaron vostedes a sentarse con eles, ata que o país estaba bloqueado. *(Aplausos.)* ¡Porque non lles daba a gana! Pero é máis: eu tiven a oportunidade de falar con algunha desta xente, que estaba moi fastidiada porque eran autónomos e non lles daba, pois era máis barato ter o camión parado que facer un reparto, e non estaban organizados de ningún tipo. Pero, ¿sabe que? Agradecéronnos moito que estivésemos alí, e tamén nos dixeron: fostes os únicos que viñeron, porque os do Bloque non apareceron. E vostedes estaban escapando, igual que a ministra. E agora veñen aquí e intentan falar do transporte. Debería de darlles vergoña se alguén escoita o debate.

Dicíalles antes que, efectivamente, o Goberno galego publicou un decreto polo cal se facía unha achega extraordinaria para mitigar o impacto da subida nas tarifas, polo que se facía que os incrementos fosen moi inferiores no caso das autoestradas galegas. Pero a vostedes iso dálles exactamente igual.

E falaba o señor Bará de eliminar as peaxes. Eliminar as peaxes, primeiro, ¿con que cartos, señor Bará?, e segundo, ¿a quen hai que indemnizar se se eliminan as peaxes? Vostede non o quere dicir. Mentres tanto a Xunta foi facendo autoestradas libres de peaxe, moitas delas; si, señor. E estamos traballando na autovía do Morrazo, na conversión en autovía do tramo Nadela-Sarria, a vía Ártabra, a vía de alta capacidade Tui-A Guarda, a autovía Santiago-A Estrada, a vía de altas prestacións da Costa da Morte.

Dicía a voceira do Partido Socialista que a autoestrada de Carballo era unha vergoña porque se inaugurou pola tarde. Miren: pregúntelles aos seus compañeiros de Costa da Morte ou aos que están máis preto da Costa da Morte. O que é unha vergoña, señora deputada, é ir poñer a primeira pedra da autovía da Costa da Morte catro veces e despois ter que rescindir o contrato, que foi o que fixo o Goberno de Touriño e de Quintana. *(Aplausos.)* Catro veces puxeron unha primeira pedra con catro cerimonias, catro carpas, catro invitados en cada unha das veces e, ao final, rescindiron o contrato. Iso si que é vergoña para un político. Pero, en fin, vostedes sigan no que saben facer, que é enredar.

¿Sabe cal é o verdadeiro problema, que tampouco se atreven a traer a esta cámara, señor Bará? A Lei de mobilidade sostible. Esa Lei de mobilidade sostible considera que a mobilidade deixa de ser un dereito fundamental para ser un privilexio; introduce a posibilidade de que

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se cobren taxas por entrar co seu vehículo nas cidades, e, ademais, permite ou posibilita legalmente a instauración de peaxes nas autovías. ¿Que dicimos aí? Nada. Aí o Bloque non di nada. Se isto o chega a facer o Goberno do Partido Popular, vostedes xa teñen as pancartas, e estarían con elas en todos os sitios. Pero non di nada. Esta lei xa foi aprobada no Consello de Ministros, pero vostedes seguen sen dicir nada.

Pero non é o único preocupante porque, ademais de todo isto, resulta que pretende considerar que as obras futuras se non entenden dun criterio de rendibilidade política non se poderían facer. É dicir, todas as obras que se fixeron en Galicia de infraestruturas durante os últimos vinte anos non se poderían ter feito. Agora entendemos por que as autovías estatais están paradas ou case paradas, porque o que pretenden é que se acabe de aprobar definitivamente esta lei para parar todas as infraestruturas, porque se apelamos a ese criterio de rendibilidade económica non se fai ningunha. ¿E que di o Bloque neste caso? Calar a boca, porque non poden enfadar os seus socios.

Pero, ademais, supón que imos abandonar o rural. ¿E que di o Bloque? Pois calar. Ademais, o Estado nesa lei di que descarga nas comunidades autónomas o financiamento das obrigas de servizo público, nos servizos de transporte estatal, é dicir, o tren. ¿E que di o Bloque nestes casos? Calar a boca, porque non poden enfadar o seu socio fundamental para conservar os sillóns nas deputacións e nos concellos.

A verdade é que é bastante preocupante. E eu, señor Bará —e xa remato—, pregúntolle: ¿que ten que facer o Partido Socialista para que lle retiren o seu apoio? ¿Cal é o prezo que está disposto a pagar o Bloque Nacionalista Galego? ¿En canto considera que vale Galicia? ¿É que o Partido Socialista pode facer todo isto e vostedes estar calados? ¿Cren que así defenden a Galicia?

Eu creo que non, xa sei que non lles importa o que eu crea, pero estou seguro de que hai moitos galegos que pensan coma min.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Vexo que ao señor Calvo lle sentou ben a Feira de Abril, vén animoso, e teño que felicitalo antes de nada polo seu novo cargo de director —¿como é?— de campaña electoral ou algo así. Xa se ve que está aquí tamén totalmente no papel, ¿non? *(Risos propios.)* Aquí non diferenciamos. En fin, o problema é que vostede trouxo aquí un batiburrillo de argumentos que eu creo que ata se perde vostede no fío do discurso.

Lei de mobilidade sostible. Eu creo que vostede, como ten a cabeza en Madrid, como xa debe estar alí buscando piso en Madrid ou xa ten alí un, pois non está ao tanto do que pasa neste parlamento e na política galega. Pero o BNG... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* xa fixo un encontro aquí sobre este tema da Lei de mobilidade sostible, e voulle explicar para que entenda

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

facilmente que é o que defende o BNG. O BNG defende peonalización non penalización, ¿colleuno? É dicir, o BNG defende o que xa está facendo, o modelo Pontevedra, que é un exemplo en Galiza, no Estado español e no mundo. *(Aplausos.)* ¡A ver se se enteran! É o máis avanzado que hai en políticas de mobilidade, onde non se restrinxe o acceso para quen necesita ir aos centros das cidades, para quen necesita ir, porque vive alí ou ten que facer alí un desprazamento ou un servizo. Ese é o modelo do BNG, para que se entere.

E o que me preocupa máis xa é que vostede non pasee máis pola AC-552, porque se fose por alí sabería, como di un informe da Xunta, que é o que ten os niveis de ruído máis altos de Galiza, que supera os 75 decibelios, que hai máis de once mil persoas afectadas. Si, dio o estudo da Xunta de Galiza. Léollo: «dos cento corenta centros de ensinanza e sanitarios afectados en Galiza, nove están na AC-552». Dio un informe da Xunta de Galiza. Debería enterarse vostede do que publica a Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia, señor Calvo, que non se entera.

E vén vostede aquí falar de peaxes nas autoestradas estatais, e paréceme ben que o faga, alégrome de que o faga. Por exemplo, da AP-53. ¿Sabe por que hai esas peaxes abusivas na AP-53? Porque vostedes estiveron gobernando en Madrid seis anos e non os quitaron. ¿Que lecciónns queren vir dar aquí? *(Aplausos.)* Puideron facelo. ¿Por que non o fixeron? Nós aprobamos aquí, apoiamos unha PNL para que se rebaixen esas peaxes.

E xa que me fala da AP-9, da AP-9 xa lle dixen moitas veces que se falou por primeira vez da transferencia porque o trouxo aquí o BNG, porque deu o debate o BNG, porque impulsou unha PNL, e aprobouse por unanimidade tres veces, e vostedes boicoteárono en Madrid, e agora está boicoteándoo o PSOE. E falouse por primeira vez nas rebaixas na AP-9 porque o BNG levou ese debate á investidura en Madrid. Polo tanto, vostedes non nos poden dar lecciónns de nada disto, senón de todo o contrario: de subir as peaxes, de incrementarlle as concesións á concesionaria e de privatizar a autoestrada con beneficios multimillonarios para fondos de investimento internacionais. Ese é o haber do Partido Popular. *(Aplausos.)*

¿E vostedes que lle están dicindo agora á veciñanza destas comarcas da Coruña, Bergantiños, Vigo ou O Val Miñor? É que están de marabilla, que a Xunta os trata de marabilla, que lles fai pagar peaxes mentres noutras autovías autonómicas non se paga peaxe. Vostedes están agraviando, discriminando e maltratando a veciñanza desas comarcas. E queren facerse pasar por *guays*, que os están tratando ben, que lles rebaixaron *un poquito* as peaxes. Pois non, non tragamos con ese discurso. Vostedes castigan, discriminan a veciñanza e as empresas de Bergantiños e do Val Miñor. E nós ímolo vir dicir aquí e dicir tamén se fai falta coas pancartas e coas mobilizacións, para que se enteren, porque coas pancartas e coas mobilizacións avanzou o mundo e avanza tamén este país. *(Aplausos.)* Grazas a iso, grazas á loita de miles e miles de persoas que se mobilizaron en defensa dos dereitos do progreso da humanidade.

E xa remato. Señor Calvo, para que lle quede claro, na política ás veces hai que escoller entre o malo e o peor, e nesta ecuación vostedes son o peor. Vostedes son o peor para Galiza e o peor para as clases traballadoras deste país e de todo o estado. E vostedes pasaron á oposición, ¿saben por que? Porque tiveron unha condena por corrupción, por iso pasaron á oposición. ¡É que non se queren enterar! *(Aplausos.)* Ían vender a sede de Madrid, agora supoño que o novo equipo xa vai seguir en Xénova 13, xa está contento alí.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais, tamén para que lles quede claro, a súa alternativa é gobernar e branquear a ultradereita. *(Murmurios.)* Non, xa o están facendo en Castela e León, en Madrid, farano en Andalucía... *(Aplausos.)* Esta é a súa política, a súa axenda; unha axenda antigalega, unha axenda [machista], *(Expresión retirada polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)* unha axenda [xenófoba]. *(Expresión retirada polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.) (Interrupcións.) (Murmurios.)* Si, si...

O señor PRESIDENTE: Vaia despacio.

O señor BARÁ TORRES: ...unha axenda clasista. Cando pactan con esas forzas políticas aplican a súa axenda.

O señor PRESIDENTE: Señor Bará, un momento.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto,...

O señor PRESIDENTE: Pero ¿como se defendeu vostede desta maneira, ao final? ¡Por favor!

O señor BARÁ TORRES: ...non conten con nós para iso. Que lles quede claro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Imos retirar un par de palabras, señor Bará, co seu permiso.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, non, eu creo que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Hai que ter... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que me quere dicir con isto? Que hai capilaridade fina. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que me quere dicir? Non entendo que me quere dicir con isto.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Eu, non, pero hai algunhas palabras que vostede comprenderá que ofenden a dignidade dun grupo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Claro, si. ¡Perdoen! Eu milito para ben ou para mal nese grupo, e síntome ofendido. Tamén teño o meu dereito a expresarme. Eu son o presidente do Parlamento, pero son do Grupo Parlamentario Popular, que son os que me votaron. Non sei se o sabe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Creo que iso debería de sabelo. E eu síntome ofendido co que vostede acaba de dicir aquí.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Si, si, ¿como que non? Perdoe, eu son o presidente do Parlamento porque alguén me votou. ¡Correcto! ¿Ou non? ¿Ou vaime dicir que non agora? Pero ¿vaime dicir que non é así?

Entón imos manter... ¡Por favor! Non me diga... Eu teño dereito como os demais a sentirme ofendido, e agora sentinme ofendido. ¿Ou quere que diga que non me sentín ofendido? Oia: son o presidente do Parlamento pero non son parvo. Ata este punto imos chegar. Claro que me sentín ofendido, e por iso pídolle que determinadas actitudes vostedes as reconduzan. Creo que está claro. Xa lle pedín que o retire vostede... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede está insultando, insultou a este grupo chamándolle «machista», chamándolle «xenófobo». Si, ¿como que non? Si, si que o dixo.

Entón, pídolle que retire vostede esas expresións porque realmente atentan contra a dignidade dun grupo, e pídolle, por favor que as retire. *(Protestas.)* ¿Non as retira? *(Protestas.)* ¡Retíroas eu e chámoo á orde! *(Murmurios.)* É o Regulamento. *(Murmurios.)* ¡É o Regulamento! *(Aplausos.)* Síntoo. *(Aplausos.)* ¡Xa está! *(Aplausos.)*

Imos levar isto con calma, por favor. *(Risos.)* Non sei por que ao final se trastocou isto así, pero, bueno, entenderán que ten que ser así.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan estratéxico sobre o desenvolvemento da vivenda protexida dos polígonos 1, 2 e 3 de Navia, en Vigo

O señor PRESIDENTE: Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Bo día.

Señor presidente, non podo compartir para nada o que acaba de facer vostede porque, ademais, reflicte que o Partido Popular non só está comprando a axenda da extrema dereita, senón que se está intentando negar a posibilidade de que denunciemos a violencia machista. *(Aplausos.)* Porque cando o presidente nega a violencia vicaria está negando a violencia machista, *(Aplausos.)* e non poden silenciar unha bancada *(Aplausos.)* nin poden silenciar o feminismo cando denuncia esa situación. *(Aplausos.)* Non o imos aceptar. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: A violencia vicaria é violencia machista. *(Protestas.)*

(Murmurios.) *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa mandei retirar... Están retiradas aquelas expresións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Están retiradas aquelas expresións! E, nese sentido, eu agora non vou entrar neste debate. É outra forma de dicilo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, é outra forma de dicilo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

¡Silencio! *(Protestas.)* Non, non... *(Murmurios.)*

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Este é o problema das contradicións que lle empezan a saír ao Partido Popular... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Xa está! Proseguimos. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...cando compra determinadas axendas. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ¡Síntoo! *(Murmurios.)* ¡Síntoo! *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

¡Silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Está parado o tempo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Señora Prado! *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Prado, silencio. *(Murmurios.)*

¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Un pouco de calma. *(Murmurios.)* ¡Un pouco de calma, por favor! *(Murmurios.)* ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non entre vostede no debate, que non está... *(Murmurios.)* ¡Silencio!

Señora Fernández, continúe, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Ben, entrando no tema —porque tamén creo que é importante—, xa que estamos presenciando estes días —non sei se hoxe probablemente fose un dos últimos días— a deserción en diferido do presidente da Xunta, xa que estamos na fin da etapa Feijóo, tamén cremos que non vén mal recapitular cales foron os seus logros en materia de vivenda. Entre os máis destacados do señor Feijóo —«o moderado Feijóo»— foi o de conseguir desmantelar a vivenda protexida. Antes da entrada no Goberno do señor Feijóo,

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

víñanse iniciando 2.000, 3.000 e ata 4.000 vivendas protexidas ao ano. Chegou Feijóo, botou o freo de man á vivenda protexida e pasou a cifras tan baixas como 5 vivendas protexidas en 2015, 4 en 2016, 5 en 2017 e 2 en 2018. É dicir, que pasamos de contalas por miles a contalas cos dedos dunha man. *(Aplausos.)* E se contabilizamos toda a vivenda protexida na última década, vemos que se iniciaron apenas 2.200 vivendas protexidas en todo o país. Nunha década o Goberno do Partido Popular fixo menos vivenda da que se facía no Bipartito nun só ano. Ese é o nivel de desmantelamento da vivenda protexida do Partido Popular.

Pero é que, ademais, non só reduciu drasticamente o número de nova vivenda protexida, senón que normalizou un modelo, o modelo thatcherista da vivenda protexida; un modelo que potencia a vivenda protexida privatizada e que fai un ataque á propiedade pública da vivenda. E, como imaxinan, ese modelo Thatcher non é un modelo novo...; *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...o modelo Thatcher ten corenta anos e consiste en deixar de construír vivenda que pertenza á propiedade pública e ir desmantelando paulatinamente a que xa había. Un pouco de historia non vén mal.

No Reino Unido, antes do thatcherismo, a vivenda pública representaba un terzo do total das vivendas, e ao chegar o Goberno Thatcher marcou como obxectivo acabar coa vivenda pública como o piar do Estado de benestar. O que fixo foi dedicarse a vender o parque de vivenda pública, e para iso empregou unha fórmula moi sibilina —porque hai formas e formas de desfacerse do parque público, pero a esta señora gustáballe facer as cousas de forma sibilina—. Inventou o modelo do réxime de alugueiro con dereito a compra, que non confrontaba directamente co modelo anterior, pero ía progresivamente permitindo vender ao parque público e ir erosionando esa alta porcentaxe de vivenda pública que tiña. E, como consecuencia, o que houbo foi un desmantelamento, un aumento dos prezos do mercado libre e un aumento dos prezos en xeral.

¿Saben quen lidera no Estado español esta política do alugueiro con dereito a compra con moita diferenza? Si, o Goberno da Xunta de Galiza do moderado Feijóo; imita tal cal o modelo Thatcher. *(Aplausos.)* E, segundo datos do Ministerio de Fomento, neste país o 60 % das vivendas públicas están baixo ese réxime de alugueiro con dereito a compra. É dicir, que máis da metade do parque público de vivendas de Galiza está sometido a unha posible venda. Este é o cadro xeral que nos deixa o presidente Feijóo: freo de man a todo tipo de vivenda protexida e modelo thatcherista de ataque ao parque público de vivenda. Abandona un presidente, ao que non imos botar para nada en falta, e menos en materia de vivenda, onde só deixa resultados e cifras vergoñentas consecuencia de que o Partido Popular non cre que a vivenda teña que ser un dereito e non cre que a vivenda teña que ser un dos piares fundamentais do Estado do benestar.

E neste contexto negro anúnciase que por fin dunha vez por todas a Xunta ten a intención de iniciar a última fase do PAU de Navia; un proxecto que a Xunta leva paralizando durante anos, collendo po nun caixón; por certo, no mesmo caixón onde colleu po, durante anos, o instituto de Navia, en beneficio do centro privado que alí si hai. *(Aplausos.)* Agora que

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

veñen as eleccións parece que se acordan da sacalos do caixón. Veremos en canto tempo se farán reais.

En todo caso, a última fase do PAU de Navia non é un proxecto calquera; estamos a falar do maior desenvolvemento urbano de Galiza en décadas, porque vai supoñer a urbanización de 1.600 vivendas proxectadas. Agora ben, co baixo ritmo de desenvolvemento de vivenda que arrastra a Xunta, a primeira dúbida que temos é: ¿canto tempo lle vai levar á Xunta de Galiza desenvolver esas 1.600 vivendas? Porque se anuncian hoxe pero queremos saber se estarán en 2, 4, 5 ou 10 anos. ¿Cal é a previsión da Xunta de Galicia? E a segunda dúbida é: ¿con que modelo se vai facer esa vivenda protexida? Porque o noso temor é que a Xunta vaia agora hipotecar pola calada o futuro desas vivendas. A pregunta clave do modelo é: ¿cantas desas vivendas protexidas van ser vivenda pública? Porque ese é o único réxime que garante un modelo de vivenda pública *ad futurum.*

E, polo volume de solo que se vai desenvolver, estamos ante unha oportunidade histórica como non a hai en décadas de aumentar a porcentaxe de vivenda pública en Vigo, o que vai supor tamén mellorar a accesibilidade de forma directa pero tamén intervir de forma indirecta sobre o prezo da vivenda libre. É por iso que a cidade de Vigo ten dereito a coñecer que ten pensado facer a Xunta de Galiza.

Polo de agora, o único que sabemos é que hai escurantismo e ambigüidade. É incomprensible que a Xunta de Galiza ata o de agora non teña presentado ningún plan de cal vai ser o modelo de vivenda protexida das 1.600 vivendas protexidas que se van facer. Non hai ningún obxectivo enriba da mesa, nin tampouco unha negociación aberta e transparente, senón que o que vemos é unha forma de negociar opaca con determinados promotores nos que se define de forma pouco transparente cal vai ser o futuro desa vivenda. Non se facilita información a este Parlamento. Anúncianse 1.600 vivendas protexidas, pero non se especifica se van ser públicas, privadas ou en que réxime. En definitiva, que a Xunta de Galiza está simplemente reducindo isto a un anuncio de que vai haber 1.600 vivendas protexidas, sen determinar o modelo.

Pero en parte esa careta que vostedes queren manter da indefinición e da ambigüidade xa lle caeu, porque tivo que vir aquí responder o director do Instituto Galego da Vivenda e Solo a unha pregunta deste grupo. E aí o director do Instituto Galego da Vivenda e Solo respondeu que só garantía que das 1.600 vivendas que se van proxectar só 80 fosen en réxime público. ¡Só 80 de 1.600! E para iso nin sequera garantiu cantas delas van ser en alugueiro e cantas se van acabar vendendo. É dicir, que a horquilla que manexa a Xunta de Galiza de resultados de vivenda pública está entre as 0 e 80 vivendas definitivas, de 1.600 vivendas que se van proxectar. Supéranse ano a ano.

A cidade tiña e ten aínda unha oportunidade histórica de cambiar a situación da vivenda, pero todo apunta a que o Partido Popular a vai enterrar e hipotecar, entregándolle practicamente todo o solo a promotores privados. Exixímoslles que muden vostedes a folla de ruta, que a muden xa. E, para comezar, o lóxico, o responsable e o honesto cos vigueses e viguesas é que a Xunta elabore e presente un plan estratéxico de cal vai ser o desenvolvemento do polígono 1, 2, 3 en Navia, das 1.600 vivendas que se van facer.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E na nosa opinión, ese plan, ademais, ten que contemplar algúns aspectos chave. O primeiro é que se defina unha porcentaxe de vivenda pública que sexa coherente coa demanda que existe. En Vigo, señorías do Partido Popular, o 75 % da xente que está no Rexistro de demandantes de vivenda pide vivenda pública. Non é aceptable que a Xunta só faga unha reserva dun 5 % do total da vivenda para a promoción pública, cando o 75 % da poboación pide promoción pública. Ten que haber unha coherencia entre as necesidades e a proposta da Xunta.

En segundo lugar, cómpre establecer un mínimo de vivendas en alugueiro en cada promoción, que nós situamos nun mínimo dun 60 %, porque hai un problema de accesibilidade no mercado de alugueiro de vivenda libre moi importante que hai que resolver. E, á parte, o alugueiro é a única forma de que esa vivenda siga sendo pública. Non podemos seguir con ese modelo de venda da vivenda protexida.

E, en terceiro lugar, debe reservarse unha parte desa vivenda pública para responder a situacións de emerxencia habitacional, como desafiuzamentos ou como casos de violencia machista, e poñer en marcha, por certo, dunha vez por todas o programa *Housing first*. En definitiva, ter unha marxe por parte das administracións para dar resposta ante as situacións máis complicadas, porque neste momento a situación é tan dramática que cando unha persoa é desafiuzada na cidade de Vigo a Xunta de Galiza proponlle ir a vivir á Cañiza ou a Vila de Cruces, que é onde teñen algunha vivenda pública. Iso non o pode aceptar unha persoa que está nunha situación de vulnerabilidade. Sería trasladar a súa familia, igual perder o traballo... É inaceptable. Ten que haber un parque de vivenda público nunha cidade como Vigo para as situacións de emerxencia habitacional.

En cuarto lugar, definir unha estratexia de diversidade e flexibilidade tipolóxica para tecer un barrio con máis mestura social e con espazos de calidade que permitan a interacción social.

E, por último, propomos estudar e definir criterios de eficiencia enerxética, de sustentabilidade e de perspectiva de xénero no deseño tanto a nivel do edificio como a nivel urbano.

En definitiva, o que propomos, señoría, é que se realice un plan que esprema esta oportunidade para que Navia sexa un barrio modélico pola promoción de vivenda pública, pola cobertura e pola atención ás múltiples necesidades en materia de vivenda; un barrio no que innovar solucións sustentables, socialmente diversas e cunha mirada feminista. E isto, que parece que pode ser case que unha utopía no contexto da política de vivenda que fai a Xunta, é o que se fai habitualmente no resto de países europeos. Ese é o debate: se estamos dispostos a incorporar os elementos positivos da cultura urbanística europea nas políticas públicas da Xunta de Galiza...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...ou se vostedes van continuar anclados a un modelo que se limita a responder exclusivamente ás necesidades dun grupo reducido de promotores privados.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E remato xa, presidente.

Traemos unha proposta concreta que mira ao futuro e que atende as necesidades dos nosos tempos. E a Xunta de Galiza ten todas as competencias e toda a capacidade para decidir cal vai ser o plan. E dígolle isto especialmente á portavoz do Partido Popular, porque seguramente vai ter tentacións de facernos un recordatorio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...de todos os problemas e desavenencias que ten o concello. Esta é unha competencia exclusiva da Xunta, e o que lles interesa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...aos vigueses e viguesas —acabo xa— é saber...

O señor PRESIDENTE: Por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...cal é a posición e a vontade da Xunta de Galiza a este respecto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi bo día, case boa tarde xa, a todas e a todos.

Hoxe, que neste debate parlamentario se fala moito de datos, de estatísticas, de comparativas, cómpre lembrar e poñer como punto de partida unha regra básica, unha premisa, que é que, cando falamos de datos, para ser un pouco precisos, hai que citar as fontes. Por iso, cando o Grupo Parlamentario Socialista fala de datos, como por exemplo que hai 60.000 persoas ocupadas menos como herdanza e balance do Goberno do señor Feijóo estes trece anos, falamos de datos do Instituto Nacional de Estatística; cando falamos de que a emancipación da mocidade está nos niveis máis baixos da última década, falamos do Instituto Nacional de Estatística; cando falamos de vivenda, falamos de distintos indicadores oficiais, como o Observatorio do Ministerio ou da foto fixa que empregaremos hoxe, que é o Rexistro Único de Demandantes de Vivendas. Se non, se non temos por costume esta boa práctica de falar de datos citando a fonte, pode pasarnos como ao presidente da Xunta, que hoxe pasou en poucos minutos —pode que pasara desapercibido— de dicir, nunha das súas respostas ás preguntas dos grupos da oposición, que levaba tan só 48 horas como presidente do Partido

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Popular a dicir, aos poucos minutos, na última quenda de resposta, que levaba tan só 72 horas. É dicir, a precisión nos números é importante.

E nós diciamos que para falar de vivenda, de balance, da foto fixa que temos como punto de partida, imos ir ao Rexistro Único de Demandantes de Vivenda a golpe de clic; sinxelo, despois do debate que tivemos hai dúas semanas neste pleno e da comparecencia tamén a preguntas do Grupo Popular da conselleira de Vivenda. Son datos a 4 de abril —de onte pola tarde— do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda. Por se caemos na tentación de repetir hoxe aquí iso de que en Galicia non hai persoas que demanden unha vivenda pública e que non teñan posibilidade de acceder a unha, dígolle que 16.388 persoas onte pola tarde estaban inscritas nese Rexistro Único de Demandantes de Vivenda. Son máis de dezaseis mil persoas inscritas, que representan a unidades familiares.

Ben, como temos explicado, se facemos tamén unha comparativa da evolución deste rexistro nesta última década, o que comprobamos é o colapso que hai pola nefasta ausencia absoluta —poderiamos dicir— de políticas públicas en materia de vivenda. E falando da cidade de Vigo, miren, desas 16.000 persoas que onte pola tarde estaban inscritas —unha cifra que apenas se moveu nestes anos nese rexistro—, a metade, 8.000, están na provincia de Pontevedra; a metade desa cifra. Desas 8.000, case 6.000 son demandas só da cidade de Vigo. Hai máis de 5.700 persoas, veciñas e veciños de Vigo, que demandan unha vivenda accesible, case 6.000.

Se collemos os datos de toda a provincia da Coruña, pouco máis de 4.000, vemos que Vigo supera con creces —só a cidade— esa demanda. Se sumamos a demanda de todas as grandes cidades e engadimos as principais localidades, a suma de todas elas está por debaixo da demanda, da cifra que hai na cidade nese rexistro de Vigo, de máis de 5.600 persoas; unha cifra que, ademais, non varía, pero o que si varían son os titulares, as persoas que están aí inscritas, porque outra das realidades que amosa ese rexistro é que moitas das persoas, cansos de non obter resposta —sobre todo as máis mozas, como comentaba a voceira do Grupo Parlamentario do BNG, do grupo propoñente—, o que fan é directamente darse de baixa e buscar a vida noutras localidades da contorna. Polo tanto, no exemplo de Vigo, esas cifras son o mellor reflexo desta política ausente, nefasta, absolutamente inexistente, en materia de política de vivenda pública deste goberno nestes trece anos.

E por se caen na tentación —que imaxino— neste debate de botar as culpas a outros, como é habitual, eu quero poñer en valor as palabras da súa propia conselleira de Vivenda, que neste pleno, hai dúas semanas, anunciaba que ían acudir ao Tribunal Constitucional a denunciar a futura Lei de vivenda estatal porque lembraba que as competencias son propias da comunidade autónoma en materia de vivenda. E nós diciamos —dixémolo tamén a semana pasada na Comisión de Vivenda— que benvida esa querenza, benvido ese agarimo, esa defensa das competencias propias en materia de vivenda. Lémbreno hoxe cando falemos de vivenda pública e de competencias.

Benvidas serían tamén esas competencias, esa querenza, esa defensa na execución orzamentaria; temos fresca a do ano pasado. Se xa lamentamos e diciamos que era absolutamente inexplicable a baixa execución en programas de acceso á vivenda no ano 2020, vemos

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que o ano pasado se superan. Se collemos todos os créditos vixentes, todos os recursos dispoñibles que tiveron en programas de acceso á vivenda, o peche, a decembro de 2021, é de apenas un 32 % de execución. Case o 30 % dos fondos dispoñibles en programas de acceso á vivenda non foron executados. Tamén poderiamos falar, xa que poñen en valor esa querenza polas competencias en materia de vivenda, dos orzamentos para este ano 2022, nos que se ve que máis dun 40 % está por debaixo do que se orzaba no ano 2009 en programas de acceso á vivenda.

Nós pedimos no pasado pleno, neste contexto que está azoutando as economías domésticas, que se está poñendo, ademais, sobre a mesa que o principal problema que están a vivir as familias en Galicia —así o amosan tamén todos os indicadores— é o pago dos alugueiros. Pedimos que axilizasen cando menos, á vista de que só presentan grandes programas, grandes plans estratéxicos, que, como dicía o noso voceiro na pregunta ao presidente da Xunta esta mañá, non se traduce no DOG que polo menos axilicen este ano a información e as convocatorias no marco do Plan estatal de vivenda, que tampouco o están a facer.

Así que, non sigan tapando este desleixo nin dediquen os esforzos a falar de ocupación —falaba antes de ser precisos nas fontes— encargando informes que negan a realidade e os datos oficiais de fontes como o Consello Xeral do Poder Xudicial para dicir que o gran problema era a ocupación, ou para traer agora iniciativas á comisión ou a este pleno dicindo que piden que nos sumemos a esas comunidades autónomas que van ir ao Tribunal Constitucional a denunciar a Lei de vivenda, a futura Lei de vivenda, porque invade as competencias propias autonómicas. Preguntábannos no Grupo Popular na última comisión se iamos estar do lado —como falaba tamén o presidente da Xunta— de comunidades como Madrid ou Murcia, que tamén van denunciar; comunidades gobernadas co apoio puntual da ultradereita ou comunidades que tamén van denunciar —¡que sorpresa!— como Galicia e Castela e León, que ten aí no forno, a punto de saír, ese primeiro goberno bipartito coa ultradereita.

Dicía a conselleira de Vivenda que esta futura lei era unha perversidade. Literalmente dicía que era «perverso» querer limitar os prezos do alugueiro. Hai que facer auténticos equilibrios para estar facendo grandes debates, amosando preocupación, dando golpes no peito, pedindo que se conteñan, que se topen os prezos do gas, da luz, dos combustibles, cando logo se cualifica de perverso que se topen os prezos do alugueiro, neste contexto de crise.

Perversidade é ter case seis mil demandantes de vivenda pública na cidade de Vigo maioritariamente demandando, ademais, un alugueiro e dicir que non existe tal problema de acceso á vivenda. ¿Que hai máis perverso que o negacionismo da realidade? Agora e despois de anos sen mover un papel nesta última década, temos enriba da mesa esa aprobación inicial do proxecto de urbanización do polígono 1, da ampliación do barrio de Navia e do desenvolvemento —benvidas sexan— das primeiras fases. E temos a oportunidade de facer algo tan básico como o que pide esta iniciativa —nós xa anunciamos o noso posicionamento a favor—, como cumprir a lei, que é facer políticas en consonancia —iso di a lei— co que amosa ese Rexistro Único de Demandantes de Vivenda.

Fan grandes presentacións dicindo que se van construír 1.600 vivendas, pero cando se fala de unicamente a raquítica cifra de 80 vivendas de promoción pública, dende logo, poden

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

facer vostedes mesmos as contas con esas cifras que dabamos de máis de 5.700 persoas inscritas nese Rexistro de Vivendas. Así que temos, como diciamos, unha gran oportunidade, e ademais lembramos como poucos días despois na comparecencia do conselleiro e en comisión tamén o Grupo Popular votou en contra de impulsar o necesario Instituto de Navia, porque, xa que estamos a falar de desenvolver a ampliación do barrio máis populoso da cidade, teriamos que dar cumprimento, despois dunha década de incumprimentos, á creación dese instituto. Votaban en contra en comisión, pero logo, días despois, a conselleira de Vivenda e o conselleiro de Educación se achegaban ao barrio de Navia para anunciar o Instituto de Navia. ¡Benvido sexa tamén! Falaban de 12 millóns de euros. Poucas semanas antes o presidente da Xunta falaba de 8 millóns de euros. Queremos lembrar que no orzamento deste ano hai 50.000 euros non para o Instituto de Navia, senón que pon para o novo instituto de Vigo.

¡Oxalá deses anuncios pasemos ás realidades! Queremos lembrar aquí que o Concello de Vigo remitía no ano 2020 un convenio amosando o seu compromiso de ceder os terreos para impulsar —vistos os incumprimentos— ese instituto, porque o barrio de Navia non pode seguir medrando, porque xa ten agora mesmo o problema de que as rapazas e os rapaces se ven na obriga de ter que desprazarse máis de dez quilómetros para ter unha praza nun instituto público.

Así que benvidos sexan os anuncios, benvida sexa a ampliación por fin desa urbanización dos novos polígonos en Navia, pero cumpran coa dotación do instituto comprometido, que agora anuncian, aínda que sexa complicado pescudar de onde saen os orzamentos, porque van mudando a cifra, pero benvido sexa.

Agardamos feitos e aproveitemos esta oportunidade para facer ese desenvolvemento urbanístico, en consonancia, como dicimos, coa demanda que hai na cidade de Vigo de vivenda, despois de dez anos de absoluto desleixo en materia de vivenda pública —dános unha media de 5 vivendas ao ano construídas na etapa Feijóo na cidade de Vigo—. Fagamos as contas. Temos agora, como diciamos, a oportunidade de facer un pouco ben as cousas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

Señora Fernández, insúltanos, chámanos machistas, chámanos xenófobos e pide que quedemos impasibles. Pois non, non imos quedar así, porque iso non é certo.

Vostede igual cambiou de partido, de Podemos ao Bloque Nacionalista Galego, primeiro porque o Goberno de Podemos maltratou Galicia nos orzamentos, pero quizais tamén porque o

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

número 1 do seu partido, ¿sabe que di?: «*La azotaría hasta que sangrase*». Iso si que é unha realidade e é machismo. *(Aplausos.)* Non imos permitir eses insultos. Non somos nin machistas nin xenófobos neste partido. *(Murmurios.)*

Señora Otero, fixo vostede referencia a que gobernamos coa extrema dereita. Vostedes gobernan coa extrema esquerda do Bloque Nacionalista Galego —estao vendo aquí— *(Murmurios.)* e con Podemos...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...en moitas deputacións, en moitos concellos e, polo tanto, branquean esa extrema esquerda. Señora Otero, ten vostede que sabelo tamén moi ben.

E ben, imos ao tema. Comezaba a señora Fernández cunha lección de historia marchando ao Reino Unido, cando non querían saír do Padornelo. Pero ben, marcha ao Reino Unido para facer as súas teorías. E eu creo que a historia importante, cando falamos de Navia, cando falamos de Galicia e cando falamos de vivenda, está aquí, en Galicia. E se hoxe estamos falando de Navia e do PAU de Navia é porque gobernos autonómicos do Partido Popular o sacaron adiante. Iso era un solar, e o conselleiro Alberto Núñez Feijóo no seu día apostou por Navia, apostou por Vigo e apostou pola vivenda de protección oficial. E hoxe un goberno da Xunta de Galicia, gobernada por Alberto Núñez Feijóo como presidente, segue apostando por Navia, segue apostando pola vivenda de protección oficial e por unha política de vivenda clarísima, que está, ademais, apoiada por unha maioría neste Parlamento e pola maioría dos galegos, señora Fernández. Esa historia ¿que importa? Porque vostede fai aquí unha reformulación de Navia, pero é que Navia existe grazas aos gobernos autonómicos do Partido Popular. E non pode eludir ao Concello, porque se Navia ten que medrar é cousa de dúas administracións. Non é que se lle bote a culpa a uns ou a outros. Imos ver o que fan uns e o que fan outros e, polo tanto, despois poderemos decidir.

Mire, saberán vostedes que a Xunta de Galicia sacou o pasado 24 de marzo a licitación por 11.453 millóns de euros das obras de urbanización do primeiro dos tres polígonos nos que se divide a ampliación do barrio residencial. As actuacións non se poderán adxudicar ata que a aprobación do proxecto sexa definitiva. E, de momento, falamos de aprobacións iniciais do polígono 1 e do polígono 2; aprobacións iniciais, como digo.

Saiban que o Concello de Vigo conta co proxecto dende hai un ano, para que o saiban todos vostedes; un proxecto que dotará a cidade de Vigo, como dixeron as dúas voceiras que me precederon, de 1.600 novas vivendas en Navia. Polo tanto, quero dicirlle a Abel Caballero e á señora Caride que poñan as pilas. Se realmente lles interesa apostar pola vivenda e por que Vigo teña oferta de vivenda pública, que eles tamén axilicen os prazos. Se non lles importa, se só é de boquilla, pois, entón, iso é o que temos que ver cos feitos. Porque a Xunta está traballando e, como digo, se estamos falando de Navia, é grazas a gobernos do Partido Popular. E toda esa oferta pública de vivenda que hai en Vigo é grazas a gobernos do Partido Popular.

Para situarnos, o IGVS entrega ao Concello a documentación dese proxecto en abril do ano pasado e dende entón o Concello realiza multitude de requirimentos que van dilatando a

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tramitación e que nalgúns casos mesmo supuxeron cambios de criterio ou a inclusión de elementos que non foran requiridos polo Goberno local con anterioridade.

¿Isto que significa? Significa que dende o Concello de Vigo queren enredar, incordiar e dilatar os procedementos, como con tantas cousas, non só coa vivenda e non só con Navia.

Gustaríame lembrarlles, e ademais explicarlles, se non o saben, que a Xunta, para adaptarse á preferencia manifestada polo Concello de Vigo —sempre á preferencia manifestada polo Concello de Vigo—, aceptou cambiar toda a rede de abastecemento de polietileno a fundición; todo co fin de tentar desbloquear a tramitación dos proxectos.

De igual xeito, o IGVS tamén se adaptou ás preferencias manifestadas a posteriori polo Concello con relación á capa de rodadura dos viarios, incrementando o seu espesor por encima do que exixe a normativa, porque era o que quería o señor alcalde de Vigo, Abel Caballero. Pero iso era enredar, incordiar e dilatar o procedemento. E non só iso, porque tamén incrementaron os custos.

A Xunta de Galicia estivo coa man tendida e colaborando, e por iso hai diferenza entre uns e outros. E non é botarlle as culpas; é que realmente isto é cousa de dous; é cousa de dúas administracións, pero unha vai avanzando e a outra vai poñendo sempre paus nas rodas.

E, ademais, dígolle unha cousa, falan do instituto, de a ver se se fai, de a ver se se cumpren... Mire, se facemos un repaso agora dos trece anos do Goberno de Alberto Núñez Feijóo, vemos que cumpriu todos os seus compromisos con Vigo. Cumpriu todos os seus compromisos con Vigo, todo o que anunciou, e alí están. Eu repítoo moitas veces porque é certo. Esperen vostedes, agarden, porque xa lles dixen que ese instituto en Navia será unha realidade moi pronto.

Eses cambios solicitados polo Goberno local, como digo, máis aló das exixencias legalmente establecidas, obrigaron os redactores a facer novos cálculos, a adaptar os tres proxectos orixinais e, ademais, a carrexar un aumento dos custos previstos inicialmente, que, se os sumamos á suba experimentada polos materiais de construción, ascenden a un total de 2,4 millóns de euros. E isto é atraso para os vigueses e incremento no peto dos vigueses e de todos os galegos polas exixencias do señor alcalde de Vigo. Miren se ten ou non ten que ver o Concello de Vigo neste Plan de vivenda e nestes proxectos que ten a Xunta de Galicia.

Mire, só no polígono 1 o sobrecusto é de máis dun millón de euros, polo que volvemos pedir axilidade ao Concello de Vigo para que non poña pedras no camiño e para que non repercuta nos petos dos galegos.

Señora Fernández, o novo ámbito residencial de San Paio de Navia abrangue unha superficie de 265.000 metros cadrados, no que se prevé realizar un investimento privado e público de 250 millóns de euros, co fin de habilitar un total de 1.600 novas vivendas protexidas. Ese é o enunciado do todo o trámite, de todo o traballo que se fai desde a Xunta de Galicia. Para iso, ou para cumprir a meirande parte das peticións, terá que ter en conta os trámites municipais, a Xunta de Goberno local, incluso a propia Xerencia de Urbanismo, etc., e todos os trámites, como digo, que hai que axilizar.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ata o momento están aprobados o polígono 1 e o polígono 2 B, un o 25 de marzo e outro o 1 de abril —demoráronse un ano—, e vostede fai unha serie de propostas que, ao noso entender, teñen que solventarse con outro tipo de medidas sobre aspectos técnicos que plantexan, por exemplo, espazos de interacción social e flexibilidade tipolóxica de edificación, que xa están contemplados e que xa están demostrados, e así mesmo establece unha serie de puntos que redefinan —di— o PAU de Navia. Pero xa hai un plan para Navia que dá resposta a ese PAU e ás vivendas. Agora a vostede parécelle que é doado reformular todo o que é Navia, pero cando estaba o Bloque Nacionalista Galego no Bipartito iso xa estaba iniciado, e vou dicirlle o que fixeron ou o que non fixeron porque vostede igual non o sabe.

Mire, o Bloque Nacionalista Galego, que era o que tiña as competencias en materia de vivenda, non iniciou nin unha soa vivenda de protección pública en Navia nos catro anos que gobernou. Nas primeiras fases de San Paio de Navia, con máis de tres mil vivendas en total, o Bipartito non iniciou ningunha —e, se non, demóstreo vostede, se é o contrario—. Non deixaron reservada ningunha parcela para a futura construción. Fixeron un concurso para adxudicacións de solo para vivendas protexidas no que o que máis se valoraba eran as propostas arquitectónicas. E hoxe nótase tamén ese matiz nesta PNL. O máis importante: todas as matrices arquitectónicas, toda a sostibilidade... Si, é certo, pero non tiñan vostedes en conta nin primaba o acceso ás vivendas dos colectivos máis vulnerables, cando estaban gobernando no Bipartito, nin primaban as vivendas de réxime especial, nin as destinadas ao alugueiro, señora Fernández. Polo tanto, vostedes, en materia de vivenda, cando gobernan, non fan nada do que piden nin do que din. Entón, é todo o contrario.

Polo tanto, nós aquí non podemos aprobar unha PNL que sabemos que é un auténtico canto de serea. Si, moi ben redactada, moi ben plantexada, cuns proxectos e uns matices técnicos importantes, pero que non vai solventar os problemas de vivenda dos galegos.

Mire, outra cousa que non fixeron vostedes no Bipartito foi que non adquiriron tampouco nin un só metro cadrado de solo para ampliación, nin remataron o parque e as zonas verdes da urbanización, que tivo que rematalo despois o Goberno de Alberto Núñez Feijóo. Así que outra vez lle digo: fixeron todo o contrario do que agora piden.

Mire, actualmente a Xunta, no polígono 1, de ampliación, construirá 207 vivendas, preto do 40 % do total dispoñible, e preto do 74 % das vivendas que se constrúan nese polígono irán destinadas a persoas de familias con menor nivel de ingresos.

Gustaríame, señora Fernández, aclararlle, antes de que remate o tempo, unha terxiversación que vostede plasmou por escrito na exposición de motivos e que hoxe tamén dixo aquí na tribuna, e é referente á resposta do director xeral do IGVS o pasado 15 de decembro na Comisión 2ª. Vou lerlle o que dixo. Dixo: «Unha parte importante das vivendas que se constrúan en San Paio de Navia serán de promoción pública, construídas pola Xunta de Galicia, e outra parte serán vivendas de protección autonómica, construídas por cooperativas ou promotores privados. E construiranse vivendas de promoción pública nos tres polígonos da ampliación. Polo momento e para gañar novamente tempo, imos licitar a principios do ano que vén a redacción dos proxectos de construción das primeiras» —¡das primeiras!— «80 vivendas en dous bloques de 40, no primeiro polígono de ampliación. Estas serán as primeiras

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vivendas de promoción pública que se inicien en Navia, pero despois virán novos proxectos conforme avance o desenvolvemento da urbanización e da construción destas vivendas». E tiña que dicir «en sede parlamentaria». Resulta evidente que o que asegurou do director xeral do IGVS é falso, e, polo tanto, esa afirmación non entra dentro da realidade. Señora Fernández, vostede parte dun punto que non é real.

Polo tanto, a Xunta cumprirá, os vigueses terán oferta de vivenda pública e Navia será un produto de gobernos do Partido Popular. Cando estivo o Bipartito gobernando, mirou para outro lado, non lle fixo nin caso. E teño que dicirlles unha cousa aquí, e non é que eu teña unha bóla de cristal, pero realmente dígolles que Abel Caballero vai manexar os tempos das aprobacións dos polígonos na Xunta de Goberno e no Consello de Urbanismo como lle conveña a el electoralmente, porque é o que leva facendo trece anos, e vaille moi ben, *(Murmurios.)* pero a Xunta de Galicia cumpre coa vivenda protexida e cos vigueses, porque o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego non fixeron nin unha soa vivenda de protección pública en Vigo, ¡nin unha soa!; todas as fixo a Xunta de Galicia do Partido Popular.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: A nós si que nos gusta mirar fóra do Padornelo, ver un pouco de historia, ver o que sucede. Eu entendo que a vostede non lle guste, pero é necesario o contexto histórico para entender o desastre e con que políticas se está alineando o Partido Popular. Seguramente non lle gusta iso de revisar a cuestión histórica porque se lle ven as vergoñas e se ve cal é a súa traizón e a súa escola. *(Aplausos.)* Pero a cuestión é que é importante facer esa revisión porque non queremos seguir sendo a excepción dentro do contexto da Unión Europea onde non hai políticas de vivenda. Iso hai que revertelo. Por iso hai que mirar tamén para fóra, mirar o que sucede no resto dos países europeos. E a maioría dos estados, durante o século XX e especialmente durante a posguerra, armaron unha rede de vivenda pública importante que chegaba ata o 20 % ou o 30 % da vivenda pública, cousa que non se fixo no Estado español.

Cando chegou a etapa do neoliberalismo e se implementaron as políticas de reversión dese parque de vivenda pública, onde se vendeu vivenda pública en países que tiñan ese parque de vivenda pública, a cuestión é que, cando vostedes copian esas políticas neoliberais e as aplican aquí, onde xa non había previamente un chan, un mínimo de vivenda pública, o resultado é que o parque de vivenda pública en Galiza é do 0,32 %, cando a media da Unión Europea está no 11 %. Por iso hai que revisar un pouco cal é a situación.

E o que temos que facer, o reto que temos neste país é parecernos máis á situación da Unión Europea, asimilarnos máis a esa política pública de vivenda e non aplicar receitas neoliberais sobre unha situación xa bastante lamentable. Estamos incluso peor que a situación do

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estado español, onde a porcentaxe de vivenda pública representa o 1,1 %. En Galiza é apenas do 0,32 %. Con estas cifras necesitamos unha reflexión profunda e un cambio das políticas públicas. E, ademais, a partir do 2008, coa crise, moitos dos países que viñan aplicando esas políticas neoliberais no contexto europeo cambiaron e están dicindo que hai que volver recuperar a promoción pública de vivenda e que hai que intervir no mercado con participación pública, e a Xunta de Galicia segue instalada nas políticas thatcheristas, neoliberais, cunha situación gravísima, e iso non pode ser, hai que cambiar o rumbo das políticas. *(Aplausos.)*

Hai organizacións que se dedican precisamente a analizar a situación das políticas públicas no contexto europeo, como a organización Housing Europe, que ten analizado cal é a consecuencia de ter un parque público de vivendas. E o que di, o que nos di, é que non só afecta directamente, na mellora da accesibilidade, a xente que ten esa vivenda, senón que intervén no prezo da vivenda libre, e aqueles países que teñen máis vivenda pública teñen unha maior contención de prezos. ¿Cal é a situación neste país? ¿Cal é a situación do prezo da vivenda neste país? En Vigo, dun aumento de ata o 40 % en seis anos. Se tivésemos un parque de vivenda pública, tería un efecto positivo non só na accesibilidade directa da xente que poida acceder a esa vivenda senón en toda a situación do prezo do mercado libre.

Por tanto, é fundamental que haxa unha reserva de vivenda pública. E o que fixo o director do Instituto Galego da Vivenda e Solo cando veu comparecer foi dicir que só garantía que ía haber 80 vivendas de 1.600. Pedímoslle por escrito que nos dixese cantas vivendas había, ía haber. Non nos quixo dar o dato; e esa é a cuestión. ¿Por que o Partido Popular quere esconder os datos? Se vostedes están convencidos de que van facer máis promoción pública, se vostedes están convencidos de que van responder á necesidade de promoción pública, darían os datos, pero escóndense, e cando vén o director do Instituto Galego da Vivenda e Solo di que só garante que vai haber 80 de 1.600. Ese é o problema. O que lle dicimos é que se votedes están seguros de que van facer promoción pública, presenten un plan, e díganos aquí que porcentaxe. *(Murmurios.)* Iso é o que pedimos na nosa proposta. O que lle pedimos na nosa proposta é que se faga un plan e que se especifique cal vai ser a porcentaxe de vivenda pública. Fágano. ¿Por que non? *(Murmurios.)* A cuestión é que vostedes non queren desenvolver vivenda pública e están xogando a dilatar os prazos. Vostedes non queren dicir o que van facer exactamente. *(Aplausos.)*

E a cuestión é tan grave que, fíxense, en Vigo, hai 5.600 persoas inscritas no Rexistro de Demandantes de Vivenda. Desas 5.600 persoas, 4.200 piden promoción pública. ¿Por que? Porque hai máis vivenda, porque está dirixida á xente que ten unha situación más vulnerable... ¡4.200! E a Xunta di que só garante que, desas 1.600, vai haber 80. Iso quere dicir que as 4.200 persoas van optar a 80 vivendas de promoción pública fronte a menos de mil que piden de promoción privada que van ter máis. Se vostedes... —señora conselleira, estou encantada de que vostede chegue, porque este debate creo que a atinxe—. ¡Que ben! *(Aplausos.)* Faga un plan. Se vostedes non teñen nada que ocultar, faga un plan e diga cal vai ser a porcentaxe de vivenda pública que se vai reservar. A nosa proposta é que se o 75 % da xente en Vigo pide promoción pública porque é a vivenda máis accesible e porque de cara ao futuro é un investimento de cara ás próximas xeracións, que vostedes polo menos respecten ese 75 % de promoción pública nas 1.600 vivendas que vai haber.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Está vostede disposta? ¿Está vostede disposta a garantir que a porcentaxe de vivenda pública vai estar en relación coa demanda real que hai no Rexistro de Demandantes de Vivenda? *(Aplausos.)* *(A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, ¡algún problema seguro que hai!, algún problema co Concello. Son competencias da Xunta. A competencia da Xunta é exclusiva, decidir que se vai facer en materia de vivenda. E o que lle dicimos é: asuma as súas competencias, faga un plan estratéxico e responda á necesidade da xente. A xente pide maioritariamente vivenda pública, e esa é unha estratexia de futuro, que é o que está facendo o contexto europeo, e nós queremos parecernos cada vez máis a ese contexto europeo e non á excepción española, onde o único que prima son...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...os intereses privados de determinados promotores. *(Aplausos.)* Queremos parecernos a ese contexto.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Remato xa.

O señor PRESIDENTE: Non, remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: De verdade, a cidade de Vigo xógase a oportunidade histórica de ter un parque público de vivendas, e está en xogo tamén a crise...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...da accesibilidade, moi grave...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...que hai no mercado do alugueiro. Todo isto pode resolverse cun plan que prevexa a promoción pública en Navia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Faga os seus deberes, señora conselleira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos ás votacións das proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de axudas ao pequeno comercio no rural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz.

Está pendente unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista. Se nola le.

A señora AMIGO DÍAZ: Quedaría o punto número 2 así:

«Ofrecer á poboación, a través da publicación periódica dos datos, información sobre a dispoñibilidade de profesionais de todas as categorías involucradas na atención primaria, desagregada por áreas ou distritos sanitarios, e comprometer a maior contratación posible dos profesionais necesarios e dispoñibles para optimizar o funcionamento dos centros de atención primaria no marco do que establecen as leis de orzamentos galega e estatal.»

O señor PRESIDENTE: Votamos a transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Encarnación Amigo Díaz e catorce deputados/as máis, sobre a extensión por parte da Xunta de Galicia do protocolo de xestión integral da demanda en equipo (XIDE) a todos os centros de atención primaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Aínda que foron debatidas de xeito conxunto, agora votamos, en primeiro lugar, a iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e trece deputados/as máis, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer fronte ás consecuencias da crise económica derivada do conflito en Ucraína.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da posta en marcha de determinadas medidas urxentes para minimizar as consecuencias socioeconómicas da invasión de Ucraína nas empresas e nos cidadáns, así como sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia de medidas propias no ámbito das súas competencias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autovías AG-55 e AG-57.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan estratéxico sobre o desenvolvemento da vivenda protexida dos polígonos 1, 2 e 3 de Navia, en Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

E continuamos coa orde do día, punto 5, interpelacións.

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Rivera e Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Bos días, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Agradezo o turno e quero trasladarlle os parabéns e os éxitos nas súas novas responsabilidades tamén á conselleira que vén responder aquí a interpelación, no seu ámbito do Partido Popular e a todo o Partido Popular, na tarefa de conseguir ter unha dereita moderada, unha dereita de estado, unha dereita que sexa capaz de sumar para sacar a adiante un país que ten ante si moitos retos e moitas responsabilidades. E porque no xogo democrático hai espazos para distintos ámbitos, dende un ámbito distinto da dereita e dun ámbito da esquerda desexamos que o Partido Popular sexa quen de facer esa reconstrución e de superar esa crise polo ben do país.

E quero tamén empezar esta intervención porque a pesar de que a presidencia sinalaba que esta era unha iniciativa deste deputado que fala, realmente esta era unha iniciativa que viña ser protagonizada por un deputado, Juan Carlos Francisco Rivera; un servidor do público, un home con compromiso, con criterio, que cría e cre no país, en Galicia e en Ourense. E quero ter as miñas primeiras verbas hoxe para recoñecer a súa tarefa, o seu traballo, a súa dedicación nesta cámara parlamentaria e en todas as responsabilidades que tivo ao longo

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da súa traxectoria pública. *(Aplausos.)* Benquerido Juan, o noso recoñecemento e, dende logo, a nosa amizade. *(Aplausos.)*

O certo é que vivimos ao longo destes momentos nunhas situacións moi complexas, e esta é unha interpelación que mestura aspectos de distinto tipo, pois ten moito de política económica, ten moito de política enerxética, ten moito de política de vivenda, pero ten especialmente tamén de política social, da política da xente, da política da cidadanía, da política que é máis necesaria que nunca cando temos unha crise desta intensidade. Porque estamos vivindo momentos de moita complexidade, porque durante moitos anos e décadas acostumámonos a vivir con taxas de inflación moi baixas, e algúns chegaron a pensar que a inflación estaba desaparecida do noso marco macroeconómico e da nosa realidade. Non hai máis que ler un pouco na historia económica dos países e das realidades, e coñecer como funcionan as estruturas produtivas e os ciclos, para entender que a inflación é un problema que persiste con distintos niveis de incidencia e que a inflación cero ou un non implica que deixe de existir.

É por iso que neste momento, cando hai unha crise de oferta que afecta os custos, que afecta as enerxías, que afecta as subministracións, que ten enormes implicacións para sectores afectados con moita relevancia, e tamén cando afecta o conxunto da cidadanía, é máis necesario que nunca que os responsables públicos e os gobernos teñan a capacidade de facer as mellores políticas económicas para salvar a economía e para salvar a xente.

É necesario entender que estamos ante unha crise de oferta na que temos que aplicar políticas económicas distintas ás que aplicamos na Gran Recesión ou ás que aplicamos na pandemia, no gran confinamento dos últimos anos, porque xerar unha espiral inflacionista é o peor efecto que pode ter calquera política para dar solución á economía e salvar a xente.

Queremos un escudo social para protexer o conxunto da cidadanía. Ese escudo social témolo que construír entre todas as administracións, e, nomeadamente, tamén dende o Goberno da Xunta de Galicia, que ten competencias en materia económica, en materia de vivenda e en materia social. Hai que construír un escudo habitacional como un elemento fundamental dun escudo social que protexa a cidadanía diante dos tempos que veñen por diante.

É por iso que hai que tomar medidas, e todo o que se adopte probablemente sexa insuficiente. Pero é certo que estamos vendo como están cambiando as políticas. Ao longo dos últimos días, todos vimos cando imos repostar o combustible como existe unha bonificación que reduce en vinte céntimos cada litro que enchemos. Porque milleiros de familias saben que hoxe non se lles pode subir o alugueiro por riba do 2 % se hai agora que volver reactivar e actualizar esa contía. Porque hai centos de milleiros de traballadores e traballadoras que saben que non os poden despedir neste momento se as súas empresas tiveron axudas públicas ou expedientes de regulación temporal de emprego. Porque hai milleiros de cidadáns —corenta mil en Galicia— que saben que se lles incrementa o 15 % o ingreso mínimo vital; porque hai seiscentos mil cidadáns en España que reciben ese bono social, tamén a través das autonomías. E porque hai un conxunto de medidas que está aplicando o Goberno do Estado para intentar dar resposta aos problemas. E necesitamos que cada un no ámbito das súas responsabilidades poña o mellor de si mesmo.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E é importante esa política de vivenda, que é o que hoxe me trae aquí, ou sexa, defender política de vivenda e política de apoio ás familias que están vendo como os seus niveis de gastos para poder facer fronte ao gas e á electricidade lles poden desbordar as posibilidades de subsistencia. E en política de vivenda hai moito que facer.

É certo que nos últimos anos cambiou para ben a política de vivenda do Estado, e que tamén a Xunta de Galicia recibe moitos máis fondos para poder facer mellor política de vivenda e tamén para poder dar máis axudas ás familias. Entre os anos 2018 e 2021 soamente a Galicia chegaron nin máis nin menos que 88 millóns de euros, que permitiron rehabilitar catro mil oitocentas vivendas e construír un centenar de pisos para alugueiro social. Se collen os datos do Plan de vivenda para o 2022-2025, hai 82 millóns de euros para a vivenda pública en Galicia. E un bono de alugueiro xove, que implica que chegarán a Galicia dende o Goberno do Estado 11,4 millóns de euros en cada anualidade para poder darlle posibilidades á xente máis moza. Dende o Goberno do Estado chegan a Galicia 350 millóns de euros para esta comunidade neste conxunto de período para poder rehabilitar vinte mil vivendas ata o 2026, para facer mil vivendas máis para alugueiro social. Polo tanto, temos unha prioridade na vivenda que hai que acompañar de moitas medidas para o conxunto do país e para sacar a adiante os retos que temos.

Porque o certo é que os datos que temos de política social son preocupantes. É preocupante o que está ocorrendo. E vémolo hoxe coa Enquisa conxuntural aos fogares que acaba de publicar o Instituto Galego de Estatística, onde un terzo das familias galegas se viu obrigada xa neste primeiro trimestre do ano a recortar en gastos comúns: en roupa, en calzado, en gas e en electricidade. Esa porcentaxe duplicou a que había hai seis meses, e estamos nos niveis en Galicia do ano 2013. Hai un corenta e nove da cidadanía que di que pode chegar a fin de mes con normalidade. Pero hai outra metade que non pode chegar, e hai unha porcentaxe desas que ten unha dificultade maiúscula. E é aí onde temos que poñer máis atención.

Os fogares que se apertan o cinto e recortan gastos duplícanse nun ano. Catro de cada dez familias toman medidas para baixar a factura de gas, de luz e tamén para comprar produtos máis básicos no supermercado. E no fondo empezámolo a facer todos por responsabilidade e tamén por prudencia. Pero sabemos que veñen momentos difíciles e que se hai catrocentos sesenta mil fogares —o dobre que hai un ano— que tiveron que tomar medidas, necesitamos entender que son familias que utilizan menos a calefacción, que teñen que aforrar a luz, que baixan os seus consumos básicos, que deixan de mobilizar o coche para poder desprazarse. Fogares apertados que se ven obrigados a ter que tomar medidas.

Hai cincuenta e dúas mil familias en Galicia, cincuenta e dúas mil fogares, que para chegar a fin de mes piden axudas aos seus familiares. E hai dezasete mil fogares que negocian ou renegocian créditos ou hipotecas.

O informe do estado da pobreza en Galicia amosa datos preocupantes: 253.000 galegos teñen carencias materiais severas e hai un empeoramento nas dificultades para ter unha vivenda digna. É hora de que a Xunta de Galicia tome medidas con total intensidade. Que sabemos que hai unha porcentaxe que ten atrasos nos pagos básicos das vivendas, que aumentou nun trinta por cento esa porcentaxe nos últimos tempos e que, ademais, non poden manter unha vivenda

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en condicións de temperatura axeitada case un de cada dez fogares en Galicia, o 9,6 %. Esta situación obriga o Goberno da Xunta e todos os responsables a poñeren o foco nas necesidades da vivenda e na dignidade da vida nunha vivenda con condicións do século XXI.

É por iso que hoxe nesta primeira intervención quero interpelar a consellería para que explique todas as medidas que está a desenvolver, para que nos traia a esta cámara o conxunto e o paquete de medidas que vai desenvolver para axudar as familias que teñen máis necesidades e o conxunto da cidadanía galega. Ese é un reto que temos e é un reto ao que hai que darlle resposta. Porque si nos preocupan cousas; preocúpanos cal foi a política de vivenda da Xunta e preocúpanos como estamos se se pode facer máis.

Pero con toda a man tendida da responsabilidade quero pedirlle ao Goberno da Xunta de Galicia que, máis alá das dedicacións que ten ao longo destes días e da posible sucesión na que se estea vendo obrigado a traballar, é o momento de traballar pola xente do país. Polo tanto, nun momento de maior complexidade, a maior responsabilidade; nun momento en que milleiros de cidadáns teñen problemas para pagar as súas facturas, poñamos cartos nas mans da xente para darlle axudas. Hai unhas novas políticas no Estado que permiten que a Xunta de Galicia reciba máis fondos que noutros momentos pretéritos e é, polo tanto, agora o momento en que a Xunta ten que colaborar.

Vou, dende logo, manifestar a miña esperanza, a esperanza en que o Goberno da Xunta de Galicia poña nas políticas de vivenda aquilo que hai que facer, que poñan fondos nas políticas sociais, que traballen para que ninguén quede atrás. Eu xa sei que unha década de gobernos do Partido Popular foi un desastre en políticas de vivenda, non o pode negar ninguén, nin quero entrar nese debate aburrido que o dan todas as estatísticas, todos os datos de como abandonaron a vivenda pública. O que lles teño que dicir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...é que cando hai tantas dificultades poñan o mellor de si mesmos para facer esas políticas públicas.

Moitas grazas, señora conselleira, señores e señoras deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, tal e como dicía o señor Caballero, esta iniciativa —así figuraba— era do señor Rivera, ao cal dende o punto de vista persoal lle desexo o mellor.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Agradézolles a vostede e ao PSOE que traian a esta cámara algunhas das principais preocupacións que teñen neste momento os galegos e as galegas, máis nos últimos tempos. Ademais, que o PSOE se sume a unha cuestión na que a Xunta leva xa semanas traballando e ademais tomando medidas. Tomando medidas independentemente de que non sexan integramente da súa competencia, pero facéndoo ante a ausencia desas medidas que tiñan que chegar do Goberno central. Porque, señoría, os problemas que estamos a sufrir o conxunto dos cidadáns non son novos e, por suposto, tampouco teñen a súa orixe no conflito bélico; non teñen a súa orixe na invasión que está facendo Rusia sobre Ucraína. É algo que vimos arrastrando dende hai meses. Para vostedes, os socialistas, parece que esta é a escusa perfecta para facer as distintas xustificacións da situación actual.

Con todo, a realidade é outra en España. E igual que España Galicia leva meses vivindo as consecuencias dunha política enerxética irresponsable que os cidadáns veñen notando nos seus petos. Pediamos dende un principio dende o Partido Popular, pediamos dende un principio dende Galicia unha transición xusta e ordenada, e atopámonos cunha transición inxusta e totalmente desordenada. E iso provocou un incremento substancial no prezo da luz, tamén provocou un incremento substancial no prezo dos carburantes e, por suposto, como conseguinte na cesta da compra.

E ante esta situación o Goberno central carece dunha estratexia. Unha estratexia que permita garantir ás familias, ás pemes, aos autónomos, aos gandeiros, ao pequeno comercio, á restauración, a todo o tecido empresarial e industrial dun prezo eléctrico estable. Polo tanto, que evite que sigamos a bater en España máximos históricos e subidas descontroladas que parecen non ter límite.

Con todo, e ante a falta de iniciativa do Goberno central, a Xunta está actuando de xeito áxil no marco das competencias autonómicas e xa aprobou un paquete de doce medidas para paliar esas consecuencias da alza de prezos e achegar liquidez ás empresas; é fundamental neste momento a liquidez nas empresas. Por iso teña por seguro que dende Galicia o único que desexamos é que o Goberno central atine, porque atinando o Goberno central e traballando coas comunidades autónomas a situación dos galegos e do resto dos españois farase un pouquiño máis doada.

E tamén seguimos agardando que se cumpran compromisos adquiridos. Eses compromisos da Conferencia de Presidentes da Palma, esa realización dun maior esforzo fiscal, totalmente insuficiente ata o de agora, para conter ese problema, esa inflación que vimos arrastrando nos últimos meses. E, polo tanto, séguese a empeorar cada día que pasa o poder adquisitivo das nosas familias. Por iso insistimos e seguimos insistindo nesa redución do IVE, que é fundamental para o prezo eléctrico, e medidas concretas; concretas para facer rebaixas impositivas. Non nos chega con que sexan as gasolineiras as que teñan que facer de banco, as que teñan que adiantar eses vinte céntimos que despois han de repercutir no resto da cidadanía.

E falta de concreción en iniciativas enerxéticas, sobre todo o que está pendente é de presentar ante a Unión Europea esa proposta de aprobación que permita rebaixar o prezo eléctrico, contribuíndo así á súa estabilización, que é o que está desordenando absolutamente todo.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como contrapunto a esta inacción do Goberno central traballamos e impulsamos e, polo tanto, sacamos doce medidas adiante. Entre elas hai que destacar a axilización e o lanzamento do bono social térmico. Unha medida que chega xa este mes, que vai chegar a sesenta e seis mil familias galegas, familias humildes, as familias máis vulnerables nestes momentos. Ademais, esta axuda estará complementada con outros cen euros, que poderán destinar a outros pagos, para sufragar recibos como pode ser o da luz.

O investimento total de Galicia é de 19,7 millóns de euros. Ademais, a Xunta dispón dun plan de aforro enerxético para os fogares galegos, que está dotado de 25 millóns de euros e co que pretendemos paliar o impacto que a suba dos prezos enerxéticos e dos carburantes está tendo nas familias galegas, na economía familiar.

E todo isto súmase ás medidas habilitadas pola Xunta para loitar contra a pobreza enerxética. Xa temos regulado por lei a imposibilidade de cortar a subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social. E isto fixémolo grazas a unha lei; lei aprobada no ano 2017. E ao seu abeiro convocamos anualmente outro bono, é o bono eléctrico galego, dende o ano 2018. As axudas deste ano 2022 están abertas dende o pasado 13 de xaneiro e contan cun orzamento inicial de 1,9 millóns de euros. De feito, dende o ano 2014 Galicia conta e foi pioneira como comunidade autónoma co lanzamento do tícket eléctrico, que despois copiaron o resto das comunidades autónomas.

Dende o ano 2014 ata o ano 2021, a contía global das axudas ascende a 6,3 millóns de euros, con máis de vinte e sete mil familias beneficiadas.

E no relativo á vivenda, sabe vostede, señor Caballero, e ademais sábeo moi ben, que moitos dos programas de carácter social dependen do Plan estatal de vivenda. Plan estatal de vivenda que abrangue dende o ano 2022 ata o ano 2025 e que son vostedes quen o teñen paralizado. O Plan estatal de vivenda existe dende os anos oitenta. Dá a impresión de que de repente o PSOE parece que o descubriu agora mesmo.

Os plans estatais de vivenda están cofinanciados polas comunidades autónomas; no caso de Galicia, o cofinanciamento é dun trinta por cento. Nós temos o orzamento, temos todos os informes preparados, pero estamos agardando a poder quitalos, e aí están moitas das accións que debemos levar a cabo. Estamos no mes de abril, debería estar en marcha dende o mes de xaneiro, pero iso non foi posible. E non foi posible porque se lles deu a vostedes por enrocarse e quixeron cambiar o anterior Plan de vivenda. E quixérono cambiar porque fora aprobado polo Partido Popular. E nós o único que pretendiamos era unha simplificación.

¿E sabe o que nos estamos atopando? Pois unha pésima xestión. Tal é a pésima xestión que foi aprobado, e fíxense que non somos capaces as comunidades autónomas de quitar as liñas de financiamento. E ademais direille que onte mesmo o director xeral chamaba ás comunidades autónomas para dicir que ía haber modificacións unha vez máis; modificacións que tardarían polo menos outros dez días. É dicir, estaremos no mes de maio e aínda non seremos quen de poder xestionar estes plans grazas á ineficacia que ten o PSOE en Madrid. Pero é unha ineficacia que, ademais, está compartida polo BNG, porque os apoian a vostedes en Madrid. Os dous son culpables de que agora mesmo non teñamos en marcha o Plan estatal de vivenda.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se isto remata e, polo tanto, son quen de aprobar ese real decreto lei para modificar o que acaban de aprobar hai escasos meses, a Xunta de Galicia vai destinar preto de vinte e seis millóns de euros ás axudas directas ao pago do alugueiro. Esas axudas son as seguintes:

Uns 12,7 millóns de euros para convocar as axudas para o pago de alugueiro destinado ao conxunto da poboación. Son 12,7 millóns de euros este ano, 11,2 millóns de euros o vindeiro ano.

Uns 2,1 millóns de euros para o bono alugueiro social. Xa publicamos a convocatoria en decembro do 2021. Fixémolo por un importe de 400.000 euros, para adiantarnos, porque viamos que a situación se ía facendo lenta no tempo, e estas familias non poden estar agardando a ese enrocamento que ten agora mesmo o PSOE en Madrid no goberno xunto cos seus socios. Isto vaise suplementar con 1,6 millóns de euros a maiores.

Uns 11,4 millóns de euros para o bono mozo alugueiro. Efectivamente, fíxese que isto é íntegro do Goberno central. Pero continuamos na mesma situación: pedimos todas as comunidades autónomas unha plataforma, todas, porque é inxestionable, e continuamos na mesma liña, seguimos igual; seguimos sen plataforma. Os xoves están agardando por ese anuncio que fixeron vostedes a bombo e platillo, que encheu ademais titulares un tras outro, que vai achegar só ao 2,4 % dos mozos galegos. Pero a situación é que estamos agardando, témolo que xestionar nós, non podemos quitalo. ¿E sabe quen é o culpable? É o PSOE, o PSOE amparado por outros grupos, como pode ser o BNG en Madrid.

E os fondos para o bono alugueiro para vítimas de violencia de xénero, pendentes, tamén pendentes do Goberno central, e que se dote de financiamento porque sabe vostede que están dentro do pacto de estado que está a piques de rematar a súa vixencia.

Pero ademais de todo isto, efectivamente, hai outras medidas, medidas que fomos poñendo no tempo. Como aquí se di que se cinco, seis, oito vivendas, tres mil cincocentas vivendas de promoción pública nos dez últimos anos; vivendas en alugueiro, cun alugueiro accesible, que van dende 50 euros ata 200 euros.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): E xunto con iso axudamos os concellos. E grazas a iso, os concellos puideron tamén rehabilitar vivendas e que esas vivendas estean en réxime de alugueiro a uns prezos moi accesibles; cento setenta e seis vivendas a maiores no noso rural galego.

E fronte a isto, ¿que temos, señor Caballero? Trabas e máis trabas. Esa é a situación que temos agora mesmo na vivenda. E chegará o mes de decembro e diranlle á Xunta de Galicia por que non executou. ¿Sabe por que non executa? Porque estamos no mes de abril, cando no mes de xaneiro xa tiñan que saír as bases, e no día de hoxe aínda non somos capaces. E non somos capaces...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...porque aquí vén un secretario de Estado dicir que xa está todo feito, hoxe mesmo en Santiago. E o resultado é que aínda teñen que aprobar de novo outro real decreto lei. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, a política de vivenda do Partido Popular foi un desastre ao longo desta última década. Vostedes queren evitar a realidade, pero os números son incontrastables. Porque pódense contrastar cunha fonte ou con outra, pero cando todas as fontes indican datos obxectivos que non se poden cuestionar, a realidade acaba eliminando calquera tipo de versión idílica que vostedes queiran plantexar.

O vinte por cento dos fogares en Galicia, aproximadamente, son hoxe en día arrendamentos, e os alugueiros subiron en Galicia un vinte e cinco por cento dende o ano 2016, antes da actual crise que estamos vivindo.

Hai quince mil oitocentas familias que, con distintos niveis de preocupación e de problemas, non conseguen facer fronte ás cargas básicas de pagar as rendas e de pagar as cuestións máis básicas de subministracións. E cando eu leo unha nota de prensa da súa consellería na que se di que vostedes o grande éxito que teñen é que dan acceso a unha vivenda digna a setenta e seis familias de colectivos vulnerables, a un cáelle a cara ao chan. *(Aplausos.)*

Cando vostedes están vendo o que está ocorrendo neste país, cando ao longo de toda unha década do Partido Popular en Galicia vemos como son os números de construción de vivendas protexidas en Galicia, como no ano 2005, no 2006, no 2007, no 2008, no 2009, no 2010, que eran as derivadas do mesmo, todos eses anos estaban en catro mil, tres mil, dúas mil vivendas de protección oficial, vivendas protexidas, ¿cales son os datos que hai dende que chegou o señor Feijóo? Pois no ano 2018 vostedes construíron dúas vivendas protexidas, *(O señor Caballero Miguez amósalle á Cámara unha gráfica.)* esta é a gráfica. Se vostedes queren coller a tendencia histórica, (*O señor Caballero Miguez amósalle á Cámara outra gráfica.)* igual non se ve ben, pero eu relátollela con moita facilidade, a vivenda protexida co Partido Popular cara a abaixo, ningún tipo de xestión.

Se falan da política de alugueiro, máis do mesmo; simplemente escapismo e ningunha concreción.

E vostedes teñen fondos, porque soamente no ano 2021 aquí en Galicia se recibiron 98 millóns de euros dende o Goberno de España para políticas de vivenda. E vostedes veñen aquí dicir que a gran solución é dar cen euros de complemento. Seis millóns de euros que son as contas que dan e que todo o mundo as pode facer. Mentres o Goberno de España compromete

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en Galicia 350 millóns de euros para políticas de vivendas, o Goberno da Xunta no momento de maior crise anuncia seis millóns de euros de dedicación para impoñer un incremento de cen euros. E din que todo está perfecto, que o Goberno da Xunta non vai facer nada máis e que a política de vivenda do PP é como a política económica de Feijóo, que nin está nin se lle espera, señora conselleira. *(Aplausos.)*

Cando vostede di que hai unha escusa que é a guerra de Ucraína, vostede está olvidando que milleiros de galegos e de galegas que a están escoitando polos medios deste Parlamento saben de todas as dificultades que tiveron antes desta guerra de Ucraína. Pero é evidente que a guerra de Ucraína está disparando as dificultades moito máis alá.

E claro que hai problemas de política enerxética. Claro que o sabe moi ben o señor Rajoy, que parou toda a transición enerxética deste país para ter enerxías limpas, e que obrigou o país a ter que facer o que non fixo a dereita, que deixou a política enerxética nun caos. E témosllelo que dicir cando vostedes repiten eses mantras.

Hai que dicírllelo con claridade: a central térmica das Pontes pecha porque unha empresa privada decidiu pechala, porque podía manter durante máis anos o seu funcionamento. E esa empresa da que era tan amigo o señor Feijóo, que se abrazaba a el cada vez que o vía, fixo un cambio de política por responsabilidade social corporativa. O señor Feijóo nin se enterou do que estaba pasando, e agora está intentando botar balóns fóra todo o tempo en vez de asumir a falla de política enerxética do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Vostedes nin fixeron nin queren facer. E o que lles estamos dicindo é que igual que ao longo da pandemia o Goberno de España aplicou unhas políticas sociais para facer un escudo de protección, agora está desenvolvendo un paquete histórico tamén para unha nova situación pola subida dos custos e dos prezos. E os gobernos do Partido Popular non teñen nin orientación nin rumbo. O único que lle preocupa ao Partido Popular é repetir o mantra de que hai que baixar os impostos de forma continua. Un mantra que logo non se repercute no que vostedes fan.

Porque a Xunta de Galicia pode facer políticas sociais, pode facer políticas de vivenda, políticas medioambientais, aínda que as fagan mal, grazas aos fondos que recada o Estado a través do imposto, porque cando din vostedes que baixan os impostos é porque é o Goberno de España o que remite os fondos para que haxa políticas de vivenda e para que haxa dez millóns de euros para o bono social xove en vivendas cada ano. Con vostedes e sen impostos non habería un só mozo galego que puidera emanciparse cunha axuda ao alugueiro dende as administracións públicas.

Saquen a careta do cinismo, *(Aplausos.)* olvídense desa política repetitiva de baixar impostos. Porque cando vostedes falan de baixar impostos, o IVE, non ve o que se está facendo no país con iso que vostede criticou. E eu quedo perplexo de que a conselleira aquí veña abrazarse aos poderes enerxéticos, veña abrazarse ás gasolineiras, en vez de recoñecer o que saben dous millóns setecentos mil galegos, que hoxe cando botemos o combustible pagamos vinte céntimos menos por litro, e grazas a que hai un Goberno do Estado que ten impostos e recada fondos para poder pagar as cousas. E vostede vén aquí laiarse para que baixemos os combustibles. *(Aplausos.)* ¿En que realidade viven? Non lle gusta a vostede, señora conselleira,

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que o Goberno do Estado teña reducido en vinte céntimos o litro de combustible?, ¿está vostede en contra?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: O Partido Popular cre que non hai que tomar esas medidas que permiten manter o sistema impositivo e aplicar nos custos o que recadamos. Hai que deixar ese cinismo do Partido Popular porque hoxe o señor Feijóo viu aquí dicir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que a peor política económica que coñecía era a do Goberno de España; un Goberno de España que atallou unha pandemia conseguindo volver crear emprego, cun escudo de protección. E o señor Feijóo deixa este país con sesenta mil traballadores menos ocupados, mentres en España hai un millón de persoas máis como poboación ocupada.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Ese é o cinismo do Partido Popular e do señor Feijóo que non nos leva a ningures.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Faga políticas e haberá unha moción para poñerlle tarefas e compromisos, que espero que poidan apoiar para mellorar o que esta consellería non está facendo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Despois protéstanme porque hai pouco tempo para comer. Mire o peluco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Caballero, vexo que se alborotou vostede un pouco. Mire: alborotadas teñen que estar as familias, todas as familias galegas; alborotados teñen que estar os autónomos, que os están asfixiando, que xa non poden máis; alborotadas tamén teñen que estar as gasolineiras, que teñen que adiantar eses vinte céntimos. Eses todos son os que teñen que estar alborotados. *(Aplausos.)* Vostede tiña que estar un pouquiño máis tranquilo.

Vinte e seis millóns de euros que está disposto a sacar o Goberno galego a través do Plan estatal de vivenda que teñen vostedes paralizado. ¿Como llo teño que repetir? Son 26 millóns

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de euros que tiñan que estar chegando aos mozos e ás familias para axudarlles a pagar o alugueiro. E foron incapaces de quitar o plan no mes de xaneiro. Vostedes, única e exclusivamente vostedes.

Señor Caballero, ¿como se lle ocorre falar de política enerxética? Que pecha As Pontes si, despois que non, que se é amigo de Feijóo... Pero céntrese un pouco. O minuto de gloria está ben, pero polo menos que sexa congruente co que está dicindo. É que nós fixemos o informe para pechar As Pontes, e esta mesma consellería aos catro meses fixo o informe para que volvera ter actividade As Pontes. ¿E sabe por que? Porque non tiñamos solucionado o problema enerxético.

Pero é que agora, de repente, vostedes, que din querer ser transparentes, coidar o medio ambiente en Galicia, xunto co BNG, fíxense que de novo temos outro real decreto lei. Real decreto lei que diferenza a Galiza por zonas sensibles, moderadas, baixas. Pero ¿saben que pretende facer a ministra de Transición Ecolóxica, e non sei se vostedes están de acordo, os do BNG, porque non están dicindo absolutamente nada? É que nin sequera se pidan informes sectoriais, e non queren vostedes sequera que haxa información pública dos eólicos. Pero ¿por que non llo din á xente? Iso é o que lle teñen que dicir, esa é a política enerxética que traen vostedes a esta Cámara. *(Aplausos.)* Cando xa non poden, escuridade, que non haxa información pública, que non haxa informes sectoriais, porque temos que axilizar a todo correr os eólicos. Dá igual o que aconteza en Galicia; primeiro, pechamos, despois non pechamos. Resultado: un desastre económico, e é o desastre económico de todas as familias, esas familias que podían ter un momento doce e non o teñen pola culpa de vostedes. Esa é a realidade, non é outra.

E, por outro lado, direille, señor Caballero, que unha vez máis os seus datos son totalmente incorrectos. Centreime en dous, pero poderíame centrar en máis. A porcentaxe de fogares en réxime de alugueiro é dun 14,2 % en Galicia, non é dun 20 %. ¿Quen lles fará a vostedes os papeis, unha e outra vez?

A seguinte: o gasto medio en alugueiro das familias é de 344 euros. É moi elevado. Efectivamente, pero non é dos 442,9 euros que din vostedes nesta iniciativa. O 72 % dos fogares destinaban ao alugueiro menos do 30 % dos ingresos, co que non superan, polo tanto, os límites considerados máximos, que é o que vostede a dicir aquí.

Esta é a realidade e non é outra. Pero eu o que lle vou a pedir é o seguinte: trasládelle hoxe, que está o secretario do Estado, que está ademais co seu secretario de partido, que hoxe ten a gorra de alcalde, non a ten de presidente da deputación nin de secretario do Partido Socialista, que nos deixen traballar ás comunidades autónomas, que poidamos quitar adiante o Plan estatal de vivenda, que o Plan estatal de vivenda igual que os fondos europeos nos pertencen.

Sabe que Galicia é a quinta comunidade que máis fondos recibe, pero ¿saben por que? Porque é a quinta comunidade que ten máis poboación e, polo tanto, é en función da poboación. Pero ¿acaso é que nos están regalando algo? E o único que nos faltaba, que nós pagaramos impostos e, ao final, que Galicia recibira menos. Que non, que non, non nos están facendo ningún favor, estanlles dando aos galegos o que lles pertence, señor Caballero. *(Riso propio.)*

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esa é a realidade. E dáme a risa porque foron tantas as incongruencias que, ao final, *(Riso propio.)* é imposible, é imposible case rebatelo. *(Aplausos.)*

Dito isto, seguiremos traballando, pero seguiremos traballando con sensatez e non montando caos. Miren vostedes: en relación coa baixada deses alugueiros, o 2 % durante tres meses, ao final, caos co cobro de alugueiros trala entrada en vigor do límite do 2 %. É unha medida totalmente oportunista, a do Goberno central; á parte de ser unha medida oportunista, é unha medida totalmente lineal, é unha medida ilóxica, porque nin se centran vostedes no propietario da vivenda, nin analizan se é gran tedor ou non é gran tedor, e tampouco o fan coa persoa que ten que pagar ese alugueiro. Polo tanto, é insólito.

E unha vez máis, ¿sabe o que fai coa vivenda a nivel nacional esa inseguridade xurídica? Fai que as vivendas baleiras non saian ao mercado e, polo tanto, a xente estea reticente. O mesmo que coa Lei de vivenda, esa Lei de vivenda que apoiou tamén o BNG e que é incrible,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...primeiro, por inconstitucional *(Murmurios.)* e, segundo, por intervencionista.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Interpelación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Conselleira, non sei se lle fai tanta graza que leven vostedes catro meses sen pagar as prórrogas do bono alugueiro á violencia machista, *(Aplausos.)* que preguntamos esta tarde desde o BNG por esta cuestión. *(Aplausos.)* Dígoo porque hai ameazas de desafiuzamento a veciñas de Santiago; igual lle fai tamén chiste. *(Aplausos.)* E se ten a ben agora no que queda de tempo, poden ir axilizando os trámites, que tiñan que estar tramitados hai dous meses, desde o 10 de decembro de 2021. A ver se atopa alguén que lle ría o chiste aí fóra. *(Risos.)* *(Aplausos.)*

A vivenda é un dereito fundamental e está recollido na sacrosanta Constitución de 1978, que —dixémolo nalgunha ocasión—, ademais de dar golpes de peito con ela, hai que lela un pouco máis. *(Aplausos.)*

Nós imos coa cuestión, que tamén ten moito que ver coa situación das persoas que se atopan nunha maior vulnerabilidade, moitas delas tamén con situacións de vivenda moi en precario, e que ten que ver cos dereitos das persoas que son beneficiarias de prestacións económicas, fundamentalmente da risga e do ingreso mínimo vital.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E imos centrar esta interpelación, conselleira —desculpe a benvida e saúdolle os bos días; é que temos un ritmo frenético aquí neste Parlamento—, en dúas cuestións relacionadas —xa digo— con esa poboación, da máis vulnerable que temos no noso país, que xa estaba nunha situación de enorme precariedade e vulnerabilidade antes da pandemia da covid e que se mantén ademais ou mesmo se agravou esa situación de precariedade nos últimos meses froito desta crise e desta escalada brutal de prezos da que levamos falando xa bastantes semanas neste Parlamento e fóra del.

E centrarémonos en dúas cuestións: unha, a situación de incompatibilidade entrambas as dúas prestacións, da risga e do ingreso mínimo vital, que se mantén aquí en Galiza —e é dos poucos territorios do Estado español nos que se mantén esa incompatibilidade entre a prestación autonómica e a estatal; entre outras cousas, ou fundamentalmente, porque vostedes continúan sen reformar a Lei de inclusión social de Galiza. Eu xa perdín a conta das veces que lles pedimos desde o BNG, aquí nesta Cámara, que se impulsase esa reforma da Lei de inclusión social de Galiza para acabar con esta situación— e que trouxo como prexuízo máis salientable para unha parte desas persoas, beneficiarias da risga ás que despois se lles concedeu o ingreso mínimo vital, importantes reclamacións económicas das que logo falaremos. E outra parte, que para nós é fundamental e vai en paralelo a esa reforma da Lei de inclusión social de Galiza, que é a reclamación da transferencia a Galiza da xestión do ingreso mínimo vital, e que vostedes non están facendo absolutamente nada para conseguilo.

Entón, imos por partes: esa primeira que ten que ver coa incompatibilidade. É tristísimo —hei de dicir, témolo dito en máis ocasións— ou atreveríame a dicir que é case bochornoso que a Xunta de Galiza, lonxe de ser parte da solución dos problemas das persoas máis vulnerables do noso país, ao final acabe sendo parte do problema e incluso os prexudique máis.

Hai un ano, practicamente, trouxemos desde o BNG ao Parlamento as consecuencias que ten para centos de galegas e galegos esa incompatibilidade da risga co ingreso mínimo vital. Persoas ás que a Xunta desde a súa consellería lles reclamaron miles de euros por percibiren a risga mentres non se lles aprobaba o ingreso mínimo vital, e ás que con posterioridade se lles recoñeceu esa prestación estatal con carácter retroactivo.

Nós traïamos daquela —lembrará— algúns casos para humanizar, para personalizar, porque non son números, son persoas de carne e óso, como matrimonios de emigrantes retornados, maiores de 60 anos que percibían algo máis de cincocentos cincuenta euros da risga e aos que lles reclamaron 5.341 euros; ou casos de mulleres maiores de 50 anos con escaso nivel formativo, que residían nunha infravivenda —considerada así polos servizos sociais que as atenden—, que percibían pouco máis que catrocentos vinte e tres euros ao mes de risga e que tiveron que devolver 4.115 euros porque así llelos reclamaba a administración. Son persoas ás que a Xunta, e a Consellería, concretamente, de Política Social, tratou como se foran defraudadoras, como se lle agochasen información ou intentasen defraudar á administración pública e con ela a todas as galegas e os galegos. Pero nada máis lonxe da realidade, senón que eran persoas que se viron prexudicadas polos problemas que xeraron dúas administracións entre elas, os dous gobernos neste caso: a Xunta e o Goberno de España.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Unha desas persoas é un veciño de Vigo —vou omitir o nome por razóns de confidencialidade—, que recentemente acaba de gañar unha sentenza en firme, xa sen opción a recurso, na que se declara a nulidade desa reclamación que a Xunta lle facía e que ascendía a máis de cinco mil euros. É unha sentenza que teñen que tela porque a Consellería era a parte demandada. Pero eu creo que debería facerlle caer a cara de vergoña a calquera goberno por tres cousas que di a xustiza nesa sentenza: unha, que a Xunta omitiu o trámite de audiencia durante o proceso de reclamación á persoa interesada; e, é máis, o xuíz di: «isto imos deixalo á marxe», pero aféalle que nin sequera tivese a ben escoitar esta persoa. En segundo lugar, que trataron coma se fosen defraudadores da administración a quen puxo en todo momento e coa maior axilidade en coñecemento dela calquera modificación da súa situación económica en canto isto aconteceu, como lle exixe a lexislación vixente. E, en terceiro lugar, que tendo a obriga a Xunta de Galiza de tramitar unha compensación, o que lle pediu foi devolver todo o que cobrara legalmente durante once meses, nos que tiña todo o dereito e lexitimidade do mundo —como así o confirma a xustiza— a unha risga de pouco máis de catrocentos euros. Insisto en que é unha persoa que tiña como único ingreso estes catrocentos euros.

Isto non é novo, nós trouxémolo aquí hai un ano. Daquela dicíannos que ían reformar a Lei de inclusión social de Galiza no segundo trimestre de 2021. E a min ou moito me falla a memoria ou hoxe é 5 de abril de 2022 e aínda non se fixo absolutamente nada para acabar con esta situación de incompatibilidade, *(Aplausos.)* que se mantén —insisto— practicamente só en exclusiva aquí en Galiza.

Esa é unha parte. A outra é a transferencia a Galiza do ingreso mínimo vital. Isto é algo que o Bloque vén reclamando, e supostamente a Xunta vén defendendo tamén desde que se creou o ingreso mínimo vital. Nós repetímolo, e ademais foi obxecto de acordo nesta Cámara en varias ocasións ao longo dos últimos ano. Non fixeron nada para reclamar de maneira real e efectiva esa transferencia a Galiza do ingreso mínimo vital.

Realmente, xa co tempo transcorrido, primeiro, pode pensar un: ben, é que... pois a covid, logo a crise. Pero dous anos despois de que se aprobara no Estado o ingreso mínimo vital e de que transcorreran xa dous anos da súa aplicación e implementación, eu creo que realmente o que non teñen é nin a máis mínima vontade de que se transfira a Galiza esta prestación; viven realmente moi cómodos nesa situación porque poden usar isto de ariete contra o Goberno de España pero sen mover un só dedo para que a situación se resolva.

E o máis preocupante e o que máis entristecería a calquera persoa neste país é que no medio desa confrontación —absolutamente estéril porque non se gaña nada— quen está é a xente máis vulnerable deste país. Se de verdade houbese unha vontade non só de conseguir a transferencia da xestión do ingreso mínimo vital, senón de acabar con situacións, como a que acabo de relatar hai un momento, de incompatibilidade entre as dúas prestacións, a Xunta tería modificado pola vía rápida e expresa a Lei de inclusión social de Galiza; por exemplo, usando as leis de acompañamento aos orzamentos de 2021 e 2022. Non o fixeron. Poderían en case dous anos que levamos traer a esta Cámara unha modificación da Lei de inclusión pola vía ordinaria; tampouco o fixeron. Ou poderían, de verdade, reclamar esa transferencia da competencia para poder facer como mínimo de maneira temporal unha

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xestión compartida —unha ventanilla única, para entendernos— como xa a tiveron noutros momentos, por exemplo, Euskadi ou Navarra, que veñen recentemente de conseguir os seus convenios e a sinatura en senllas comisións mixtas de transferencia, ese traspaso da xestión do ingreso mínimo vital a estas dúas comunidades autónomas.

Pero, claro, para iso hai que facer algo máis que queixarse, *(Aplausos.)* Para iso hai que facer algo máis que queixarse de vez en cando —que tampouco moito—, ou de vez en cando como moito dicir —como acontece con outras áreas do goberno— que están moi enfadados, a través dunha carta ou dun correo electrónico. Para iso eu creo que hai un proverbio popular neste país que di que «quen quere peixe ten que mollar o cu». Pois a Xunta de Galiza tamén ten que facer algo.

Nós, ¿que propoñemos? E hoxe a pregunta que formulamos con esta interpelación é unha: ¿cando vai convocar a Comisión Mixta de Transferencias a Xunta de Galiza para, entre outras moitas que están pendentes —porque levan trece anos sen mover un dedo para conseguir unha soa transferencia competencial nova para o noso país—, o traspaso a Galiza da xestión do ingreso mínimo vital?

Por unha cuestión —e con isto remato a primeira quenda de intervención— que é fundamental: primeiro, porque estamos falando da poboación, non é unha carretera, que é importante calquera infraestrutura pública. Pero falamos da poboación máis vulnerable do noso país, de persoas que teñen unha precariedade económica tal que como moito cobran catrocentos cincuenta ou cincocentos cincuenta euros ao mes. Agora imaxinemos todas as que estamos aquí, ás que se nos dixo hoxe pola mañá que o da inflación era unha lotería; imaxinen cobrar 450 euros ao mes e ter que pagar un alugueiro de 275 —que a ver en que vivenda entras con 275 euros ao mes—, a factura da luz, a factura da auga, a factura do gas, a bombona de butano, levar os fillos ao cole e ter que comer tres veces ao día como mínimo. Iso non é unha lotería —diciámolo o outro día— nin unha costa arriba como a de xaneiro; iso é, de verdade, unha parede vertical coa que hai moitas persoas que deciden deixar de comer elas para poder darlles de comer aos fillos. *(Aplausos.)*

Entón, a pregunta é clara: ¿cando van convocar esa Comisión de Transferencias para que se traspase a Galiza a xestión do ingreso mínimo vital? ¿E cando, dunha vez por todas, se vai traer a esta Cámara a tramitación da reforma da Lei de inclusión social de Galiza para que deixen de ser incompatibles as dúas prestacións?

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, señora Rodil, moi bos días.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nun momento como o actual, cunha elevada inflación, dificultades nas subministracións e tamén cunha suba moi importante dos prezos da enerxía, os fogares máis vulnerables precisan de toda a nosa axuda pero tamén de toda a nosa comprensión.

A situación económica que levamos meses arrastrando, agravada pola guerra de Ucraína, deixa con pouca marxe de resposta a centos e centos de fogares aos que debemos de atender e de coidar en todo o que sexa posible. Saber en que oficina se xestionan os seus problemas, saber que administración se fai cargo do pago das axudas que reciben debe ser a última preocupación de todas estas persoas; estas persoas precisan de menos burocracia e de máis axilidade, e de que lles deamos respostas á súa situación.

A creación do ingreso mínimo vital no mes de xuño do ano 2020 supuxo unha boa noticia para todas as persoas que están en risco de exclusión social en España e en Galicia. Os gobernos de todas as comunidades autónomas celebramos este gran paso dado polo Goberno central, pero xa naquel momento alertamos de varias eivas que había no seu deseño. Acordaranse, señores deputados, de que advertimos da necesidade de regular a súa implantación para facilitar a súa convivencia co resto das axudas que estaban vixentes nas distintas comunidades autónomas. Advertimos —e acordaranse vostedes— de que se podían producir duplicidades ou incluso incompatibilidades que complicasen o acceso por parte dos cidadáns.

Acordaranse vostedes de que advertimos da importancia de axilizar a súa tramitación para atender de forma máis eficaz a persoas que pasaron un mal momento económico.

E o tempo, señora Rodil, deunos a razón. Neste tempo vimos como unha prestación que se anunciaba como a revolución da inclusión social en España non foi tal. Os atrasos en máis dun ano na súa tramitación e as incertezas que rodean o ingreso mínimo vital están provocando que as persoas que están en risco de exclusión social prefiran manterse na risga. No día de hoxe a risga mantén o 65 % dos usuarios que tiña no mes de xullo do 2020 cando se puxo en marcha o ingreso mínimo vital.

¿Pero que explicación pode ter que despois de dous anos da súa posta en marcha aínda haxa tantas e tantas persoas que non queiran transitar ao ingreso mínimo vital e que decidan continuar percibindo a prestación autonómica? Pois, señora Rodil, deciden permanecer na prestación autonómica porque o seu acceso é máis áxil e é máis doado. Deciden continuar na prestación autonómica porque en moitos casos a contía por percibir é aínda maior e permite acceder a un tramo de inserción á vivenda ou ao emprego, que é algo moi importante, e que debe de ser o obxectivo de calquera prestación. Ou tamén pode ser que moitos dos antigos perceptores non confíen no goberno nin confíen no seu traspaso ao ingreso mínimo vital.

Señora Rodil, vostede estaba aquí e nese momento viviu, exactamente igual ca min, todas esas reclamacións e tamén todas esas advertencias que lle fixemos ao Goberno central. Sabe perfectamente que Galicia foi a primeira comunidade en solicitar esa transferencia da xestión do ingreso mínimo vital, porque entendemos que contamos coa experiencia, pero tamén coa infraestrutura necesaria para xestionar este ingreso de forma eficaz.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu agradézolle o seu apoio e o do seu grupo parlamentario nas iniciativas propostas nesta Cámara para instar o Goberno central a que nos traspase a xestión do ingreso mínimo vital. O paso decisivo neste sentido foi na reunión que o presidente Feijóo mantivo co ministro Escrivá, o ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migración, e precisamente esa reunión foi aquí, en Santiago. Nese encontro logramos o compromiso do Goberno central de transferir a Galicia a xestión do ingreso mínimo vital. E neste tempo mantivemos unha primeira reunión cos técnicos do ministerio para avanzar neste sentido.

Como comprenderá, trátase dunha situación sen precedentes, xa que Galicia será a primeira comunidade autónoma, fóra do sistema foral, que logrará esta transferencia. E, dende logo, imos continuar traballando para abrir camiño, imos continuar traballando para que ambos os técnicos do ministerio e tamén da Consellería de Política Social poidan solventar todas as dúbidas e tamén todos os atrancos que esta situación poida suxerir para que esta conxestión conte coa maior seguridade xurídica.

Eu vexo que vostede coincide coa Xunta de Galicia e tamén comigo na desconfianza cara ao Goberno central —goberno que, por certo, o seu partido sostén—, e é normal, señora Rodil, que vostede tamén teña esa desconfianza, porque o País Vasco estivo dous anos esperando por ese traspaso, o que provocou a desesperación absoluta do Partido Nacionalista Vasco. E iso que é verdade, como xa todos sabemos, que son socios preferentes do Goberno; pero xa vemos a utilidade que ten esta posición.

Navarra chegou a aprobar no pleno autonómico unha moción na que instaba o Goberno a axilizar esa transferencia. Hai pouco coñecemos que esta comunidade non asumirá a xestión ata o próximo mes de outubro, e estamos agora —como vostede ben di— no mes de abril—. A min, como supoño que a vostede, preocúpame de verdade esta dilación nos prazos, e que esta dilación poida impactar directamente nos fogares galegos. Pero, dende logo, o que está na nosa man, o que está na man do Goberno galego ímolo facer.

O Goberno galego —como vostede dicía— traballa na elaboración da Lei de inclusión social, que xere sempre seguridade aos perceptores e reordene tamén o mapa de prestacións que temos neste momento; unha nova normativa que permitirá a adaptación da risga ao ingreso mínimo vital e tamén facilitará a inserción sociolaboral dos seus perceptores. Queremos continuar reducindo a burocracia e que haxa unha ventanilla única á que poida acudir cada cidadán que está a pasar un mal momento económico, e que está a pasar unha situación de auténtica vulnerabilidade. Esta normativa tamén permitirá reordenar o mapa de prestacións para que non se solapen, para que non existan dúas prestacións que teñan a mesma finalidade, e que sexan prestacións máis modernas, máis eficaces e máis áxiles. Agardamos ter esta normativa lista a finais deste mesmo ano.

Pero mentres, non quedamos cos brazos cruzados, porque o Goberno galego está a dar resposta á situación actual a través dun paquete de medidas que van directamente aos fogares galegos para que cheguen, precisamente, a fin de mes. Unha das medidas recollidas neste paquete é o lanzamento do bono social térmico, ao que lle engadimos un complemento de cen euros adicional para axudar as familias ao pago das facturas da enerxía, que tan alta está.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Do mesmo xeito que durante a pandemia da covid-19, respondemos de forma áxil, de forma cercana e de forma eficaz, e asegúrolle que seguiremos estando aí para todas as familias que peor o están a pasar, para que poidan sempre saír adiante.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Imos omitir o tempo que pasou entre 2020 e 2022, concretamente desde xaneiro de 2022. Imos quedar só con xaneiro de 2022 cando tiveron esa reunión, o señor Escrivá e o —de momento, por unhas semanas máis— presidente da Xunta de Galiza, da que vostede falaba, na que supostamente imos ser os primeiros, fóra das comunidades forais, que teñan esa transferencia —entendo que da cesión da xestión, logo falamos máis concretamente diso—. Pero quedando só con esa data, é dicir, ¿tres meses e unha reunión? ¿En serio, de verdade? ¿E onde se reúnen? Esa é a miña dúbida. ¿Fano sós, os gabinetes da súa consellería con representantes técnicos do Ministerio de Seguridade Social e Migracións, ou faise no marco, por exemplo, das comisións bilaterais nas que se deberían resolver, entre outras cuestións, os problemas que xera a incompatibilidade que existe aínda hoxe, desde o ano 2020 que se creou o ingreso mínimo vital, entre o ingreso mínimo e a risga?

Porque claro, vostede dicía: «nós advertiamos de que eran incompatibles». Efectivamente, é incompatible porque a lei galega o declara incompatible. *(Aplausos.)* E esa modificación —levámolo dicindo desde o Bloque— ¡ten que aprobarse aquí! Non depende nin do Congreso, nin do Goberno de Pedro Sánchez, nin da Unión Europea, nin de ninguén. Ten que traerse aquí.

Entón, a finais de 2022... Claro, é que eu fíxenlle esta pregunta hai un ano, señora conselleira e —pode repasar a súa nota de prensa porque decidiron titular por aí— vostede o que me dicía a min é que no segundo trimestre de 2021 empezaban. E agora o que me di é que non me preocupe, que a finais de 2022 traemos esa reforma da Lei de inclusión social de Galiza.

Entón, de verdade, un pouco máis de rigor, de seriedade e un pouco de respecto xa non polo Bloque, por min ou por este Parlamento, *(Aplausos.)* senón pola xente, de verdade, que vive e sobrevive, porque se gaban cunha renda de inclusión social de Galiza que ten de media 436 euros, segundo os datos dos seus informes; o último publicado correspondente ao ano 2020.

Entón, de verdade, eu non sei se hai que ir alí axitalos un pouco, pero tomen as cousas con seriedade e cun pouco de axilidade tamén, porque aquí levamos todo o que vai de lexislatura —e imos rozando o ecuador—, que cada vez é un prazo diferente. Entón, ¿eu que quere que lle diga? Voume de aquí e non me creo nada. Eu dígolle, e case me atrevo a poñer a man no lume, que a finais de 2022 non vai estar nin de lonxe tramitada e en

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

funcionamento, en vigor, esa reforma da Lei de inclusión social de Galiza. *(Aplausos.)* É que me atrevo, porque é que aquí viñeron unha e outra vez anunciarnos sucesivas datas que nunca dan chegado; sempre se pode esperar, e, sinceramente, non, a xente non pode esperar. Porque no medio desta dilatación de tempos e de non ter a máis mínima présa dentro da Xunta, cun goberno paralizado xa desde antes de que empezara todo o lío interno no seo do Partido Popular, a xente está afogada. Afogada, —insisto— pois cobras como media nunha risga 436 euros; agora ponte no medio desta escalada, que estamos pagando a dous euros o litro do gasóleo. ¿Que fai esa xente? Unha das rendas de inclusión social autonómicas máis baixas de todo o Estado, como para sacar peito. ¿De que?, ¿de ter á xente na miseria?, ¿de repartir miseria? ¿Iso é do que nos gabamos e do que sacamos peito?

Eu o que lle pido desde o Bloque concretamente, *(Aplausos.)* o primeiro —porque eu facía referencia na miña intervención a esa sentenza xudicial firme, sen posibilidade de recurso sobre como foi o proceder e cales son as consecuencias do proceder da Consellería de Política Social coas reclamacións ás persoas por suposta incompatibilidade, tratadas como defraudadoras— é que fagan unha revisión de oficio de todo o procedemento, con todas as persoas ás que se lles fixo esa reclamación e non houbo bonificación de ningún tipo porque non tiñan fillas e fillos a cargo. Actúe *motu proprio* para intentar corrixir un proceder da administración que era cargar contra unha poboación que o único que fixo foi o que se lle dixo que tiña que facer.

En segundo lugar, traian a reforma da Lei de inclusión, pero non a finais de 2022, de verdade, antes de que remate o actual período de sesións, para que como moi tarde a finais de ano estea publicada no *Diario Oficial de Galiza* e en vigor.

E, en terceiro lugar, falaba do bono social térmico ou dalgunhas das outras medidas, que son absolutamente parches diante desta escalada de prezos. Vostede ten capacidade para actualizar a contía da risga. Pode facelo polo menos para intentar incrementar minimamente eses 436 euros que cobran de media —insisto— as perceptoras e os perceptores da risga diante desta conxuntura económica de escalada brutal de prezos, que está empobrecendo ao conxunto da sociedade e, moi especialmente, á máis vulnerable.

Nós, esta demanda, por exemplo, fixémola no seo do Congreso das Deputadas e dos Deputados, e o Goberno español anunciou que incrementaba un 15 % o ingreso mínimo vital. ¿Moito?, ¿pouco? Iso é debatible pero polo menos anunciaron algo. Que non vai resolver os problemas pero, polo menos, vai permitir que a xente viva un pouquiño máis tranquila a final de mes e non tiritando cada vez que entra unha factura nova pola porta.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da interpelación, a conselleira de Política Social.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, alégrame de verdade que vostede comparta comigo a preocupación de todos eses fogares galegos que están agardando por unha solución que alivie de forma real as súas economías domésticas. Pero ante a falta de actuación por parte do Goberno central, como sempre —e xa estamos acostumados—, a Xunta de Galicia está a poñer á disposición de todas as familias, as familias que teñen menos recursos, todas as axudas que están ao noso alcance para paliar esta situación.

Como sinalei xa na miña primeira intervención, o Goberno galego acaba de aprobar un plan de choque con doce medidas que están destinadas precisamente a mitigar o impacto da economía nos cidadáns pero tamén no tecido produtivo; unhas medidas dirixidas a facilitar liquidez aos sectores máis afectados, dirixidas a apoiar o tecido produtivo, e tamén para axudar a todas as familias a que cheguen a fin de mes, con ese lanzamento do bono social térmico e, por suposto, tamén con ese complemento autonómico de cen euros por familia. Pero non nos marcamos datas futuras no calendario para actuar, senón que estamos poñendo en marcha de forma inmediata medidas realistas e medidas tanxibles, que van destinadas directamente ao peto dos galegos.

Nada nos gustaría máis —créame vostede— que dispoñer xa desa xestión do ingreso mínimo vital, porque consideramos que lograríamos chegar a máis xente, pero sobre todo chegar a máis xente dunha forma máis eficiente e poder axudar as persoas que necesitan de axuda inmediata.

Estamos, dende logo, a facer todo o que está na nosa man para que esa transferencia sexa unha realidade o antes posible.

A proposta de Galicia é que o ingreso mínimo vital se xestione do mesmo modo que se xestionan as pensións non contributivas e que se xestionan con éxito dende hai moitas décadas. Cremos —e así llo argumentamos ao Goberno central— que o modelo de coxestión que xa existe funciona e non hai por que inventar fórmulas novas, senón soamente utilizar un sistema que funcione nestes momentos entre o Goberno central e a nosa comunidade. Trátase, polo tanto, de aproveitar o coñecemento acumulado despois de tanto tempo, en colaboración coas pensións non contributivas e axilizar o máximo posible ese traspaso.

Señora Rodil, vostede di que perdeu a conta. Eu tamén perdín a conta das veces que vostede vén a esta tribuna berrar e tamén dicirlles falsidades a moitos galegos. Porque a Xunta de Galicia cumpre os prazos, ¡por suposto que cumprimos eses prazos!

Iniciamos a tramitación no terceiro trimestre do ano pasado e estamos traballando, nestes momentos, da man das entidades sociais. E se vostede a min non me cre, pregúntelles a todas as entidades sociais de Galicia se estamos traballando ou non da man con elas, que son as que saben das necesidades que están a pasar moitas familias galegas. Por iso queremos facer unha nova lei de inclusión social de Galicia que funcione e que sexa útil para as familias da nosa comunidade. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén di vostede, señora Rodil: ¡que máis ten que facer vostede, máis que queixarse e que o fagan outras comunidades! A resposta é moi clara: ser socios do Goberno, ser socios de Pedro Sánchez. Pero nós non imos ser socios de Pedro Sánchez; imos continuar traballando dende Galicia para darlles solucións a todos os galegos e a todas as galegas.

Señora deputada, o mellor aval de que atenderemos as necesidades reais que teñen todas esas familias de Galicia, e tamén as necesidades que teñen todas esas persoas que peor o están a pasar, é que xa estivemos aí ao seu carón nos momentos peores dunha pandemia da covid-19. Porque durante a pandemia da covid-19 fomos un exemplo de axilidade e fomos un exemplo tamén de eficacia á hora de atender as persoas que estaban a pasar unha mala situación. E estámolo facendo agora de novo, e traballaremos a nivel legal, a través desa lei de inclusión social de Galicia, para dar seguridade xurídica e para dar máis facilidades na atención das persoas que se atopan nunha situación de vulnerabilidade.

Confiamos en que o Goberno central tamén se poña as pilas, que xestione con máis eficacia o ingreso mínimo vital e, por suposto, tamén, agora xa cremos que para que sexa útil, eficaz e rápido soamente pode ser xestionado polo Goberno galego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Substanciamos agora unha alteración da orde do día, que é unha pregunta ao goberno.

Pregunta de Dª María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da reformulación do modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios de participación na prevención e defensa contra os incendios forestais

O señor PRESIDENTE: Señora Rodríguez Dacosta, cando queira.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días, conselleiro.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores preventivos, pero tamén de vixilancia e defensa contra incendios forestais. Con esta medida preténdese a implicación das administracións locais no operativo de loita contra os lumes que o Goberno galego desprega cada ano.

Mediante a configuración por parte dos municipios dunha ou dúas brigadas de cinco compoñentes, que durante tres meses, encadrados entre xullo e outubro, quedan baixo o mando organizativo e funcional do distrito que corresponda.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reciben os brigadistas un curso formativo de dezaseis horas presenciais, que é unha formación moi escasa para tan alta responsabilidade e para a propia seguridade laboral deles. O financiamento destes convenios é realizado con fondos europeos no marco do PDR de Galicia, pero para labores exclusivamente de prevención. Por outra banda, os labores de vixilancia e defensa contra incendios forestais son financiados pola Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou, en distintas ocasións, que non comparte este modelo de defensa contra o lume; un modelo que non se cingue á realidade existente no territorio galego nin á virulencia dos incendios actuais —incendios xa de sexta xeración—. Galicia necesita, señor conselleiro, dun modelo axustado á realidade, necesita dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellería con competencias na materia e de orzamento para iso, a súa Consellería do Medio Rural. *(Aplausos.)*

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades engadidas a esa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos, e agora agravadas cunha carga financeira cada vez maior. Tamén, neste caso, posto que a partida presupostaria que perciben é a mesma dende o ano 2016, sen ter nin sequera en conta a Consellería a subida salarial producida durante estes anos co salario mínimo interprofesional realizada polo Goberno do presidente Pedro Sánchez. Por pura responsabilidade, polo mero reproche que o lume no seu territorio lles puidera reportar, os alcaldes e alcaldesas cargan sobre os seus ombreiros unha encomenda que non debera ser da súa competencia.

Un grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia, no documento entregado en xuño de 2019, xa propuña unha reformulación incidindo na necesidade da súa reorientación cara a labores de prevención.

A maior abastanza —como saben—, a disposición quinta do novo Real decreto de medidas urxentes para a reforma laboral fala de que os contratos de duración determinada para fondos europeos só poderían ser para labores de prevención.

No caso que nos ocupa, preguntamos ao Goberno galego se pensa reformular o modelo de brigadas municipais. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Señora Rodríguez, efectivamente, a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece a colaboración do Goberno galego coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios. Por suposto, a nosa colaboración vai máis aló porque —como sempre digo, señorías— facemos prevención todo o ano e facemos da prevención unha das

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nosas liñas estratéxicas. Todas as actuacións da Dirección Xeral da Consellería do Medio Rural están sempre prevendo esa anticipación ao problema dos lumes.

Falamos dun traballo transversal que —como saben— excede, por suposto, as competencias da Consellería do Medio Rural e tamén implica á Administración do Estado, e, por suposto, tamén á Administración local e ás deputacións. Facemos prevención a través da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, facemos prevención co Plan de implantación de pastos ou no ámbito forestal co Plan forestal 2021-2040.

Pero, cinguíndome á súa exposición de motivos, quero aclarar certas cuestións que resultan, cando menos, difusas.

Señorías, os convenios de colaboración asinados coas entidades locais, cos concellos, neste eido, contemplan os seguintes tipos de actuación: mobilización de vehículos motobomba, tratamentos preventivos de xeito mecanizado e, efectivamente, a conformación desas brigadas municipais, encargadas tanto de labores de prevención como de vixilancia. E estes convenios teñen unha certa importancia para os concellos. Teño que dicir que, durante o 2021, foron asinados nada máis e nada menos que con duascentas sesenta e unha entidades locais por un importe superior aos 10,5 millóns de euros, que teñen fondos europeos, pero tamén teñen fondos propios, como non podería ser doutra forma.

Señorías, eu penso que non debería haber ningunha discrepancia no feito de que o sistema galego de loita integral contra os incendios forestais ten que basearse nunha estrutura profesionalizada, que ten que contar con base territorial integrada baixo o mando único da administración competente en materia forestal para a Consellería do Medio Rural. Foi o mesmo grupo de expertos —que vostede mencionaba— de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais en xullo de 2019 que dicía que a estrutura principal do dispositivo de incendios debe estar composta por persoal propio da Consellería do Medio Rural, coa formación e preparación adecuada en todo momento.

Ese dispositivo autonómico —tamén dicía o grupo de expertos— tense que complementar cunhas novas brigadas municipais, que terán como obxectivo principal a vixilancia e a prevención xunto co apoio ao dispositivo en cuestións de loxística e a colaboración na liquidación dos lumes, cun período de traballo de seis meses.

Nós xa falamos destas brigadas na comparecencia de marzo de 2019 e de decembro do 2021, e estamos pendentes de que as deputacións, ás que estamos consultando —logo falarei na seguinte quenda—, nos determinen dunha vez esa necesidade de cooperación entre administracións para poder financiar ese tipo de brigadas, que tamén se recollía nas propostas dos expertos.

Téñolles que dicir, señorías, que, ata agora, a comunicación tivo un carácter fundamentalmente unilateral.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleiro, non me contestou a pregunta de se se van reformular ou non. Normalmente, en xaneiro, xa os concellos saben como se formulan estes convenios e estamos en abril e nada saben desta cuestión. E recórdolle que as competencias en materia de extinción son da Consellería do Medio Rural e ten o orzamento para iso. ¡Branco e en botella! *(Aplausos.)*

Uníndoo á recomendación dos expertos, que falan de que se dediquen a cuestións de prevención, exclusivamente —pódolle ler o texto pero non me dá tempo—, ademais da disposición quinta do Real decreto de reformulación do mercado laboral, que fala de que as contratacións temporais de subvencións europeas só se poden realizar para labores de prevención, non para extinción. Estes convenios adoecen de moitas deficiencias que vostede coñece e que os expertos alertaban. ¡Non hai xefes de brigada! Moitos concellos non puideron conveniar con vostedes este convenio —valla a redundancia—, e outros moitos que empezaron a funcionar sabe que decaeron en medio da época de alto risco. Isto tampouco o contestou para saber se van facer algo neste senso. Por non falar da época na que contratan, que é xullo, agosto e setembro, que é xusto a época de alto risco, e que os labores preventivos teñen que estar feitos moito antes.

En canto ao modelo de ofertar convenios. Os concellos tamén eran cuestionados polos expertos porque vostedes non analizan as necesidades territoriais das zonas. Ofertan a todos os concellos e depende da vontade do alcalde ou da alcaldesa de facelo. E —reitero— os alcaldes e alcaldesas aceptan estes convenios por responsabilidade, pero todos eles, os do Partido Popular, os do Partido Socialista e os do Bloque Nacionalista Galego, están en contra deste convenio, porque cargan sobre o seu orzamento unhas competencias totalmente impropias, cun persoal —que non é culpa deles, por suposto— que non está formado nin cualificado para iso, porque cada ano pode cambiar de persoal...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...e a extinción de incendios é moito máis serio que isto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Peche da pregunta, o conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): A culpa coma sempre, señorías, é da Xunta de Galicia.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Eu falando, en concreto, no que se refire á súa pregunta, que é a reformulación das brigadas municipais, en primeiro lugar, quero poñer en valor eses douscentos sesenta e un concellos

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que todos os anos firman os convenios das brigadas, entre outras cuestións de prevención e extinción, coa Xunta de Galicia, nun exemplo de cooperación administrativa.

Tamén quero poñer en valor o Convenio de protección das aldeas, no que tamén temos douscentos sesenta concellos e no que este ano comprobamos as franxas de cento quince concellos, con máis de sesenta mil hectáreas, e fixemos practicamente setenta mil notificacións. E nese convenio tamén fixemos os plans de prevención de cento sesenta e catro concellos. Polo tanto, penso que se fixo un traballo importante en prevención.

Pero o acordo que se fixo por parte dos expertos que foron postos por todos os grupos parlamentarios no Parlamento no ano 2019 dicía claramente que habería que reformular esas brigadas municipais, entre outras cousas, profesionalizalas e pasalas a un tempo de traballo de seis meses, cousa coa que a Consellería do Medio Rural está totalmente de acordo. E fíxense no que dicían eses expertos, que é que se tiña que facer claramente co financiamento da Xunta de Galicia, por suposto, dos concellos, tamén por suposto, e, sen ningunha dúbida, das deputacións.

¿E que fixo aquí o conselleiro do Medio Rural? Cumprindo o mandato dos expertos parlamentarios, remitirlles senllas cartas ás Deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra, ata en oito diferentes ocasións, correos electrónicos e chamadas telefónicas. Ningunha reunión tivemos aínda sobre a reformulación das brigadas municipais, excepto —teño que dicir— coa Deputación de Ourense. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non se preocupen que lles vou explicar os cartos que puxo a Deputación de Ourense.

Do mesmo xeito, pediámoslles que mentres non se reformularan as brigadas municipais, señorías, se puidera falar de traballos de prevención en todos os diferentes concellos, colaborando no financiamento dos tractores que necesitan para facer esa prevención os concellos de Galicia.

Dende o ano 2017, a Xunta de Galicia financiou noventa e un tractores. E nos dous últimos anos, os trece tractores que se financiaron foron exclusivamente en Ourense, ¿e saben por que? Porque o 50 % deses tractores aportouno a Deputación de Ourense xunto coa Consellería do Medio Rural.

Pero, ademais, durante o ano 2021, por responsabilidade —dado que as deputacións non querían facer esa aportación financeira—, puxemos á disposición dos concellos de Galicia trinta e un tractores máis para facer medidas de prevención.

Polo tanto, permítanme que remate a miña quenda facéndolle unha pregunta: ¿vai o Grupo Parlamentario do Partido Socialista de Galicia asumir a importancia da colaboración entre administracións nun tema tan transcendente para os galegos como é a prevención dos incendios forestais? *(Murmurios.)* E, en consecuencia, ¿van pedirlles, señorías do Partido Socialista, ás deputacións nas que gobernan que cumpran o mandato do grupo de expertos parlamentarios no que se refire ao financiamento das novas brigadas municipais? Gustaríame saber cal é a súa postura. *(Murmurios.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non. Isto forma parte da retórica parlamentaria. *(Protestas.)* ¡Home, por favor! *(Murmurios.)* Isto é a retórica parlamentaria. ¿Cantas veces se lanzan preguntas ao aire? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

Non. Agora toca a hora de comer e volvemos ás catro da tarde. *(Murmurios.)*

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para presentar un proxecto de lei do xogo

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde... *(O señor Castro García interrompe a intervención por problemas de son na sala.)*

O señor PRESIDENTE: A ver se nos din algo. Algo falla aí.

(Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Cando queira, cando queira, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Despois deste impás, grazas, presidente. Boa tarde.

Señor Rueda, todos coñecemos o de «*Entra, entra, entra, juega, juega, juega, apuesta, apuesta, apuesta*», que é un coñecido anuncio do señor Carlos Sobera que incluso pode chegar a provocar o riso, pero detrás ten unha realidade que doe bastante. Nela hai familias rotas, familias que quedaron sen medios, sobre todo porque algúns dos seus membros quedou na adicción ao xogo das casas de apostas. E nisto temos que preguntarnos que é o que pinta a Xunta de Galiza en todo isto e que pode facer para resolver este problema. E resulta que hai unha lei do xogo de Galiza que ten máis anos ca seis deputadas e deputados do Bloque Nacionalista Galego. É evidente que o xeito de apostar, os medios, os lugares, cambiou bastante

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nos últimos trinta e sete anos, ¿non? Pois entón temos que preguntarnos, ante este problema tan grave que causa empobrecemento, que causa perda da saúde mental, que causa a baixada do rendemento académico e, sobre todo e máis evidente, que causa adicción: ¿que medidas tomou a Xunta de Galiza? E así imos máis ou menos ao 2016, no que se empeza a falar deste anteproxecto, e despois xa pasamos directamente ao 2019, cando o presentan.

Pero parece que non ía resolver moito os problemas porque o propio presidente do CES e exconselleiro do Partido Popular —entre outros cargos— dicía cousas como: Algúns fragmentos do texto parecen incidir na naturalización da actividade póndoa en valor, deixando case de lado os graves problemas que ocasionou. Practicamente non regula —asegura— o xogo en liña, ao que accede maioritariamente a poboación. E di outras perlas que non deixan en moi bo lugar este anteproxecto.

Entón, despois de todo isto, tivo unha consecuencia bastante rápida, de pura lóxica. Busquei nun buscador, dun xeito moi rápido, «Xunta de Galiza», «a Lei do xogo», «Partido Popular...». E estes foron os titulares que foron saíndo: «Os xigantes das apostas refórzanse en Galiza mentres a Lei do xogo da Xunta segue estancada», «A Xunta deixou de ingresar 3,7 millóns de euros pola rebaixa de impostos a casinos, bingos e máquinas de xogo en 2021», «A Audiencia Nacional acusa a Xunta de protexer os intereses económicos dalgunhas empresas de xogo fronte a outras», ou «Os irmáns González Fuentes, donos de Luckia —todos a coñecemos—, aparecen como doadores de 100.000 euros ao PP na trama Gürtel».

E despois de ler todo isto, de ver como ministros do Partido Popular, como o señor Catalá, acaban en Codere, despois de ver que hai libros que narran sobre as relacións do Partido Popular co xogo e despois de ver outro tipo de vínculos, un faise a seguinte pregunta: ¿pode ser que, mentres que hai rapaces e rapazas que seguen deixando as súas vidas e as das súas familias en Coderes e Luckias, a Xunta estea retrasando todo isto un pouco porque ao mellor se benefician os seus amigos, a súa familia, incluso os seus militantes? Hoxe ten unha boa oportunidade para deixar claro que non —espero que así sexa— dicindo alto e claro cando van traer ese anteproxecto aquí ao Parlamento de Galiza para poder debater sobre el.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor Castro.

Señorías.

Ben, vamos ver, eu comparto, se é que é sincera a súa pregunta, a verdadeira intención —e xa vin que non, porque xa vin por onde vai—. Laméntoo de verdade, porque, se fora sincera, compartiriamos a preocupación pola necesidade de regular un sector no que, efectivamente,

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sabemos das súas consecuencias, das consecuencias do xogo. Vostede na súa pregunta e agora nomeaba algunhas —hai outras—. Polo tanto, é un sector necesitado de regulación. Xa é un sector regulado, pero sempre está necesitado de regulación e de actualización. Diso vai o proxecto de lei.

Se iso é o que lle preocupa, pois seguramente coincidiriamos. Xa vexo que vostedes todo o derivan á política, como fan vostedes con todo para ver se sacan algún rédito político con algunha insinuación, coma sempre. Eu voulle falar, polo menos nesta primeira intervención, coma se de verdade lle importara a regulación do xogo dun xeito obxectivo. E, polo tanto, a primeira opinión que lle teño que dar é que vostede fala de casas de apostas, de xogo *online*. Ben, seguro que sabe que hai moitas máis cousas que as casas de apostas, supoño que lle preocupan tamén as máquinas comecartos, os bingos, os casinos, as apostas deportivas. Todo iso hai que regulalo tamén.

Supoño que descoñece —e iso si que é preocupante á hora de darlle unha resposta axeitada— que nin a Xunta de Galicia nin ningunha outra comunidade autónoma ten competencias sobre o xogo *online*. Iso é cousa do señor Garzón, que en catro anos fixo un só decreto, na regulación do xogo online, sobre comunicacións comerciais —no que nós estivemos de acordo, por certo—.

Pero, ¡home!, se o xogo *online* é preocupante —e certamente o é, sobre todo entre a xente moza, que é onde máis está crecendo—, unha soa regulamentación fronte a doce que fixo a Xunta dende o ano 2009 á hora de regular o xogo que chamarei «tradicional» denota pouca preocupación ou pouca sensibilidade, ou o pouco coñecemento do que está realmente sucedendo co xogo *online* e as consecuencias que ten sobre a xente máis nova.

Xa lle digo que, se vostede dirixe a súa pregunta cunha vontade real de protección e necesidade de regulamentación —que eu non lle nego, a Xunta non lle nega, por suposto, na parte do xogo que nos corresponde, e insisto en que non sei se vostede o coñece ben vendo a súa pregunta escrita e o que di agora—, non podemos regular o xogo *online*. Xa nos gustaría. Pedímolo moitas comunidades autónomas, ¡eh! Isto levouno o Estado antes e agora, e ten un alcance xeral, son temas tecnolóxicos. E, polo tanto, as comunidades autónomas pouco poden facer á hora de regulamentar o xogo *online,* que realmente é o que agora mesmo está creando —non exclusivamente pero si dun xeito preeminente— adiccións.

Xa lle digo que, se a vostede lle preocupa realmente a prevención das adiccións e as consecuencias da ludopatía, este proxecto de lei —por darlle algunhas ideas— vai diminuír as distancias a centros educativos e fai máis estritos e xeneraliza practicamente os controis de acceso nas casas de apostas. Non estaban ata o de agora. Prohibirá a publicidade nos medios públicos galegos. Non podemos facer outra cousa, non podemos chegar á prohibición nin á regulamentación da publicidade no xogo *online*. Haberá axudas para a ludopatía, limitacións adicionais que poden poñer os concellos —antes non podían—, e a prohibición de conceder préstamos a xogadores.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): É dicir, unha serie de medidas que van dirixidas a isto...,

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. Terminou o seu tempo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): ...se realmente é a súa preocupación, aínda que vexo que....

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Réplica, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidente.

¡Home, señor Rueda, non me fale de que está regulado cando os propios traballadores e donos de pequenas empresas do sector din que é unha auténtica selva! E aínda por riba danlle primacía, priman, a aquelas empresas que aínda por riba non cotizan en Galiza senón en Madrid.

E non pode falar disto coma se fose que non vai con vostede. Vostede, cando entra a falar co sector do xogo, está coma na casa, só lle fai falta poñer as zapatillas e o pixama. E non o digo eu, dino os propios membros do Partido Popular. Porque cando se lles pregunta na prensa —e sábeo perfectamente— cales son as relacións do Partido Popular co xogo, eles mesmos din —palabras textuais—: «Son cousas de Rueda e os seus rapaces». Coidado que, agora que vai ser presidente, non lle fagan un «Casado». Vixíe bastante ben ás súas costas. Isto dino os seus militantes. E, como lle dicía, isto é unha especie de *Mad Max* da lexislación.

Logo, nos metros de distancia das casas de apostas cos centros creo que aquí non están moi de acordo en Redondela e en Vigo, cando utilizan, por exemplo, directamente o Google Maps para medir como queren a distancia con centros escolares. *(Aplausos.)* Ou directamente xa, por exemplo, no barrio de Navia, en Vigo, que tamén a poñen a 20 metros dun parque infantil.

Ben, serán matices, o que pasa é que, coma sempre, fan coa regulamentación e co regulamento o que lles vén en gana. Á fin e ao cabo eu botaba de menos quizais, para isto da Lei do xogo —que agora parece que tamén teñen unha ansia de regular o *online*, coma se levase isto desde o 1985 e non puidesen regular o anterior—, que a solución fose que, en vez de Lei do xogo, ao mellor puxese algo como «suprimir a moratoria dos eólicos». Porque aí ben se dan máis présa. Aí poden, e en dúas semanas xa o teñen listo. En cambio aquí, desde que empezan a falar pasan seis anos, e, mentres tanto, quedan familias arruinadas e mozos e mozas perdendo cartos directamente para, casualmente, os seus amigos.

¿Cando o van traer? Poñan unha data.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Peche da pregunta polo vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Castro, ¿sabe a impresión que me dá e que agora confirmo? Que vostede non sabía que a Comunidade Autónoma non podía regular o xogo *online*. Faime esta pregunta, non o sabía e agora, claro, vén aquí e sae polos cerros de Úbeda e di o que din sempre. É bo documentarse antes de facer este tipo de cousas.

¿Sabe con quen está encantado o sector do xogo *online*? Co ministro Garzón. Iso é o que me din, que están encantados porque, podendo poñerlles moitas máis trabas, non llelas está poñendo. Polo tanto, fale vostede con el, porque eu tiven tres conferencias sectoriais para ese decreto que tardou catro anos en sacar, e co do xogo *online* está bastante satisfeito. Eu pódolle asegurar que, se nós puidésemos regular iso, fariamos outras cousas. Pero non podemos. Polo tanto, se este tema lle preocupa de verdade —que sinceramente penso que non lle preocupa nin moito menos o que pretende aparentar, nin sequera pretendeu aparentar moito nesta pregunta— dirixa a súa pregunta e a súa capacidade de incidencia, se a teñen, ao seu «goberno amigo» en Madrid, para que o regule doutra maneira. Porque lle podo asegurar que aquí o temos clarísimo.

Mire, sabe que o Bipartito —do que formaban parte os dous partidos que se sentan aí— no ano 2008 fixo un regulamento de máquinas recreativas que dicía exactamente que había que simplificar os trámites para poder poñer máis máquinas comecartos, porque era necesario potenciar o dinamismo dun sector económico moi importante e puxante en Galicia, necesitado de amparo. Iso dicíano vostedes no seu regulamento do Bipartito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Sabe o que trouxo como consecuencia? Que se disparara o número de máquinas comecartos. E que os propietarios de hostalería se viran obrigados a non poder dispoñer libremente das máquinas que querían poñer foi todo o que conseguiu a súa lexislación. Polo tanto, ¿de que me está falando? ¿De que vén agora a acusar ao Partido Popular? ¿Sabe o que di o máximo representante das asociacións de operadores de xogo en Galicia? Que o proxecto de lei do que vostede está a falar debe cambiar porque estrangula o sector. Polo tanto, ¿en que quedamos? ¿Somos amigos...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, xa sei que lles preocupa ao final que se estrangule o sector. Preocúpanlle pouco os destinatarios, os posibles prexudicados polo xogo. Pero, xa digo, ¡se nin sequera sabía que o xogo *online* non o podemos regular! ¡Se me fixo unha pregunta sobre isto e me está insistindo sobre unha cousa sobre a que non podemos...! Polo tanto, é moi difícil que lle poida contestar.

Mire, só lle podo contestar con datos e co que fai este Goberno. ¿Sabe vostede —isto supoño que o saberá— que dende hai tres anos está limitado, capado, o número de locais de apostas que se poden abrir en Galicia? Non se pode abrir ningún máis, está prohibido abrir máis. E, se algún pecha, esa licenza xa non pode acrecentar; é dicir, é unha menos. Isto logo imitárono moitas comunidades autónomas, pero a primeira foi Galicia. Polo tanto, ¿de que me está falando? Cando vostedes fixeron no Bipartito ese decreto de máquinas comecartos, disparáronse. Nós tivemos que baixalas. Hoxe hai menos máquinas comecartos, menos salóns de xogo, menos, en xeral, posibilidades de xogo presencial, que é o que pode regular a Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Todo o demais é demagoxia e descoñecemento... *(O señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Interior, Rueda Valenzuela, pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rueda. Grazas, terminou o tempo.

(Aplausos.)

Pregunta de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Patricia Otero Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada nos concellos da comarca da Barbanza

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Eu quería comezar saudando os representantes dos grupos socialistas dos concellos do Barbanza que hoxe nos acompañan dende a tribuna de persoas convidadas, profundamente preocupados pola situación do transporte por estrada que sofre a súa veciñanza, como así o manifestan practicamente a diario.

Señora conselleira, desde hai aproximadamente un ano comezou a nova adxudicataria a prestar este servizo, e sabe ben que son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias de toda Galicia polos problemas que está a dar. Esta situación prodúcese de maneira máis notoria ou de maneira recorrente nos concellos da comarca do Barbanza, unha área en concreto de 70.000 habitantes e que é a terceira de maior densidade de toda a provincia da Coruña; un territorio que ademais conta cunha particularidade como é unha forte mobilidade dos seus veciños e veciñas entre os concellos, que se ven obrigados a moverse diariamente para acudir aos seus postos de traballo nunha liña practicamente recta, dada a intensa rede de empresas e industrias que alí existen.

Dende o comezo da prestación deste servizo foron moitas ocasións nas que os diversos concellos do Barbanza lle trasladaron á súa consellería a necesidade de que se adoptasen as medidas necesarias para o correcto funcionamento deste servizo tras ser detectadas numerosas deficiencias. Mais semella que o Goberno galego non está exercendo as súas obrigadas tarefas de supervisión e control deste contrato de transporte, porque practicamente nada cambiou.

Pero non só ademais dende o comezo deste novo contrato. Vostede sabe ben que os concellos do Barbanza tiñan, teñen, un proxecto que lle propuxeron en varias ocasións; de feito, antes de que comezase a licitación, xa vostede era coñecedora deste proxecto, do que fixeron caso omiso; un proxecto que, aproveitando neste caso as potencialidades da autovía AG-11, supón un novo modelo, por certo, ademais, exportable a outros territorios máis eficientes e, dende logo, moito máis sostible e ecolóxico: conectar nunha única liña de transporte os catro polígonos industriais da comarca (Ribeira, A Pobra, Boiro, Rianxo), con catro paradas únicas,

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

das que a modo de lanzadeira sairían autobuses de menor porte e conectarían cos núcleos urbanos dos concellos, efectuando, aí si xa, moitas máis paradas.

Desta maneira responderíase ás necesidades de frecuencia e horarios de transporte interurbano do Barbanza, que na súa maioría —como dixen e vostede sabe— se emprega para ir aos seus centros de traballo, á vez que tamén se solucionaría o resto das demandas da poboación.

A veciñanza do Barbanza, señora conselleira, exixe unha solución inmediata aos problemas de transporte por estrada, coa restitución, por exemplo tamén, das liñas suprimidas, un incremento dos servizos que cubran as súas necesidades, tal e como debera estar acordado cos concellos, concellos que, como acabo de expoñer, ofrecen alternativas sostibles, ecolóxicas e eficientes; pero vostedes, ao seu, e así nos vai.

Paso a formularlle a pregunta, señora conselleira: ¿pensa o Goberno galego dar unha solución rápida e inmediata aos numerosos problemas que está a padecer a veciñanza do Barbanza como consecuencia da mala planificación previa e do mal funcionamento actual do transporte interurbano por estrada? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, dende logo que sempre é unha ledicia que o Partido Socialista amose algo de interese, aínda que sexa moi pequeno e interesado, polo transporte público. O certo é que é un asunto, dende logo, residual para o Partido Socialista, e ímolo explicar na pregunta de hoxe.

Dende logo que para nós é moi serio o cumprimento do Plan de transporte público de Galicia. Facemos seguimento deste Plan de transporte público porque pensamos que o Plan de transporte debe ser útil e debe estar adaptado ás necesidades. Apostamos por un plan de transporte eficaz, competitivo e, dende logo, que estea adaptado ás necesidades e que sexa moito máis moderno.

Tiven a oportunidade de comparecer aquí no Parlamente hai pouco e cualifiquei o Plan de transporte público de Galicia de éxito, e volvo reiteralo. Así é o esforzo que fixemos: 127 contratos novos, máis de 3.400 novas liñas de transporte, 2,3 millóns de servizos que se prestan ao ano e máis de tres millóns de viaxeiros que mobilizamos cada mes. Estes son os datos do novo Plan de transporte público, que —insisto— está vivo, do que facemos seguimento continuo, porque facemos chequeo, vixiamos e queremos facer as melloras continuas que se necesiten.

E a comarca do Barbanza non é unha excepción, e así puxemos en marcha axustes dos servizos cando se realizou a súa explotación, xa efectiva; xa foi en febreiro de 2021. Tamén o 29 de novembro, despois de levantarse as restricións e tamén ao reinicio da actividade la-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

boral e lectiva como consecuencia da covid, acometemos melloras, axustamos horarios, porque é un Plan de transporte público vivo, na franxa de quince minutos, mellorando a coordinación, reforzando os servizos, tamén mellorando as conexións con Santiago, e, de feito, incorporamos sete paradas máis baixo demanda, oito liñas na comarca.

Pero nestes momentos, señoría, os veciños do Barbanza dispoñen de 925 servizos de transporte público da Xunta de Galicia por autobús á semana na comarca, para cubrir os desprazamentos. Días laborables: Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, 35 servizos de ida e volta, desde as 6.20 h ás 23.30 h; hai que sumar outros 68 servizos diarios entre A Pobra e Ribeira; entre Ribeira e Noia, 29 servizos, desde as 6.45 h e as 22.30 h; e reforzaremos tamén as conexións con Santiago.

Señoría, en calquera caso, se lle preocupa o transporte público, debería revisar a Lei de mobilidade sostible que promove o Goberno de España, porque, se propoñen as administracións, é a administración propoñente a que debe pagar; é un privilexio para vostedes, en vez dun dereito.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Xa me estrañaba a min que non falasen hoxe tamén aquí do Goberno de Pedro Sánchez. Mire, señora conselleira, pode dicir vostede o que desexe, pero o certo é que a oferta actual dende logo non satisfai en absoluto a demanda, porque está baseada nun concepto herdado do anterior modelo; nin se innovou nin dende logo se pretende facer gala dunha maior sostibilidade, como así llo propuxeron —xa llo dixen— os concellos do Barbanza, que coñecen moi ben, moi ben, as necesidades da súa poboación.

Non dea cifras estériles, non serve de nada; fáleme de horarios, fáleme de trazados, fáleme de paradas. Mire, o único concepto que primou e que está a primar neste contrato que leva —como digo— xa un ano é o da rendibilidade, e á vista da súa resposta, e tamén das do Grupo Popular nas innumerables ocasións en que trouxemos este tema aquí, a única rendibilidade que a vostede lle preocupa é a da empresa. De feito, acaba vostede mesma de falar de contrato competitivo, un servizo público co que o Goberno galego busca optimizar os beneficios da empresa concesionaria, por certo, tal e como xa se lle escapou a algunha deputada nalgunha ocasión nunha comisión parlamentaria. O nunca visto, o nunca visto.

Señora conselleira, hai un descontento xeral de toda a poboación nesta materia, e vostede sábeo ben. O que non entendemos é como non son quen de asumir que este contrato non funciona axeitadamente e recoñecer que teñen que ser máis dilixentes na súa tarefa, obrigada, de supervisión, que non realizan, señora conselleira, por moito que vostede diga que si, e obrigar a empresa aos axustes necesarios.

Repítolle: ¿por que non asumen o proxecto dos concellos do Barbanza, que poden adaptar, por suposto, ás súas necesidades? Poden facelo, se queren, tamén, máis competitivo, como vostede di. ¿Por que non innovan e apostan por un modelo máis sostible e eficiente?

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Oxalá, señora conselleira, puxeran vostedes o mesmo interese polo transporte de viaxeiros por estrada, que é a súa competencia, que o compromiso que manifesta co transporte ferroviario, que xa non é da súa competencia.

Eu remato cunha petición sinxela: agora, que un ano despois da súa posta en marcha queda demostrada a ineficiencia dun modelo desfasado, senten de novo cos concellos do Barbanza e adopten unha postura construtiva que mellore o modelo de transporte público por estrada.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

¿Parécenlle *peccata minuta* 925 servizos de transporte público á semana no Barbanza? O que é non saber xestionar o transporte público por autobús, en horarios, en frecuencias, en liñas, estámolo a ver en Ferrol, co Partido Socialista en Ferrol, que ten as competencias do transporte urbano, e non pon ningunha liña, ningún horario de transporte público en Ferrol; esa é a súa forma —do Partido Socialista— de xestionar o transporte público, olvidalo, e así non é un problema meu.

Polo tanto, non son exemplos de nada. Tamén en Santiago, onde o transporte urbano, competencia do Partido Socialista, que goberna, está caducado, non o renova e así está o transporte público urbano en Santiago. En Vigo xa sabemos: quérenlle baixar aos traballadores o 30 %, porque está parece que na quebra; polo tanto, transporte público de autobús urbano no Concello de Vigo, onde gobernan vostedes, pois tamén máis do mesmo.

¿É ese o exemplo que quere que sigamos no Barbanza ou os 925 servizos, sostibles, eficientes, deseñados por técnicos especialistas? ¿Ou prefire estes exemplos de Ferrol, Santiago, Vigo?

Non se cansa de exixir á Xunta de Galicia, por suposto que si, e ¿por que non exixen a Tarxeta Xente Nova? ¿Que lle parece a Tarxeta Xente Nova que aplicamos na Xunta de Galicia? 110.000 mozos de menos de 21 anos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que non? ¡Ah!, non queren que se implante nas cidades onde goberna o Partido Socialista. Esa é a forma de vostedes: exixirlle á Xunta de Galicia pero defender o Goberno de España cando é lesivo para Galicia e tamén as cidades cando non aplican medidas sociais como estas. (*Aplausos.*)

Non lle reclaman os servizos ferroviarios que hai que repoñer pola pandemia ao Goberno de España; aí si que temos ducias e ducias e ducias de denuncias, é aí nos servizos ferroviarios que non repón o Goberno de España.

¿Sabe das expedicións de autobús?, que o Goberno de España ten competencias en autobús. Porque vostedes veñen aquí darme lecciónes e é que non están lexitimados para dar lecciónes

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de transporte público. Os servizos de autobús entre comunidades autónomas están reducidos nun 30 %, estanse a realizar as expedicións nun 70 %. ¿Que lle parecería a vostede que as expedicións da Xunta de Galicia de autobús estiveran recortadas nun 30 %? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu pregúntome. Polo tanto, non creo que o Partido Socialista sexa unha referencia para que me dea lecciónns de transporte público, señoría. Creo que hai que mirar o que fan os demais, comparar e facer balances.

Ese é o Anteproxecto de lei de mobilidade sostible, que acaba de ningunear. Eu pídolle que o lea, eu lino con detemento, e o certo é que me asusta, é lesivo para o rural, pero lean que a administración propoñente ten que pagar; iso é para que non pidamos nada. *(Murmurios.)*

Polo tanto, de transporte público, señoría, o Partido Socialista non nos pode dar lección ningunha.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto de atender as alegacións do Concello de Cambre en relación co trazado da vía ártabra

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señorías, dúas sentenzas moi recentes do Tribunal Superior de Xustiza anulan a aprobación do proxecto de trazado e o estudo de impacto ambiental da vía ártabra en Cambre; tamén anulan a aprobación do proxecto construtivo correspondente a ese trazado e, por tanto, implican de feito a anulación de parte do trazado da vía ártabra.

Unha desas sentenzas anula a aprobación do proxecto construtivo por parte da Xunta no ano 2018, porque o informe no que se valoran as alegacións presentadas é posterior ao acordo da Xunta que aproba o propio proxecto; é dicir, a Xunta aprobou o proxecto sen ter en conta as alegacións efectuadas. Un defecto que calquera pode entender que é moi grave, porque é tanto como dicir que o Consello da Xunta do 5 de decembro de 2018, do que vostede, señora conselleira, formaba parte, que deu por aprobado o expediente, nin sequera analizou as alegacións efectuadas polos afectados polo proxecto que estaba aprobando.

A nosa pregunta é sinxela: ante este revolcón, ante este varapalo xudicial por duplicado, ¿que vai facer a Xunta? Máis concretamente: ¿vai a Xunta recoller as alegacións do Concello de Cambre e, en consecuencia, modificar o trazado da vía ártabra ao seu paso por Cambre? Lamentablemente a resposta xa a anticipou onte vostede mesma, que para variar bótalle a culpa ao Bipartito, bótalle a culpa tamén a quen recorre e non se atreve a botarlle a culpa ao Tribunal Superior de Xustiza, pero case, fáltalle ben pouco.

Tamén dixo vostede que non vai admitir imposicións, así o dixo. Señora conselleira, ¿que imposicións non admite: as do Tribunal Superior de Xustiza? ¿Non admite vostede as im-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posicións da Xustiza? Pois non lle queda outra que admitilas, porque, se non o fai, haberá outras sentenzas que voltarán tombar os seus actos administrativos, porque lamento informala que así funciona o Estado de dereito, como seguramente poderá dicirlle algún dos seus asesores, aínda que parece que a vostede non lle gusta.

En todo caso, non só unha, senón dúas sentenzas confirman o que moita xente viña denunciando dende hai anos, e a súa reacción é botarlle a culpa a todo o mundo, calquera cousa menos recoñecer que están metendo a pata ata as cachas, que xa medio arrasaron o humidal da Gándara, que ten un importante valor ecolóxico e que o Tribunal Superior só entrou nos primeiros motivos alegados polo Concello de Cambre, pero quedan máis motivos que aínda nin sequera analizou, pero que analizará no futuro se seguen por esa dirección; concretamente nunha das sentenzas, destas dúas sentenzas, quedan sete motivos máis, nos que o tribunal —insisto— nin sequera entrou polo momento.

E, por tanto, unha obra moi importante para A Coruña leva vinte anos en marcha e non remata nunca e levan vostedes xa trece anos na Xunta e agora mesmo está paralizada. ¿Que van facer vostedes?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ¿Vai asumir vostede algunha responsabilidade? (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu, señoría, agradézolle que traia esta pregunta sobre a vía ártabra aquí ao Parlamento e poñer negro sobre branco nas cuestións que acontecen sobre a vía ártabra, porque o responsable do pecado orixinal, por suposto —teño que volver dicilo—, é o Bipartito. *(Murmurios.)* ¡Pero vostedes déixenme explicar! ¡Non saben distinguir o que é un proxecto de trazado dun proxecto construtivo! *(Murmurios.)* O señor Arangüena non sabe que o proxecto de trazado, aprobado polo Bipartito, é o proxecto de trazado que vai na zona das Gándaras, trazado do Bipartito, señorías.

É que de verdade que hai que facer historia. A conselleira era María José Caride, anos 2005-2009. Creo que teñen moito que calar, porque a realidade é que son decisións do Bipartito, con esa conselleira, da que tamén temos a sentenza xudicial do PXOM de Vigo anulando como consecuencia da xestión deses catro anos —menos mal que gobernaron soamente catro anos—. Porque aquí está o DOG *(A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mostra un documento.)*: resolución do director xeral de Obras Públicas, Morato, no ano 2009, aprobando o proxecto de tra-za-do polas Gándaras, proxecto do Bipartito, que nós corroboramos, proxecto de trazado aprobado polo Bipartito. Sentenza xudicial: «*En definitiva, hemos de concluir que, aunque estuviera sometido el proyecto de trazado ínte-*

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gramente a la Ley de carreteras entonces vigente, el mismo debió de ser aprobado en el Consello de la Xunta». É dicir, que emitiu unha resolución o director xeral en vez de elevalo ao Consello da Xunta; ese é o fallo, de forma que vén en cascada con todo.

Polo tanto, no Bipartito —e vostedes non saben tramitar as cousas— gobernaban vostedes e fixérono mal. E, claro, agora pois recoñeza que hai diferenza entre o que é un proxecto de trazado e un proxecto construtivo. O proxecto construtivo vén dese proxecto de trazado, porque nós confiamos e confirmamos ese proxecto de trazado, porque os trazados non se impoñen politicamente, que foi o que dixen eu; non terxiverse.

¿Vostede aposta por que hai que impoñer politicamente un trazado porque si, porque o digo eu, porque eu o vallo? Non, os trazados dos proxectos de estradas deben de ser resultado dunha análise multicriterio analizando diferentes conceptos: seguridade viaria... *(Murmurios.)* Di que si, pero a seguridade viaria nun punto máis cerca. Diso nada, señoría, cando temos a bifurcación Ferrol-Santiago —que seguro que todos vostedes a colleron—, se temos un enlace cerca diso, cos trenzados ¿que pasa? ¿Temos que poñer a seguridade viaria de todos os usuarios da estrada en perigo? Polo tanto, os proxectos de trazado dende logo que non se impoñen politicamente.

E, señoría, lograron un fito histórico, si, vinte anos de traballo e convertelo en po, como consecuencia desta resolución dun director xeral, que debería terse aprobado no Consello da Xunta, no Bipartito, señoría. Nós seguimos continuando porque confiamos en todos os trámites e seguimos os trámites con ese proxecto de trazado.

Dende logo que en Cuatro Caminos nunca será posible, por problemas de seguridade viaria, porque hai un castro cerca. E, polo tanto, os trazados non se impoñen politicamente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Terminou o tempo. Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señora conselleira, dixo vostede «Bipartito» aproximadamente dez veces. Mire, o Bipartito rematou no ano 2009, pasaron trece anos; señora conselleira, trece anos, nos que tiveron vostedes nas súas mans o expediente administrativo para corrixir o que houbera que corrixir e para facer o que houbera que facer. *(Aplausos.)*

¿Insinúa vostede, señora conselleira, que os maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza forman parte tamén do Bipartito? *(Risos.)*

Mire, señora conselleira, a necesidade desta obra vén recoñecida no ano 2004, levan vostedes —insisto— trece anos. Esta obra non está rematada e agora di que dúas sentenzas do Tri-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bunal Superior de Xustiza reducen a po —dixo vostede— o que se fixo en todos estes anos. Pero, mire, ¿que van facer vostedes? É dicir, o que eu lle pregunto é: ¿que tipo de medidas van adoptar para enderezar a situación? Porque parece que a vostedes lles dan igual as sentenzas e perseveran nos seus erros, en prexuízo do interese público e en beneficio de intereses urbanísticos particulares, xustamente o contrario do que deberían facer como administración.

Estoulle dicindo que o Tribunal Superior de Xustiza só entrou nos primeiros motivos, nos dous primeiros alegados, entre dez, polo Concello de Cambre nesas dúas sentenzas, pero quedan moitos máis. E se vostede porfía no erro, se vostede segue na mesma liña, na mesma dirección e lle bota a culpa ao Bipartito, e non fai nada máis que botarlle a culpa ao Bipartito, pois virán outras sentenzas. E a culpa non será nin dos maxistrados nin do Bipartito, nin dos recorrentes; a culpa será súa, que é a administración competente e responsable. ¡Deixe de botar balóns fóra e de botarlle a culpa a unha administración que leva trece anos sen tocar este expediente!

Finalmente, o humidal da Gándara ten un elevado valor ecolóxico, vostedes practicamente xa o arrasaron, medio arrasaron un humidal que figura como hábitat prioritario na normativa europea e como ben de interese cultural no catálogo da Xunta, no catálogo que fixeron vostedes...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...desde o ano 1994. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, señoría.

Pero —eu volvo insistir— eu creo que hai que distinguir o proxecto de trazado do construtivo; o construtivo desenvólvese como consecuencia do proxecto de trazado. Eu invítoo a que colla un plano, e o proxecto de trazado aprobado polo Bipartito pasa pola zona da Gándara. Porque me está criticando vostede o trazado, que é do Bipartito. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E volvo lerlle a sentenza xudicial. É que eu estou facendo unha crónica do que di a sentenza xudicial. Aquí a temos: «*En definitiva, hemos de concluir que, aunque estuviera sometido el proyecto de trazado íntegramente a la Ley de carreteras entonces vigente, el mismo debió de ser aprobado en el Consello de la Xunta*». E isto son as consecuencias da sentenza, é o que di a sentenza xudicial.

Como consecuencia, o proxecto de trazado, que nós tamén aprobamos, foi aprobado polo Bipartito —non creo que sexa un perigo dicilo— e aprobado tamén e ratificado por nós, polo tanto, tanto polos técnicos anteriores no ano 2009 como polos técnicos de agora, con DIA, con

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

declaración de impacto ambiental —que entenda vostede que respectará a declaración de impacto ambiental, ademais da seguridade viaria nos proxectos de trazado—. Houbo ofensivas xudiciais, diferentes ofensivas xudiciais, incluso polo penal, sobre esta obra que nós cremos que é fundamental. É necesario executar cun proxecto de trazado, avaliado con análise multicriterio, onde coincidimos; pero é que o Goberno bipartito e este goberno coincidimos nese trazado que agora está en cuestión por un defecto de forma, de procedemento, e non do fondo.

E nós ¿que imos facer? Pois afrontalo con seriedade e con responsabilidade, señoría, porque non podía ser doutro xeito. Nós queremos investir 40 millóns de euros, pero non nos deixan. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Pero non están aí licitados, adxudicados, retidos, con RC! ¡40 millóns de euros! E ¿que imos facer? Pois buscar solucións, coma sempre, porque nós somos un goberno que busca solucións. Acataremos as sentenzas xudiciais, por suposto que si, e reservarémonos o dereito a recorrelas no caso de que a Asesoría Xurídica aconselle recorrelas, por suposto que si.

E, dende logo, o primeiro, intentar rematar polo menos a conexión coa N-VI, porque a seguridade viaria para nós —para outros non— é realmente importante, rematar a N-VI *(Murmurios.)* para ese enlace. Ao mellor a outros a seguridade viaria non lles importa, a min dende logo impórtame. E por suposto que non avanzaremos ningún centímetro máis ata ter as garantías xudiciais, porque está claro que hai ofensivas xudiciais e seguiremos tendo recursos. E creo que en todos estes vinte anos de traballo é incalculable o custo e, polo tanto, non imos avanzar ningún centímetro máis mentres non haxa garantías xudiciais de rematar a N-VI.

E volvo insistir: eu invítoo a que colla un plano, mire o trazado e colla o DOG do ano 2009 e vexa que o trazado é aprobado polo Bipartito e por esta Xunta de Galicia, *(Murmurios.)* e vai polas Gándaras. ¿Por que? Porque é moito máis seguro e ten moita menos afección territorial.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Ovidio Rodeiro Tato e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os principais factores que teñen contribuído a reducir a taxa de abandono escolar nos últimos anos

O señor PRESIDENTE: Señor Rodeiro, cando queira.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor conselleiro, o abandono escolar temperán é unha das problemáticas máis senlleiras do sistema educativo, porque supón que os alumnos abandonan os seus estudos sen acadar

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a acreditación oficial dos mesmos. Non hai nada que xere máis desigualdade e falta de oportunidades para os alumnos que unha elevada taxa de abandono escolar, polas enormes dificultades que supón de cara á inserción laboral, e mesmo tense plantexado que o abandono escolar é a antesala de patoloxías sociais e de marxinalidade.

No ano 2005 Galicia camiñaba nunha traxectoria descendente en canto á taxa de abandono escolar se refire, situándose neste ano 2005 no 22 %. Nos seguintes catro anos incrementouse ano a ano o abandono escolar, para situarse no ano 2009 nunha taxa moi alta, de case o 26 %, concretamente o 25,8 %. Este incremento supuxo no período do Bipartito, 2005-2009, unha subida de catro puntos da taxa de abandono escolar, a pesar de ser a etapa autonómica de maior bonanza económica e, polo tanto, con moito máis orzamento que nos anos posteriores.

Comeza despois deste período unha baixada espectacular. Este descenso tan importante da taxa de abandono escolar é o resultado da aplicación dun modelo educativo impulsado desde o 2009 tendente a corrixir unha das maiores lacras e debilidades de calquera sistema educativo; un modelo educativo que aposta pola cultura do esforzo, como fan os países máis avanzados, máis innovadores, competitivos e transformadores. Porque o fracaso escolar soluciónase fomentando a cultura do esforzo e non rebaixando o nivel por abaixo, como fai a esquerda cada vez que goberna.

Por este motivo é polo que formulamos a seguinte pregunta: señor conselleiro, ¿cales son os principais factores que, en opinión da Xunta de Galicia, teñen contribuído a reducir a taxa de abandono escolar nos derradeiros anos?

Máis nada, presidente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, a verdade é que vostede fai un deseño dun escenario no que certamente os datos demostran dúas formas moi diferentes de facer política. É certo que no ano 2021 estamos acadando o abandono escolar máis baixo da nosa historia recente, en concreto un 8,1 %. E é certo tamén que no ano 2009, é dicir, no cambio de goberno dende o Bipartito ata o inicio do Goberno Feijóo, estabamos nun 26 %, incrementándose nunha media dun punto por ano durante o Goberno bipartito, pese a ter un investimento tremendamente importante neste momento. E a partir dese ano, do ano 2009, hai unha redución progresiva e cunha dinámica constante ata chegar á situación actual.

Estamos a falar practicamente dunha redución de dezaoito puntos, unha redución que contrasta cos datos anteriores, e que, evidentemente, é o resultado da suma dun esforzo colec-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tivo do conxunto da comunidade educativa. Por unha parte, da propia Administración, sen dúbida, pero sobre todo do traballo e do esforzo dos equipos directivos, dos docentes, das familias. En definitiva, da posta en marcha dunha serie de proxectos, de programas —ben recollidos polo profesorado, ben recollidos polos centros— que nos posibilitou ir dando pasos para reducir e baixar unha das cuestións máis preocupantes no sistema educativo como é, sen dúbida, o abandono escolar. ¿Que significa? Que se enviaban á rúa centos de xoves, miles de xoves, sen ningún tipo de formación, encamiñándoos a uns itinerarios vitais pois francamente complexos.

Obviamente, isto non é froito da casualidade. Isto require moito esforzo, require moita planificación, require moito traballo. Require tamén a posta en marcha de proxectos educativos, ben acollidos, que deron resultados. Podemos falar dos contratos programa, do Plan Recupera, orientados á potenciación das competencias no alumnado que máis o precisa. Falamos de programas de innovación, ben acollidos polo profesorado. Falamos tamén de estratexias vitais nos últimos anos, como é a Estratexia plurilingüe, como é a Estratexia de ensino dixital, como son tamén os programas de atención á diversidade, sendo a comunidade autónoma que máis alumnos ten integrados no sistema educativo. Fixemos unha aposta tremendamente forte pola formación profesional; a formación profesional ten avanzado moi notablemente nos últimos anos; a empregabilidade, a adaptación ao mercado de traballo.

En definitiva, require dar certezas ao conxunto do sistema educativo para que se poida avanzar nunha variable tan importante, tan fundamental como é a redución do fracaso escolar.

Dito isto, estamos preocupados e preocúpanos o actual marco educativo, onde estamos a entrar nunha dinámica de incerteza motivada polo Goberno do Estado, que, obviamente, plantexa unha serie de iniciativas que van en contra...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...precisamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)

Grazas.

(Aplausos.)

Réplica, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Grazas, señor presidente.

Este grupo parlamentario quere, dalgún xeito, felicitar o traballo de toda a comunidade educativa por lograr que Galicia teña neste momento esa taxa máis baixa de abandono escolar

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da nosa historia. Porque, efectivamente, cando gobernaba a esquerda, en vez de reducir a taxa, pois subía do 22 % ao 26 %, fronte ao goberno do Partido Popular, que mentres subía 1 punto, agora baixa 1,5 puntos de media por ano. Creo que é un dato relevante e moi significativo. E, desde logo, estes datos acreditan dúas formas, dous modelos educativos radicalmente distintos. Mentres o modelo do Partido Popular aposta por fomentar a cultura do esforzo, aposta por programas de reforzo, aposta por axudar a quen máis o precisa, o modelo da esquerda aposta por resolver a taxa do abandono escolar impoñendo por decreto o aprobado xeral, no que dá igual aprobar que suspender, no que dá igual estudar que non estudar, no que se eliminan os exames de recuperación na ESO e no que se facilita titular sen límite de suspensos.

O modelo da esquerda aposta por unha política educativa de costas ás comunidades autónomas, como fixeron tamén coa lei LOMLOE, que o único que aportaba, ademais de arreglarlles aos independentistas cataláns a imposición lingüística, era un calendario precipitado que agora son incapaces de cumprir e que compromete o inicio do próximo curso escolar polos retrasos nos currículos. É unha cuestión moi grave na que nos gustaría que afondara, señor conselleiro, polas consecuencias que pode ter este grave retraso e incumprimento por parte do Ministerio.

Máis nada, presidente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Peche da pregunta polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, certamente hai dous modelos de política educativa, a que practica o Partido Popular, que se basea no esforzo, que se basea na calidade, persegue a equidade, a igualdade de oportunidades, a educación en valores e os resultados; e a que estamos vendo que está implementando o Partido Socialista, que devalúa todo o anterior, se basea no «facilismo», no «que máis dá», con diferentes aspectos que certifican o que estamos a dicir. Vostede dixo algún: podemos pasar de curso con independencia das asignaturas aprobadas ou suspensas, redúcense contidos, redúcese coñecemento, suspéndense os exames de recuperación, non hai nota numérica na secundaria; en definitiva, unha devaluación do sistema sen que importen os resultados. E eu sempre digo: ¿cales son as comunidades autónomas de España con mellores resultados educativos? A resposta é sencilla: Galicia e Castela-León, gobernadas ambas polo Partido Popular.

Certezas, temos que dar certezas. O desenvolvemento da actual lei xera unha enorme improvisación, é unha mala lei que se está desenvolvendo dun xeito improvisado. E aquí hai dous problemas fundamentais, un de forma e un de fondo. O de forma estámolo vendo nestes días. Hoxe, xa practicamente na Semana Santa, vén de aprobarse o currículo de bacharelato incumprindo

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os propios prazos que se daba o Ministerio, cunha consecuencia derivada deste retraso, derivada desta tardanza, que xa temos dito en varias ocasións. E é que hai uns borradores que por encima non coinciden co que se publica e que realmente van xerar sen dúbida un gran estrés no sistema educativo —no profesorado, na organización de centros, na formación do profesorado; é dicir, nas diferentes variables que conflúen na conformación do propio espazo—.

E tamén hai unha debilidade tremenda no fondo, nos contidos, devalúanse os contidos. Hoxe mesmo coñeciamos que os contidos de historia de España comezan en La Pepa, na Constitución de Cádiz, no ano 1812, todo o anterior non existe para a formación dos españois, e dos galegos, por extensión. ¿Que imos facer desde Galicia? Desde Galicia, por suposto, imos trasladar coñecementos previos ao ano 1812 aos nosos estudantes. Non podemos permitir que un estudante galego que se diga formado en historia de España non coñeza os Reis Católicos, non coñeza os Austrias, non coñeza a formación do Estado liberal, non coñeza todo o que ten que ver coa desaparición do Antigo Réxime. Son elementos básicos e fundamentais, e, se non se coñecen, é moi fácil manipular as futuras xeracións. E é algo que nós non queremos, queremos que as futuras xeracións de galegos e españois teñan coñecementos, teñan capacidade de crítica, teñan liberdade, en definitiva, para elixir. E por iso cremos que estes currículos son malos na forma e no fondo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Está entendido, grazas.

(Aplausos.)

Pregunta de Dª Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as axudas en materia de vivenda dirixidas a mulleres en situación de violencia machista

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleira.

Vostede sábeo pero, para quen non o coñeza, en Galiza existen dous tipos de axuda en materia de vivenda para o pagamento do alugueiro dirixidos a mulleres en situación de violencia machista. Unha é o bono alugueiro da Xunta, ao que poden acceder aquelas mulleres que, ademais de ter acreditada a condición de vítimas, estivesen en pisos ou centros de acollida por un período de dous meses. A segunda é o bono alugueiro con cargo aos orzamentos do Pacto de Estado contra a violencia machista, ao que poden acceder todas as mulleres en situación de violencia que teñan acreditada esta condición de vítima.

Hoxe preguntamos desde o Bloque especificamente por esta segunda liña de axudas, as do Pacto de Estado, que a Xunta non convocou para 2022 e para as que tampouco se están a tramitar as correspondentes prórrogas.

As mulleres —vostede sábeo— teñen dereito a percibir esta axuda durante tres anos como máximo. Este retraso fai que, primeiro, ningunha muller neste país puidese solicitar a axuda

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desde o 10 de decembro de 2021; é dicir, desde hai catro meses non se pode incorporar ningunha muller ao programa. E a violencia machista —estarán de acordo comigo— non entende de calendarios administrativos, nin hai catro meses ao ano nos que non se produza. *(Aplausos.)*

E a segunda consecuencia é que tampouco están aboando vostedes os pagos correspondentes ao alugueiro de xaneiro, febreiro e marzo de 2022, co que iso supón para mulleres con dereito á prórroga que teñen todos os informes e documentación presentada no Instituto Galego de Vivenda e Solo por parte dos servizos sociais.

Isto non é novo e desde o BNG trasladámosllo xa hai un ano á secretaria xeral de Igualdade en comisión, no debate do informe anual de seguimento da lei. Advertímolos dos retrasos e dos problemas que arrastran estas axudas, tanto as da Xunta coma as do Estado. E as persoas arrendatarias néganse a alugar a mulleres nesta situación porque non ven garantidos os cobros mes a mes do alugueiro. A Xunta, como vemos, non axuda a dar seguridade.

Os fondos do Pacto de Estado contra a violencia machista foron distribuídos por acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade no *Boletín Oficial do Estado* do 10 de marzo, hai case un mes. Hoxe o que lles pedimos é fácil. Primeiro, que convoquen xa as axudas para 2022 e tramiten as prórrogas que veñen xa da convocatoria previa. E, en segundo lugar —e o máis importante—, que hai que modificar a base da convocatoria das propias axudas para que non haxa meses en branco, para que ningunha muller teña que esperar catro meses a que a Xunta decida convocar novas axudas para incorporarse. Evitemos así a revitimización de mulleres, que xa teñen abondo con superar unha situación psicolóxica e física moi dura. A Xunta, a Administración pública, ten que axudar a saír dela, non a agravar máis esa situación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Como muller e como membro do Executivo teño que dicir que non se pode poñer en dúbida nunca o firme compromiso do Goberno galego coas mulleres vítimas de violencia de xénero; ao igual que o apoio que temos que dar, indiscutible e irrenunciable, á súa familia, aos seus fillos e ás súas fillas. E, por suposto, iso supón proporcionarlles unha vivenda cando a necesitan. E nesa liña é na que estamos traballando, traballando arreo, con axudas para que poidan acceder a un fogar no que poidan continuar as súas vidas. De feito, as mulleres vítimas de violencia de xénero, á parte das liñas específicas, como as dúas que acaba de dar a coñecer vostede —e que son coñecidas por todos os que aquí estamos—, teñen carácter preferente en gran parte de todas as axudas que saca o Instituto Galego da Vivenda e o Solo para acceder a unha vivenda ou para alugar unha vivenda.

Pero temos dúas axudas específicas para as vítimas de violencia de xénero, unha é o bono alugueiro social —liña que, efectivamente, está orientada a mulleres que estiveron en réxime de protección—. Esta liña sacouse o 30 de decembro de 2021, cun orzamento de 860.000

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

euros. Estes son orzamentos que se amplían en función das necesidades e ogallá que non teñamos que amplialos, porque sería un bo sinal. As solicitudes poden presentarse, puideron presentarse, a partir do 3 de xaneiro e son axudas que están abertas todo o ano. Por terceiro ano consecutivo, facémonos cargo ao cento por cento, porque houbo unha pandemia, porque a inflación está desbocada e porque a situación este ano segue sendo grave.

E, por outro lado, contamos, efectivamente, co bono alugueiro de vítimas de violencia de xénero que se puxo en marcha no ano 2019 e ao que poden acceder mulleres vítimas de violencia de xénero, mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual, as mulleres que padeceron violencia vicaria, ou violencia por interpósita, con resultado de morte, e as fillas e fillos menores de 30 anos destas vítimas mortais por violencia de xénero. Como ben sabe, esta axuda que levamos concedendo durante catro anos está financiada cos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Levamos meses pendentes do Goberno central e da súa relación. Acabábase o pacto, en xaneiro tiñamos que ter claridade sobre o que ía acontecer e ¿sabe cando obtivemos resposta? Hai exactamente catro días, o 31 de marzo. Ata o 31 de marzo non había garantías da continuidade deste pacto e dos seus fondos. E o que hai agora é un compromiso expreso en conferencia sectorial pero que aínda non está pechado. Vai haber aínda un grupo de traballo para levalo a cabo.

O que si lle podo garantir é que isto non se pode demorar máis e que é algo que tamén deberían trasladar vostedes, igual que estamos trasladando nós, ao Goberno central. Porque con isto non se xoga.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, de momento sei ler o DOG, grazas. Eu esperaba que vostede tamén tivera capacidade para ler o *Boletín Oficial do Estado* que eu lle acabo de referir, do 10 de marzo, onde aparecen os fondos correspondentes a Galiza e ás demais comunidades e cidades autónomas a partir da súa entrada en vigor.

O Pacto de Estado acaba en decembro de 2022, iso é así, sabémolo todos desde que se aprobou no ano 2017. E cónstannos —a vostedes tamén— que xa están traballando na renovación. Pero, fóra diso, o que eu lle estou preguntando é cando van convocar as axudas e tramitar as prórrogas cos fondos que xa teñen, e ás que teñen dereito as vítimas de violencia machista xa no día de hoxe conforme a convocatoria que remataba e finalizaba en decembro de 2021.

Traballando non están, porque, se estiveran traballando, estarían tramitando estas prórrogas e non dilatando catro meses, ¡catro meses!, os pagos aos que teñen dereito estas mulleres. *(Aplausos.)*

Eu trouxen aquí un caso, díxenllo antes pola mañá, lémbreo. Teño un caso das axudas ás que ten dereito unha muller —que ademais foi o caso que lle puxemos naquel momento á

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

secretaria xeral de Igualdade—. É veciña de Santiago, vítima de violencia machista, un grao de discapacidade do 39 %, unha muller que vive cunha pensión compensatoria, segundo poñen os papeis do xulgado, de 470 euros —sabemos que moitas veces os homes non pagan—. Paga un alugueiro de 250 dunha vivenda considerada polos servizos sociais de Santiago —abro aspas— «en condicións de habitabilidade moi malas». Ten dereito e leva un ano agardando nese rexistro de demandantes de vivenda do que se falaba desde o BNG pola mañá sendo colectivo prioritario. E insístolle nesta cuestión. Trouxemos un caso pero son centos, polos datos das convocatorias que si chegaron e os datos que se remitiron a esta Cámara. ¿Vostede cre que xente nesta situación, que mulleres nesta situación, poden estar agardando meses a que a Xunta convoque as axudas e a que, ademais, tramite as prórrogas ás que teñen dereito durante tres anos estas mulleres?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil. *(Aplausos.)*

Peche da pregunta pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Señora Rodil, a verdade é que sabemos ler vostede e mais eu. Máis vale. E agora sabe ler todo o mundo en Galicia. Distinto é a interpretación que se faga. O que sae no BOE son as prórrogas, e as prórrogas están garantidas, señora Rodil, ¡son as prórrogas! O que faltan son os fondos que non son de prórrogas, e, como xa lle dixen, a comunicación é do 30 de marzo, de hai exactamente catro días, e que se vai convocar unha comisión de traballo. As comunidades autónomas instaban o Goberno central. ¡Por favor, fágano vostedes! ¡É que forman parte dese goberno! ¿Ou é que se olvidan de que os apoian nas decisións, que se olvidan de que son capaces incluso de non votar en contra da Lei de vivenda, esa lei de vivenda que dá inseguridade xurídica e que provoca que esas vivendas que están baleiras ao final non saian ao mercado? Esa é a realidade.

Eu creo que lle dei cumprida información, e dentro desa información está o bono social alugueiro. Continuamos co cen por cento desas axudas para as mulleres. E o que si lle podo asegurar é que a todas as mulleres vítimas de violencia de xénero das cales ten coñecemento a Xunta de Galicia se lles busca unha solución habitacional, ¡a todas as mulleres vítimas de violencia de xénero!, ou ben a través dun bono ou ben a través de adxudicacións directas. *(Aplausos.)*

E o que tamén lle podo asegurar, señora Rodil, é que ningunha muller galega vítima de violencia de xénero pode ser desafiuzada en Galicia. Esa é a realidade, non poden ser desafiuzadas en Galicia aquelas mulleres das cales por parte da Xunta de Galicia temos coñecemento. Polo tanto, seguiremos traballando.

E, efectivamente, hai un pacto de Estado, pacto de Estado que remataba. E ¿quérenme dicir o que estiveron facendo ata o de agora? ¡É un pacto de Estado, é do Goberno central! E non me diga «si», porque vostedes forman parte del. E son recursos que lles teñen que vir ás comunidade autónomas. Garantíronnos eses fondos o 30 de marzo. E, aínda así, o que tamén lles podo garantir é que, se non acaban chegando eses fondos á Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia habilitará os fondos, porque esas mulleres non van quedar na estacada. Esa é a realidade.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, nos estamos preparados para sacar a convocatoria, o problema está no recurso, o problema está no fondo. E igual ca nós está o resto de comunidades autónomas. Aquel que depende directamente de nós —que é o bono social alugueiro— sacouse o 30 de marzo, pode solicitarse dende o 3 de xaneiro e son convocatorias que están abertas. Porque, efectivamente, estas mulleres non poden agardar, porque a violencia de xénero non ten mes nin ten hora nin ten día. Esa é a realidade, pero iso trasládenllo vostedes ao Goberno central. É un pacto de Estado, ¿por que non llo trasladan? Eu estou de acordo con vostede. O único que lle digo é que tenda a man, vaiamos da man...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

(Aplausos.)

Pregunta de Dª María González Albert e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos da inacción da Xunta de Galicia ante os impagos da empresa de seguridade privada dos hospitais públicos de Valdeorras e Verín aos seus traballadores

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Boa tarde.

Antes de máis quixera saudar os traballadores de seguridade do Hospital Público de Valdeorras, que fixeron un esforzo de desprazarse ata aquí esta tarde para saber o que acontece cos seus postos de traballo.

Hoxe ímoslle preguntar, señor conselleiro, que está a facer a Xunta de Galiza para garantir o cobro dos salarios deses traballadores do servizo de seguridade, non só do Hospital Público de Valdeorras senón tamén do Hospital Público de Verín. E téñolle que dicir que veño triste a esta sesión, veño triste e veño, ademais, moi enfadada. E veño triste e enfadada porque máis unha vez a Xunta de Galiza, o meu goberno, está a facer deixación das súas funcións.

Estou moi enfadada porque esta pregunta nunca tería que ter chegado a este Pleno, porque, como vimos esta mesma mañá, temos que agardar a que esta pregunta do BNG apareza na orde do día para que vostedes movan un dedo. Iso é, señor conselleiro, unha auténtica indecencia. *(Aplausos.)* Este problema tiña que estar resolto hai dous meses. E estaría resolto se a Xunta, se o Partido Popular, estivera dedicado a gobernar e non a andar de Feira de Abril por España adiante.

Hai corenta e cinco días que o BNG rexistrou esta cuestión. Naquel momento a empresa Mersant Seguridade debía unha única mensualidade aos traballadores destes hospitais públicos. Estamos agora mesmo en abril e xa son tres meses, tres meses e medio sen cobrar. Este feito, que xa sería insustentábel para calquera familia traballadora nunha situación normal, vólvese absolutamente dramático nunha cuestión de inflación e suba de prezos xeneralizada como a que estamos a vivir. E ¿que fixo a Xunta de Galicia en todo este tempo? Absolutamente nada. Desentendeuse do problema, déronlle largas ao persoal do servizo e

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

emprazáronnos a que emprendan futuras reclamacións xudiciais. E mentres, neste tempo, no Hospital de Valdeorras, por exemplo, vimos celadores facendo labor de gardas de seguridade, unha agresión a un facultativo, un auténtico despropósito, señor conselleiro. E voulle aforrar o bochorno de relatar aquí as argumentacións que as persoas responsábeis da EOXI están a dar durante todo este tempo aos vixilantes de seguridade, porque son absolutamente bochornosas.

Vostede sabe mellor ca min que chove sobre mollado nesta problemática en Valdeorras e Verín, que o anterior contrato de seguridade xa tivo que ser xudicializado por parte dos traballadores despois de ¡cinco meses!, cinco meses sen cobrar e sen que a Xunta lles aportara ningunha solución, e que eses procesos remataron coa condena á empresa e condena ao Sergas —que ademais foi declarada responsable subsidiaria—. E estamos a falar de sentenzas de febreiro de 2021. Vostedes non comezaron a aboar o que mandaba esa sentenza ata novembro. Nove meses estiveron agardando os traballadores a que vostedes efectuasen ese pago. *(Aplausos.)* Iso si, tampouco pagaron o total da débeda, tiveron que recibir un requirimento xudicial posterior para aboar ese cen por cento —que, por certo, xa está no xulgado pero que os traballadores aínda non recibiron—.

O que ten que facer o Sergas, a responsabilidade do Sergas, é non abandonar os traballadores á súa sorte, porque é a súa responsabilidade, señor conselleiro. Lémbrolle que estamos a falar de dez familias afectadas pola complicidade do Sergas con esta empresa pirata. Non é defendible que o *modus operandi* sexa sempre a inacción e o abandono dos traballadores, que ficaron totalmente indefensos ante a súa pasividade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora González, precisamente en relación co contrato anterior, ao que vostede facía referencia na súa pregunta, foron as medidas que se tomaron de xeito cautelar dende a Consellería de Sanidade, como a retención do pago das facturas ou a incautación da garantía, as que permitiron que os traballadores cobraran o total do que lles debía a empresa.

Respecto do actual contrato, é no mes de decembro de 2021 cando se traslada a primeira denuncia ante a Inspección de Traballo respecto do impago das nóminas —neste caso dos traballadores en todo o ámbito nacional, non unicamente dos traballadores dos servizos dos hospitais de Verín ou do Barco de Valdeorras—.

Unha vez que se ten constancia desta denuncia, a primeira medida que se adopta, conforme o principio de conservación do contrato, é a apertura do procedemento de imposición da correspondente penalidade. Así, esta finaliza mediante resolución administrativa o 3 de marzo deste ano, señora González, na que se declara falta moi grave. E tamén se adopta como me-

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dida cautelar —novamente medida cautelar— non devolver a garantía definitiva ata que non se acredite polo contratista o cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

E ante as novas incidencias que se detectan respecto da execución do contrato —atraso no aboamento do salario de decembro de 2021, falta de pagamento de nóminas de xaneiro e febreiro deste ano, ou a falta de cobertura de dous postos de traballo en situación de baixa laboral—, o pasado 4 de marzo ditase acordo de inicio de procedemento de resolución de contrato con adopción das seguintes medidas cautelares: reter as cantidades debidas ao contratista polo servizo prestado para garantir o pago dos salarios debidos aos traballadores adscritos a este contrato, reter a garantía definitiva ata que se acredite polo contratista o cumprimento tanto das súas obrigas salariais como coa Seguridade Social, así como a satisfacción do importe da indemnización polos danos e prexuízos que se lle ocasionan neste caso á Administración autonómica ata o instante mesmo da resolución do contrato.

O 15 de marzo mantívose unha reunión cos traballadores adscritos ao contrato para informalos sobre as actuacións que se realizaban ata ese momento. Tamén se lles trasladou nese momento, e llelo traslado agora a vostedes, a este Pleno, por suposto, que foron os poucos traballadores desta empresa en toda España que cobraron as nóminas nos meses de novembro e decembro de 2021.

Como ve, señora González, a inacción pola que vostede pregunta non é tal —sinto desmontarlle os argumentos, menos a relación coa Feira de Abril, que non sei ao que vén— senón que, tal e como lle acabo de enumerar, se tomaron todas as medidas e as decisións que nos permite o recollido no prego de contratación e na Lei de contratos do sector público.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica da señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Señor conselleiro, esta xente leva tres meses sen cobrar, ¡levan tres meses sen cobrar!, e vostedes teñen unha responsabilidade, porque vostedes son os titulares do servizo. *(Aplausos.)* ¿Iso é traballar polos traballadores dos hospitais públicos de Valdeorras e de Verín? Vostedes teñen unha obriga con esas persoas. E eu pregúntolle se vostedes aboaron as facturas de xaneiro e febreiro a esa empresa e por que non vincularon o pagamento desas facturas a que se efectuase o pagamento dos salarios a eses traballadores. A empresa Mersant leva na lista de empresas morosas de Facenda desde agosto de 2021. *(Aplausos.)* E eu pregúntolle se vostedes fixeron un seguimento, desde ese momento, do que estaba a facer esa empresa co diñeiro que recibía de todas as galegas e dos galegos, porque é diñeiro das galegas e dos galegos.

Esa empresa estreouse no servizo, cando empezou a facer este traballo, incumprindo a Lei de contratos e aboando tarde os salarios aos traballadores. Non había que ser, desde logo, moi perspicaz para intuír que a cousa non ía ir sobre rodas.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, mire, hai que deixar de mentirlle á xente, de dicirlles aos traballadores que con isto non se podía rescindir o contrato. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, artigo 211, *Causas de resolución dos contratos públicos*, punto i): «O impago durante a execución do contrato dos salarios por parte dos contratistas aos traballadores que estivesen participando na mesma». Vostedes tiñan todas as ferramentas para rescindir este contrato antes e non lles deu a gana de facelo, como si fixeron outras consellerías —por certo, tamén por iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, porque aquí ata que as cousas non veñen ao Parlamento de Galiza vostedes non moven un dedo—. *(Aplausos.)*

Esta empresa tivo unha sanción, como vostede dixo agora, por falta moi grave no pagamento en decembro, e estamos en abril e os traballadores seguen sen cobrar os seus salarios. O que estamos a falar aquí, señor conselleiro, é de persoas, de xente traballadora que ten que cobrar, que ten dereito a cobrar polo seu traballo. E repito que non é a primeira vez que se atopan nesta situación. ¿Vostede quere que en 2024 de novo quen estea neste Parlamento teña un debate similar coa nova empresa que entra agora a exercer este contrato tamén en precario, unha nova empresa pirata?

O que teñen que facer desde a Consellería é garantir os dereitos laborais dos seus traballadores fundamentais, facéndose cargo directamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Albert.

Grazas.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: ...deste servizo e garantindo que os traballadores.... *(A señora González Albert segue o seu discurso pero non se percibe.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

Peche desta pregunta polo conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señora González, non sei que parte da miña anterior resposta non escoitou ben, ao mellor téñolla que repetir. Xa llas expliquei... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa, o da Feira de Abril seguro que mo escoitou ben. Quero volver insistirlle nas medidas que acabo de relatar, que se fixeron para garantir a retención, esas medidas cautelares que lle acabo de explicar. E repítolle que llas remitirei por escrito.

Respecto da situación actual, agora mesmo estase tramitando o procedemento de resolución do contrato. Falei do 3 de marzo, do 4 de marzo e do 15 de marzo. E hoxe, no día no que estamos, estase tramitando ese procedemento de resolución do contrato despois dos graves incumprimentos —estamos totalmente de acordo en que son graves incumprimentos, por suposto que si—. A pesar da falta colaboración por parte da empresa e de non comparecer en reunións convocadas, hai que levar a cabo —e eu sinto que vostede isto non o coñeza— uns trámites segundo o previsto na lei á que vostede facía referencia, e esgotando os prazos

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

previstos. Por iso se lle deu traslado ao contratista do borrador de proposta de resolución, para que efectúe as correspondentes alegacións. Nese borrador faise constar, entre outras medidas, a de intervir o contrato a través da contratación da prestación do servizo cun terceiro mediante un trámite de emerxencia —iso esperamos telo resolto neste mesmo mes— para garantir a súa continuidade, a continuidade do servizo, mentres se tramita o procedemento para adxudicar un novo contrato.

Unha vez que finalicen os trámites de audiencia, a proposta de resolución xunto coas alegacións que de ser o caso se efectúen, someteranse a un informe xurídico. ¿Non sei se sabe o que é iso? *(Protestas.)* E no caso de que o contratista manifestase a súa oposición...*(Proseguen os murmurios e protestas.)*

¡Presidente, por favor!

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!. ¡Silencio! É un debate... *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que no se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non me diga a min iso. ¿Que quere que lle diga? É un debate e punto. Acabouse. Está parado o tempo. *(Pronúncianse palabras que no se perciben.)*

¿Que quere que lle diga? Non foi un insulto, non é nada, é o debate parlamentario. ¿Que quere? ¡Por favor!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Aquí calquera pode... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Prosiga, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Aquí calquera pode falar da Lei de contratos do Estado sen coñecela e eu non podo dicir os pasos que ten esa lei. *(Aplausos.)* A lei di o que di, e esta proposta ten que ser sometida a un ditame do Consello Consultivo da Xunta de Galicia. ¿De acordo?

A situación da empresa a nivel nacional afecta tamén os traballadores que prestan os seus servizos nos dous centros da área sanitaria de Ourense, pero gustaríame destacar que, a pesar da situación actual, no momento da contratación —e esta é outra cuestión importante— a empresa cumpría todos os requisitos exixidos, polo que garantía a súa solvencia económica.

Queremos trasladarlles o noso compromiso, por unha banda, aos traballadores para garantir os seus dereitos, como quedou demostrado cos feitos que hoxe tratei de relatar aquí; e, por outra banda, o de contar cunha correcta prestación destes servizos, tanto en Verín coma no Barco, o antes posible. Iso si, faise moi lonxe da inacción da que vostedes nos acusan sen contemplacións, xa que, dende que se tivo coñecemento do problema, se levaron a cabo todas as accións previstas para darlles solución o antes posible a todos os traballadores e garantir, como dicía, a prestación do servizo, sempre, iso si, dentro da Lei de contratos do Estado.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Remata aquí o pleno e vémonos mañá na entrega das medallas.

Boa noite.

Remata a sesión ás cinco e catorce minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-P2pgTNKAy-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/